



aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

5

número especial
25 aniversario

aulas libres nº 5

EXTRAORDINARIO POLO 25 ANIVERSARIO DO STEG

Galiza, Outubro de 2015.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618


Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta. Tiraxe: 1200 exemplares

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 5 de outubro de 2015.

aulas 5 libres número especial 25 aniversario steg



2 editorial
Permanente do STEG

3 na prehistoria do STEG
(1972-1989)
Permanente do STEG

17 cronoloxía do steg
(1990-2015)
Permanente do STEG

47 historia viva do STEG

47 breve historia da ASIME
Antonio Veloso

48 conversa con Gavieiro
Lois, Francisco, Cabe

50 STEG de sueños cumpridos
Augusto Serrano e Joan Blanco

51 as mulleres do SGTE
María Álvarez Lires

52 SGTE: unha ollada sen
“melancunía”
Ramón Martínez
Rodríguez

53 un algo de arrecendo
Xabier Pérez Davila

54 a Luís Viz
Moncho Casado

STE que?
Francisco Legaspi

55 a nosa experiencia no STEG
Maiuca Cortón e Pepe Cabido

56 STEG:
un proxecto ilusionante
Gelo Peña Portomeñe

Fíxenme maior mentres o
STEG medraba
Branca Guerreiro

57 a miña aportación
Xoán Valiño

58 por que afiliarse? por que
liberarse?
Mercedes Alonso Padrón

59 eu e o STEG
Lucía F. López Pérez

60 texto literario
O sábado na escola
Ramón Cabanillas



editorial

Da confluencia de varias organizacións sindicais galegas de carácter autónomo e asembleario, como eran o Movemento de Mestres de Pontevedra/UCSTE (Unión Confederal de Sindicatos de Traballadores do Ensino), a UCSTE-Lugo, a ASIME (Asociación Sindical Independente de Mestres) e o SGTE (Sindicato Galego de Traballadores do Ensino) nacía en 1990, hai agora 25 anos, o Sindicato das Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Tal efeméride non podía pasar desapercibida para quen constituímos no presente as persoas continuadoras dese esforzo e desa ilusión colectiva alumeada hai vintecinco anos no Congreso fundacional de Poio.

Por iso Aulas Libres vístese de festa para a ocasión, duplica as súas páxinas habituais e acolle diversos materiais sobre o devir do STEG, que organizamos en tres grandes eixos: unha memoria gráfica da súa historia, que salfere todo o número, ilustrándoo; unha cronoloxía do seu desenvolvemento ao longo destes vintecinco anos pasados, que se remonta adrede ademais aos lustros inmediatamente anteriores, para dar conta de moitas circunstancias e antecedentes organizativos imprescindibles á hora de comprender os porqués do STEG; e, finalmente, un apartado que titulamos “Historia viva do STEG”, onde recolleemos a voz e o testemuño de persoas que xogaron papeis relevantes nalgún instante da historia do STEG (ou das organizacións antecedentes) e que responderon amabelmente á nosa solicitude de colaboración para este número.

De agradecer dun xeito moi especial son as achegas dalgunhas persoas que xa non están integradas nas fileiras do noso sindicato e que, non obstante, nun aceno que fala da súa xenerosidade, tiveron a ben axudarnos a facer máis completa a evocación.

Na nómina desas voces hai, loxicamente, ausencias inevitábeis, pois non están xa entre nós, infelizmente, persoas moi relevantes da nosa historia sindical (citemos só, a título de exemplo, Pepín Baldomir, Emilio Guerreiro, Luís Viz Santomé....), ás que levamos e levaremos no corazón e no recordo agradecido sempre.

Outras ausencias, voluntarias ou involuntarias, poderán repararse en vindeiros números de Aulas Libres, pois nada nos resultaría máis satisfactorio que comprobar que esta recompilación da memoria dos 25 anos de STEG que aquí presentamos é quen de suscitar en moitas outras persoas, afiliadas ou non, o desexo de completala e aquilatala máis e mellor, sequera sexa para poder editar materiais tan necesarios coma este en novas efemérides da nosa andaina.

Aulas Libres súmase, ademais, á conmemoración do primeiro centenario da edición do *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas neste 2015 reproducindo un emblemático poema do autor cambadés, “O sábado na escola”, que vai tamén en rendida homenaxe ao amigo e colaborador do STEG Luís Rei, que nos deixou para sempre en datas recentes.

Por último, cómpre sinalar que a efeméride do 25 aniversario do STEG cadra coa celebración do seu VIII Congreso, que ha ter lugar os días 23 e 24 de outubro en Ourense e no que o noso sindicato ten que facer as mudanzas e axustes necesarios para poder converter a súa realidade actual nunha alavanca para novos avances no inmediato futuro, sempre co norte da defensa do ensino público galego.

Non é pouco xa, neste sentido, o éxito acadado recentemente por STEG nas eleccións sindicais da Universidade de Vigo no sector de Persoal Docente e Investigador (PDI), que supoñen a entrada por vez primeira do noso sindicato nos órganos de representación do ámbito universitario e a ostentación da presidencia e a secretaría do comité de empresa de PDI na citada Universidade.

Coa memoria e a experiencia acumuladas nun cuarto de século, coa súa riola de acertos e fracasos, de crises e de avances, o STEG afronta un novo reto na súa xa non pequena andaina co desexo último de continuar sendo, como ata agora, ese imprescindible espazo sindical galego confederado, democrático, autónomo, independente, asembleario, feminista, laicista, nacionalista, progresista e de clase, para a defensa do ensino público, onde cada vez máis traballadoras e traballadores do ensino se sintan convocados e integrados.

MOVIMENTO DE MAESTROS II CONGRESO PONTEVEDRA

na “prehistoria” do steg

movimiento de maestros
pontevedra

ESTATUTOS

Aprobados por el PRIMER CONGRESO PROVINCIAL
DEL PROFESORADO DE E. G. B. de Pontevedra, cele-
brado en Vigo los días 28, 29 y 30 de Enero de 1977 y
presentados para su legalización



1972

30 de xaneiro, “Bloody Sunday” en Irlanda do Norte.

10 de marzo, abatidos pola policía franquista na ponte das Pías (Ferrol) os obreiros Amador e Daniel.

Folgas obreiras en Vigo no mes de setembro.

Atentados palestinos contra a delegación israelí nos Xogos Olímpicos de Munich.

Xosé Manuel Beiras publica *O atraso económico de Galicia*.

Nace, en decembro, ERGA (Estudiantes Revolucionarios Galegos).

1973

8 de abril: morre o pintor Pablo Picasso.

11 de setembro, golpe de estado do xeneral Pinochet contra o goberno de Salvador Allende.

Morren os poetas Pablo Neruda e Fermín Bouza Brei.

As tropas norteamericanas abandonan definitivamente Vietnam.

Guerra do Yom Kipur entre Exipto e Israel.

Atentado mortal de ETA contra o presidente de goberno franquista Carrero Blanco, o 20 de decembro.

Alonso Montero publica o seu *Informe - dramático - sobre la lengua gallega*.

A Agrupación Cultural Abrente, de Ribadavia, organiza a primeira edición da súa Mostra de Teatro.

1974

Impulsada pola Unión do Pobo Galego, nace en xullo deste ano a UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galiza), que fará parte pouco tempo despois do S.O.G.

25 de abril, “Revolução dos cravos” en Portugal: “O povo é quem mais ordena”.

Disólvese o grupo de cantautores galegos “Voces Ceibes”.

Morre o escritor Silvio Santiago.

1975

Nace en abril a Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG).

Nace en maio o Sindicato Obreiro Galego (S.O.G.), ao que se sumarán sindicatos sectoriais como UTEG (ensino), SGTM (mar), SGTS (sanidade) e STBG (banca).

Morre abatido pola policía en Ferrol, o 12 de agosto, Moncho Reboiras.

Morre executado o 27 de setembro Xosé Humberto Baena.

A UGT celebra o seu XXX Congreso.

Francisco Rodríguez, dirixente da UPG, é expedientado por solidarizarse cunha folga de PNNs e desterrado do Instituto de Cangas ao de Puerto Real (Cádiz). A mesma sanción de desterro élle imposta a Xesús Alonso Montero.

Morre o escritor e cineasta italiano Pier Paolo Pasolini.

Morre o 20 de novembro o ditador Francisco Franco Bahamonde. É proclamado rei de España o día 22 Juan Carlos de Borbón.

Os *Khmers Vermellos* toman o control de Cambodia, o 17 de abril.

Comeza a publicarse a revista infantil en galego *Vagalume*, que desaparecerá a finais de 1978.

Luís Emilio Batallán edita o disco *Aí vén o Maio* e Amancio Prada *Rosalía de Castro*.

1976

Nacen en diversos territorios do Estado español os primeiros Sindicatos de Traballadores do Ensino (STE) a partir das Coordinadoras de Ensinantes.

Constitúese en Pontevedra o Movemento de Mestres para a elección de representantes provisorios do corpo de profesorado de EXB nunha votación convocada polo Ministerio de Educación y Ciencia que se celebra no mes de maio.

Un decreto sobre cadros de persoal do goberno de Arias Navarro é o detonante en febreiro dunha folga de mestres que, iniciada en Pontevedra, logrou espallarse por todo o Estado.

Loitas dos PNNs pola estabilidade. Folgas de profesorado no ensino privado.

Maio: comeza a editarse o diario *El País*.

Revoltas en Soweto (Sudáfrica) contra o “apartheid”, no mes de xuño.

30 de xullo: promúlgase a Lei de Amnistía.

Retorna do exilio, en outubro, o president da Generalitat, Josep Tarradellas.

Francisco Rodríguez publica *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*.

Accidente e marea negra do petroleiro “Urquiola” na ría da Coruña, en maio.

Protestas veciñais contra a construción da Autoestrada do Atlántico.

Constitúese en xaneiro o Consello de Forzas Políticas Galegas, formado pola UPG, o PSG, o PGSD, o Partido Carlista e o MCG, que, non obstante, rompe en novembro deste mesmo ano. Publícanse en abril as Bases Constitucionais para a participación da Nación Galega nun Pacto Federal.

Constitúese en xullo a Táboa Democrática de Galicia, integrada polo PCE, o PSOE, o PSP, o PTE e a ORT.

Escisión na AN-PG: nace a Asemblea Popular Galega (APG) en outubro.

Nace AGM (Asociación Galega da Muller).

Fúndase o Museo do Pobo Galego.

Morren Ramón Otero Pedraio e Leandro Carré Alvarellos.

En agosto créase na Coruña a Asociación Cultural Alexandre Bóveda.

Morre o 8 de setembro Mao-Zedong.

Golpe de estado do xeneral Videla na Arxentina.

Jimmy Carter, presidente dos EE.UU.

“Marcha Verde” marroquí sobre o Sahara desde novembro de 1975, abandonado polos ocupantes hispanos. En resposta, a Frente Polisaria proclama a República Árabe Saharaí Democrática (RASD).

Referendo da Lei para a Reforma política, o 15 de decembro: na Galiza, 1.223.749 votos polo si, 24.595 polo non, 33.229 en branco e un 30'83% de abstención.

1977

1º Congreso da I.N.G. (Intersindical Nacional Galega), organización resultante da confluencia de S.O.G, SGTM, UTBG, UTSG e UTEG.

1º Congreso da UPG, aínda non legalizada.

Continúa o proceso de creación de STEs. Nace en Castela-A Mancha o SITRE, que se converterá en 1988 no STE-CLM. Nace en Canarias o STEPC. Nace en Asturias o SUATEA (Sindicato Unitario e Asembleario dos Traballadores do Ensino de Asturias).

O Movemento de Mestres de Pontevedra, que conta con aproximadamente 1000 afiliados/as, celebra en xaneiro, en Vigo, o seu 1º Congreso e elixe por votación de 116 compromisarios/as unha Comisión Xestora de dez membros, formada finalmente por José Lores Rosal, Antonio Rozas, Goya Monteagudo, Carlos Crespo Alfaya, Manuel Martín Otero, Celestino Lores Rosal, Miguel Cortegoso Freire, José Manuel Domínguez, Mª Carmen Fernández Barros e Blanca Souto.

Poucos días despois ten lugar a matanza de Atocha e no mes de abril é legalizado o PCE.

En abril, nace o Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG), integrado pola UPG e a AN-PG. Nace tamén a UPG-Liña Proletaria, liderada por Méndez Ferrín.



Constitúese o MOC (Movimento de Obxección de Conciencia).

O 15 de febreiro os veciños da parroquia das Encrobas (Cerceda), coa axuda do seu crego Moncho Valcarce, opóñense á expropiación das súas terras por parte de FENOSA. O 10 de abril ten lugar a marcha desde Viveiro ata Xove para protestar contra o proxecto de instalación dunha central nuclear na zona. O 8 de maio prodúcese unha batalla campal entre a Garda Civil e os veciños das marismas de Baldaio, entregadas para a súa explotación a unha empresa areeira.

En maio fica disolto o sindicato vertical franquista do ensino, o S.E.M. (Servicio Español del Magisterio) e celébrase “legalmente”, por primeira vez en décadas, o 1º de Maio.

O 12 de Maio a Asemblea Provincial do Movemento de Mestres de Pontevedra elixe o seu Comité provincial. Como representante da provincia figura José Lores Rosal (que dimitirá ao ano seguinte para candidatar ao Senado por unha determinada opción política) e como representantes comarcais Benigno Rey Sarmiento (que asumirá o posto deixado por Lores Rosal), José M. Domínguez, Jesús Batán, Juan Vázquez, Adolfo Parente Alberte, Mª Luísa Otero Urtaza, Teresa Lede Méndez, José Lucrecio Álvarez Pousa, Emilio Rivo Insuela e Antonio Vázquez.

Campaña de boicot ás oposicións como xeito de reivindicar a estabilidade dos/as PNNs.

A partir dunha folga de profesorado da privada e das asembleas e coordinadoras de mestres e PNNs que se constituíran ao longo deste ano **nace o SGTE (Sindicato Galego de Traballadores do Ensino)**, previa autoconvocatoria asinada por máis de 120 profesores e profesoras. Ao ano seguinte celebrará o seu I Congreso.

O 15 de xuño celébranse as primeiras eleccións xerais, que gaña UCD, con 33'4% do votos. Nesas comicios, na Galiza, o PSG obtén 27.336 votos (2'4%), o BN-PG 23.109 (2 %) e o PCG, 34.147 (3%). UCD obtén o 53'7% e 20 deputados polas circunscricións galegas; o PSOE o 15'5% e 3 deputados e AP o 13'1% e 4 deputados.

En setembro morre vítima da tortura o activista Steve Biko, do Congreso Nacional Africano.

En outubro asínanse os chamados “Pactos de la Moncloa” e nace o POG (Partido Obreiro Galego), liderado por Camilo Nogueira.

Bota a andar, impulsado polo sacerdote lugués Antonio Gandoy e co apoio pedagóxico de Ermitas Fernández e Lois Ferradás “Preescolar na Casa”.

En decembro comeza a publicarse o semanario *A Nosa Terra*.

Aparece a revista galeguista cristiá *Encrucillada*.

Emilio Cao edita o disco *Fonte do Araño* e Benedicto Pola *unión*.

Morren Elvis Presley, Groucho Marx e Charles Chaplin.

1978

Son legalizados en marzo os Estatutos do Movemento de Mestres de Pontevedra, que viña de elixir en xaneiro o seu Secretariado: José Lores Rosal, Celestino Lores Rosal, Manuel Martín Otero, J. Carlos Seoane, Manuel Barros, Benito Rivas Fontán, Benigno Rey Sarmiento, Emiliano Quintillán, Goya Monteagudo, Gustavo Chao, Rafael Lago Novás, Juan Francisco Centrón Montero, Javier Lores Rosal, Manuel Rodríguez, Tomás Ruibal Fernández, Ramón Paz Cousido, J. Antonio Meijón, Teresa Lede Méndez, Mª Luísa Otero, Guillermo Rodríguez, Enrique Otero González, Manuel Taín Ferreiro, Manuel Lago Lago, Lucrecio Álvarez Pousa, Emilio Rivo e José Lorenzo Feijoo.

Os STEs participan activamente na folga de abril, que consegue a dedicación exclusiva no EXB.

Nace formalmente o 18 de xaneiro a UCSTE, Unión Confederal de Sindicatos de Traballadores do Ensino. En febreiro celebra o seu primeiro Pleno Confederal. O 18 de novembro, o MM de Pontevedra, o SPPEXB de Lugo, o SGTE e o SPEXBTE de Ourense acordan formar un comité de enlace e solicitar formalmente a integración na UCSTE.

O Sindicato Galego de Traballadores do Ensino, SGTE, celebra o seu primeiro Congreso os días 1 e 2 de xullo de 1978. Un nutrido grupo de afiliados/as, sobre todo da zona de Ferrol, considerou esa convocatoria “precipitada” e as semanas previas ao Congreso foron de tenso debate interno. Os relatorios dese I Congreso foron redixidos por Antón Masa, Ramón López Facal, Antón Costa e José Carlos Sierra. Nos seus primeiros Estatutos, o SGTE definiuse como sindicato galego, unitario, autónomo, independente, democrático-assembleario e de clase. Tamén apostou por integrarse como membro de pleno dereito no proceso que conducirá, a nivel estatal, á creación da UCSTE.

Entre os principios organizativos e de acción sindical do SGTE subliñanse a pluralidade ideolóxica no marco do sindicalismo de clase, o carácter assembleario e democrático, a cesión do protagonismo aos colectivos na defensa das súas reivindicacións, a defensa dunha escola galega e dun marco galego de relacións laborais e a unidade solidaria cos traballadores e traballadoras do ensino do resto do Estado. Apóstase, asemade, pola democratización da xestión dos centros, pola galeguización do ensino, por un corpo único non xerarquizado de docentes, pola plena escolarización pública e gratuíta e pola desaparición das subvencións ao ensino privado.



Constitúese en Catalunya, en novembro, o sindicato USTEC.

Articúlanse a Federación de Ensino das CC.OO. en Galiza e a FETE-UGT galega.

Alentada pola UTEG, nace a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

Alentada polo PSG nace en abril “Escola Aberta”

Primeira licenciatura en Pedagogía, na USC.

Nace FIGA (Feministas Independentes Galegas).

O PSP de Tierno Galván intégrase no PSOE, o 29 de abril.

Ruptura no PSG de Xosé M. Beiras: un sector do partido, encabezado por Ceferino Díaz, González Laxe, Rodríguez Pardo, Xaime Barreiro e Xerardo Estévez, entre outras persoas, ingresa no PSOE.

A UPG-IP convértese en marzo no PGP (Partido Galego do Proletariado).

I Congreso das Comisións Labregas. Sindicato Labrego Galego (CCLL-SLG).

As “Brigatte Rosse” italianas asasinan o político democristián Aldo Moro, o 9 de maio.

O Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega comeza a editar a revista *As Roladas-2*, que se publicará ata 1981.

Primeira edición do Festival do Mundo Celta, en Ortigueira.

Créase na Coruña a “Escola Dramática Galega”, impulsada por Francisco Pillado, Antón Lamapereira e Manuel Lourenzo.

O grupo “Fuxan os Ventos” edita o disco *Sementeira*.

O 25 de xullo nace no Reino Unido o primeiro “bebé probeta”, por fertilización *in vitro*.

En marzo, “marea negra” nas costas bretoas, polo accidente do petroliero “Amoco Cádiz”.

Egipto e Israel asinan un tratado de paz, o 26 de marzo.

Desde o 16 de outubro, o polaco Karol Wojtyła é o novo Papa, co nome de Xoán Paulo II.

Referendo constitucional español, o 6 de decembro. Na Galiza, 947.305 votos si, 61.769 votos non, 53.916 votos en branco e un 49% de abstención.

1979

En xaneiro, revolución do imán Jomeini, en Irán. Proclámase a República Islámica.

En maio sube ao poder no Reino Unido Margaret Thatcher.

En xullo, a revolución sandinista pon fin á ditadura de Somoza en Nicaragua.

En agosto o IRA asasina a Lord Mountbatten, derradeiro virrei británico na India. Remata en Cambodia o rexime dos *Khmers Vermellos*.

En novembro a embaixada estadounidense en Teherán é asaltada pola multitude.

En decembro, a URSS invade Afganistán.

O grupo DOA edita o disco *O son da estrela oscura* e *A Roda Falemos galego*.

Primeiro disco do grupo “Milladoiro”: *A Galicia de Maeloc*.

Morren o filósofo Marcuse, o pintor e poeta Luís Seoane e os escritores Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro.

PRIMEIRO CONGRESO
LEHEN BILTZARRE NAGUSIA
PRIMER CONGRESO
PRIMER CONGRÈS
PRIMER CONGRESU
UCSTE
ponencias
Madrid 4-5-6-7 Enero 1979

boletín n.º 3



S.G.T.E.

UNION CONFEDERAL
DE SINDICATOS DE TRABAJADORES
DE LA ENSEÑANZA

ucste
MOVIMIENTO
DE MAESTROS



axuda: 5 pesos

Congreso

Xulio 1978

Os STEs respaldan as mobilizacións do profesorado provisional contra os desprazamentos forzosos e a prol do dereito a permanencia na comunidade de orixe.

Folgas contra o Estatuto de Centros promovido polo ministro Otero Novás, finalmente declarado inconstitucional.

A UCSTE celebra en Madrid, os días 3, 4, 5 e 6 de xaneiro deste ano, o seu Primeiro Congreso, baixo o lema: "POR LA UNIDAD DE LOS TRABAJADORES DE LA ENSEÑANZA. HACIA LA ESCUELA PÚBLICA". Asisten uns 400 delegados/as e fanse saúdos en todas as linguas faladas no Estado español.

Activistas feministas dos diversos STEs poñen en marcha o proceso que conducirá á creación de Secretarías da Muller dentro dos seus sindicatos. Na Galiza, xogarán un papel fundamental nese proceso dentro do SGTE, entre outras, Gloria Soneira e Mari Álvarez Lires.

En xuño nace *La Tiza*, boletín informativo da UCSTE, do que se editarían un total de 24 números, ata febreiro de 1983.

No seu II Congreso, que se celebra en Poio do 14 ao 17 de xuño coa participación de 34 compromisarios/as en nome de aproximadamente catrocentos afiliados/as, o **Movemento de Mestres de Pontevedra** reforma parcialmente os seus estatutos e debate un relatorio elaborado por Emiliano Quintillán sobre o proceso de integración na UCSTE. A posición do relator, que era contraria a esa integración, resulta finalmente vencedora. Na mesma cita congresual apróbase unha resolución que aposta pola constitución dun Sindicato Galego do Ensino de carácter asembleario e ábreanse conversas a tal fin co SGTE e co SPEXBATE de Ourense.

O MMP obtén unha vocalía na Xunta Provincial de MUFACE, en outubro.

Constitúese en xaneiro Unidade Galega, co apoio de PG, POG e PSG. Nace en abril a plataforma política independentista Galiza Ceibe (OLN). Celébranse o 25 de outubro os referendos autonómicos de Euskadi e Catalunya. No primeiro rexístrase unha participación do 58'85%, co 90'27% de votos afirmativos. No segundo, a abstención é do 39'5% e os votos favorábeis acadan a porcentaxe do 88'1%.

Nas eleccións xerais do 1 de marzo deste ano, vence a UCD (34'3%), seguida de PSOE (30%), PCE (10'6%) e CD-AP (5'6). Na Galiza, o PCG obtén 43.691 votos, UG 58.036 votos (5'3%) o BN-PG, 64.106 (5'9%), mais ningunha destas forzas consegue deputado. Os 27 escanos que corresponden por xunto ás catro circunscricións galegas son para Alianza Popular (13), UCD (5) e PSOE (9).



1980

Nacen as Edicións Xerais de Galicia.

Mª Xosé Queizán edita *Recuperemos as mans*.

Nace en maio a Asociación de Escritores en Lingua Galega, AELG.

A AS-PG comeza a editar a súa revista *O Ensino*.

Morren o filósofo Jean-Paul Sartre, o escritor Alejo Carpentier e os autores galegos Ramón de Valenzuela, Xosé Núñez Búa e Antón Alonso Ríos. Asasinato de John Lennon.

Congreso de unificación de I.N.G. e C.T.G., en outubro.

Constitúese a Confederación Sindical Galega (CSG), animada polo PGP e outros sectores.

Expediente á docente Xosefa Baamonde, de Dices-Rois, por impartir as aulas en galego.

UPG, AN-PG e PSG forman en xullo a "Mesa de Forzas Políticas Galegas".

Manifesto de Realidade Galega, en marzo.

"Pacto do Hostal" de UCD, AP, PSOE, PCG e PG para o Estatuto autonómico galego.

Asasinato ultradereitista de Yolanda González, militante do PST.

A policía practica 16 detencións en setembro en varias localidades galegas e dismantela o grupo LAR (Loita Armada Revolucionaria).

Nacen as XUGA (Xuntas Galegas pola Amnistía).

Xaneiro: comeza a tramitación da Lei do Divorcio, que tardará máis de ano e medio en aprobarse definitivamente.

Apróbase o Estatuto de los Trabajadores, o 26 de marzo.

Mobilizacións contra o Estatuto de Centros Escolares promovido pola UCD (LOECE).

Mobilización na Estrada contra a represión do uso do galego na escola.

Nace o STE de Cantabria.

O SGTE celebra o seu II Congreso e aproba a creación no seu seo dunha **Secretaría da Muller**, aínda que esta demorará varios cursos para articularse e comezar a funcionar.

24 de marzo: asasinato do arcebispo Romero, en El Salvador.

2 de setembro: nace o sindicato polaco "Solidariedade", en Gdansk.

Novembro: Ronald Reagan, novo presidente dos EE.UU.

Referendo autonómico na Galiza, o 21 de decembro: máis do 70% de abstención e maioría de votos afirmativos (448.383) fronte aos negativos (122.304), máis 28.459 votos en branco.

1981

O 1 de xaneiro faise efectivo o traspaso de competencias en educación ás comunidades autónomas vasca e catalá.

Demite como Presidente de Gobierno Adolfo Suárez o 29 de xaneiro.

3 de febreiro: os deputados de HB interrompen co canto do "Euzko Gudariak" o discurso do rei Juan Carlos I en Gernika.

Apróbase definitivamente a LOECE, o 13 de febreiro.

Instálase o "Gernika" de Picasso en Madrid.

Primeiros ordenadores persoais da IBM.

O 5 de maio morre en prisión, durante unha folga de fame, o activista do IRA Bobby Sands.

Mobilización en Padrón, o 1 de febreiro, contra a represión de docentes polo uso do galego nas aulas.

Nace a CONFAPA.

23-F: intento de golpe de estado protagonizado polo tenente coronel Tejero. O liberado da Comisión Permanente da UCSTE, Juan Zubillaga, deixa gravado no contestador telefónico un chamado á Folga Xeral.

Maio: saen á luz pública as primeiras vítimas da "colza" (envenenamento por consumo de aceite adulterado), que chegarán a ser máis de 20.000. Entre elas ha figurar o poeta galego Lois Pereiro.

ING e CGT adoptan a denominación única de I.N.T.G. (Intersindical Nacional de Traballadores Galegos).

Constitúese en marzo, como sucesor ampliado do POG, o partido da Esquerda Galega (EG).

Autodisólvese o PGP.

Comezan a editarse a revista feminista *Andaina* e o boletín galeguista e cristián *Irimia*.

Nace a Asociación Galega da Língua (AGAL).

María Manuela edita o disco *Idioma meu*.

Morren os escritores Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Emilio Pita e os cantantes George Brassens e Bob Marley.

Celébrase en Madrid, en marzo, o **Segundo Congreso da UCSTE**, baixo o lema "POR LA CONSOLIDACIÓN DE LA ALTERNATIVA PROGRESISTA Y UNITARIA EN LA ENSEÑANZA".

Promúlgase en abril, oficialmente, o Estatuto de Autonomía de Galiza.

Maio: François Mitterrand, presidente da república francesa.


Atentado de Alí Agcá contra o Papa Xoán Paulo II.

Agosto: entra en vigor a Lei do Divorcio.

Primeiras eleccións autonómicas galegas, en outubro: Bloque-PSG, 61.698 votos (6'3%) e tres escanos; EG, 33.407 votos (3'3%) e 1 escano. Maioría de AP (26 escanos, 30'5% dos votos) e UCD (24 escanos, 27'8% dos votos), máis 16



entre todos
ímolo conseguir



EDITA: SGTE

SGTE informa

SINDICATO GALEGO DE TRABALLADORES DO ENSINO

EXTRA CONGRESO

OUTUBRO-86



escanos do PSOE (19'6% dos votos) e 1 do PCG (2'9% dos votos). O PG ficou fóra do Parlamento, con 32.623 votos (3'2%).

Expulsión dos parlamentarios do Bloque-PSG por negárense a acatar a Constitución.

1982

1º Congreso da INTG, no mes de xaneiro, en Panxón (Nigrán).

Congreso de unificación da INTG e a CSG (Confederación Sindical Galega), en setembro.

Da federación de oito sindicatos provinciais nace USTEA, en Andalucía.

No III Congreso do Movemento de Mestres de Pontevedra elíxese unha nova Executiva de cinco membros (Emiliano Quintillán, Mª del Carmen Pena Chicharro, Carlos Seoane Míguez, Francisco Deán Rodríguez e Gloria Monteagudo Gil), aos que se suman como representantes provisorios das zonas Carlos Álvarez Puga e Manuel Lago. O Congreso, que contou cunha Mesa elixida previamente mediante votación e composta por Ricardo Pousa Rodríguez, Benigno Rey Sarmiento e Benito Rivas Fontán, reafírmase na aposta por un modelo “de sindicato galego, pluralista, democrático-asambleario e independente”, rexeita a posibilidade de unión con outros sindicatos con dependencia partidaria e ratifica, por 108 votos a favor e 3 brancos a constitución dunha “Federación de Sindicatos Galegos da EXB”, pola confluencia nela de MM de Pontevedra, SPP de EXB de Lugo e SPEXBATE de Ourense. Esa Federación formalizárase o 29 de maio, un días antes do propio Congreso do MMP (que se celebrou no mosteiro de Poio os días 4 e 5 de xuño), mediante escritura que asinaron Gustavo Chao e Manuel Lago (polo MMP); Ángel Fernández González e Manuel Díaz Cobas (polo SPEXB de Lugo) e Manuela Fernández Fernández e Isaura Cid Carbajales (polo SPEXBATE)

3º Congreso da UPG, en xaneiro.

Constitúese en setembro, na Asemblea de Riador, o BNG (Bloque Nacionalista Galego).

Victoria do PSOE nas eleccións lexislativas, con maioría absoluta. O seu lema: “Por el cambio”. Esfarelamento estatal da UCD e afortalamiento da Alianza Popular de Fraga Iribarne. O nacionalismo galego sofre un forte varapau electoral: Bloque-PSG, 38.615 votos (2'98%) e EG, 22.310 (1'72%). O PCG acada só 19.476 votos. Os 27 escaños das catro circunscricións galegas repártense novamente entre PP (13, co 37'6% dos votos), PSOE (9, co 32'8% dos votos) e UCD (5, co 17'7% dos votos).

José Mª Maravall, novo ministro de Educación.

O 1 de xullo asínase o traspaso de competencias en educación á comunidade autónoma galega.

9 de novembro: o Papa visita Compostela e emprega o idioma galego nunha das homilías.

Campaña de SGTE e UTEG-INTG contra o novo sistema retributivo do profesorado implantado polo goberno do PSOE, pola derogación da adicional XV da Lei

de Medidas para a Reforma da Función Pública (que instauraba a chamada “carreira docente”) e pola convocatoria de eleccións sindicais democráticas e representativas, que garantisen dunha vez o dereito á negociación colectiva dos/as traballadores/as do ensino.

Dúas mestras de Fontes-Baiña (Baiona) sancionadas por dar aulas en galego.

Aparece o suplemento “La Voz de la Escuela” do xornal *La Voz de Galicia*.

O barco “Xurelo”, con base en Ribeira, desprázase ata a Foxa Atlántica para tentar deter os vertidos nucleares que alí se realizan.

Constitúese o 6 de marzo, en Compostela, a Federación de Asociacións Culturais Galegas.

Maio: estoura a guerra das Malvinas entre Arxentina e Reino Unido.

Celébrase o Mundial de Fútbol en España.

Israel invade o Líbano. Matanzas nos campos de refuxiados palestinos de Sabra e Shatila.

Gabriel García Márquez, premio Nobel de Literatura.

Fanse públicos os primeiros casos dunha nova pandemia: a SIDA.

1983

Febreiro: expropiación de RUMASA.

O goberno do PSOE, co ministro Carlos Solchaga, comeza a levar a cabo a chamada “reconversión industrial”.

Nace Internet.

Comeza a funcionar a nivel estatal unha Mesa de Educación para a negociación dos asuntos que competen ás traballadoras e traballadores do ensino.

Apróbase no Parlamento estatal a Lei de Reforma Universitaria (LRU), en agosto.

Apróbase no Parlamento autonómico a Lei de Normalización Lingüística.

Faise efectivo o traspaso de competencias en educación ás comunidades autónomas andaluza, canaria e valenciana.

Campaña do SGTE reclamando a inmediata convocatoria de eleccións sindicais no ensino. En concreto demándase eleccións en cada centro de traballo, cun número de delegados/as a elixir proporcional ao nº total de traballadores/as en cada centro. Existirían así tres órganos de representación: os Comités de centro, os Comités Provinciais e un Comité Nacional.

Nace o colectivo de renovación pedagóxica “Nova Escola Galega”, que promove desde 1986 a edición da *Revista Galega de Educación*.

Bota a andar a revista feminista *Festa da Palabra Silenciada*.

Nace o suplemento escolar “A Pizarra” no *Faro de Vigo*, auspiciado por Xosé Antonio Perozo.

O grupo musical Brath edita o disco *Kalaikía*.

Morren o cineasta Luís Buñuel, o escritor Tennessee Williams e o pintor catalán Joan Miró.

O Conselleiro Filgueira Valverde oficializa por decreto as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* de tendencia isolacionista elaboradas un ano antes polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega.

4º Congreso da UPG.

Ruptura do PSG: un sector ingresa no BNG como “Colectivo Socialista” e o outro fúndase en 1984 con Esquerda Galega no PSG-EG.

Outubro: Raúl Alfonsín, de ascendencia galega, gaña as eleccións en Arxentina.
29 de marzo: Helmut Kohl, novo chanceler alemán.

4 de agosto: Bettino Craxi goberna Italia.

O 25 de novembro, os EE.UU invaden Grenada.

O 10 de decembro, outórganlle o Nobel da Paz ao sindicalista polaco católico Lech Walesa.

O 31 de decembro cae en Rumanía Nicolae Ceaucescu.

Folga Xeral na Galiza.

1984

Desátase o proceso de **ruptura da UCSTE**, por discrepancias na actitude a adoptar a respecto da política educativa do PSOE e por diferenzas sobre as propias normas de funcionamento e os principios organizativos da Confederación. Un sector da mesma celebra o 3º Congreso en novembro deste ano (días 24 a 26) na localidade de Marbella e dará no futuro orixe a STEC (1987). Outro sector non participa nin recoñece os acordos tomados en Marbella e convocará un ano despois o seu propio 3º Congreso, en Guardamar del Segura.

A ruptura, verdadeiramente traumática, afecta a moitos territorios, entre eles Galiza. O sector que non acode a Marbella conta co apoio do Movemento de Mestres de Pontevedra e do SPEXBATE (Sindicato de Profesores de EXB aberto ós Traballadores do Ensino) de Ourense, mentres que o SGTE participa e apoia as resolucións do Congreso marbellí e o seu integrante Francisco García Pernas resulta eleito para a Comisión de Garantías.

Apróbase a Lei 30/1984 de Medidas de Reforma para a Función Pública. Comezan en marzo os debates parlamentares sobre a LODE (Lei Orgánica do Dereito á Educación).

Folgas xerais consecutivas na Galiza o 14 de febreiro, o 12 de xullo e o 29 de novembro, contra a reconversión naval, contra a política económica do goberno socialista e pola creación de emprego, respectivamente.

A FETE-UGT galega promove a constitución do colectivo de renovación pedagóxica “Escola Viva”.

En maio, nace o partido Coalición Galega, estreitamente vinculado á figura do empresario ourensán Eulogio Gómez Franqueira.

Xosé Manuel Beiras publica *Por unha Galicia liberada*.

O grupo punk-rock vigués “Sinistro Total” edita o disco *Menos mal que nos queda Portugal*.

Comeza a celebrarse o festival da canción infantil en galego “Cantareliña”, en San Sadurniño.

Campaña “Fálalle galego”.



O goberno do PSOE aproba a Lei de Obxección de Conciencia.

Asasinato do socialista Enrique Casas, que reivindicaban os Comandos Autónomos Anticapitalistas, o 24 de febreiro.

Asasinato do médico e dirixente de Herri Batasuna Santi Brouard, o 20 de novembro.

Trasládanse o 28 de xuño, aniversario do plebiscito autonómico galego do 1936, os restos mortais de Castelao desde Bos Aires ao Panteón de Galegos Ilustres, en Compostela, no medio dunha acesa polémica.

Morre o escritor Julio Cortázar.

Asasinato de Indira Gandhi.

Morre en xuño Enrico Berlinguer, líder do PCI e teorizador do “eurocomunismo”.
2 de decembro: traxedia en Bhopal, por unha fuga de pesticidas nunha fábrica dunha compañía estadounidense.

O teólogo da liberación brasileiro Leonardo Boff é condenado polo Vaticano ao silencio. En 1992 acabaría renunciando ao sacerdocio.

Os sindicatos mineiros do carbón británicos manteñen unha dura folga, de case un ano de duración, contra o goberno de Margaret Thatcher, que logra finalmente dobregalos.

1985

Mijail Gorbachov inicia a “Perestroika”.

29 de maio: traxedia no estadio belga de Heysel, nos prolegómenos da final da Copa de Europa.

10 de xullo: os servizo secretos franceses afunden en Nova Zelandia o “Rainbow Warrior”, buque da organización ecoloxista “Greenpeace” que protestaba contra a realización de probas nucleares no Pacífico.

A cidade de Compostela, declarada Patrimonio da Humanidade.

O BOE publica a Lei Orgánica 8/1985, a LODE (Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación), que establece tres redes de ensino (a pública, a privada e a privada concertada).

O sector que non participara no Congreso da UCSTE en Marbella, en 1984, celebra en novembro de 1985 o seu propio III Congreso na localidade de Guardamar del Segura e decide manter a denominación orixinaria, o que dará pé a un longo preito nos tribunais.

En paralelo, ábrese un longo ciclo mobilizador, que durará varios cursos, contra a “carreira docente” imposta pola Administración e contra sucesivos rascuños do Estatuto do Profesorado, polo seu contido netamente xerarquizador.

O Estado español asina o 12 de xuño a súa adhesión ao Tratado da Comunidade Económica Europea, que se fará efectiva en xaneiro de 1986.

O 6 de outubro apróbase no Congreso a despenalización do aborto en tres supostos: risco para a saúde da nai, malformación do feto e violación. En novembro será recorrida perante o Tribunal Constitucional, que a declarará inconstitucional.

A UCSTE ingresa como membro de pleno dereito na FIAM (Federación Internacional de Asociacións de Mestres).

A directora do IES Concepción Arenal de Ferrol é chamada a declarar por presuntas inxurias ao Exército, por mor do contido dun cartaces pacifistas elaborados polo alumnado do centro.

Ruptura entre a INTG e a CXTG-IN. Esta última constitúese en xuño deste ano e celebra o seu primeiro congreso en decembro. Nace na Galiza, no campo do ensino, o SGEI, vinculado á CXTG-IN.

Escisión na AS-PG: nace a Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa.

Folga xeral o 20 de xuño, contra a reforma das pensións.
O 3 de xullo, demite Miguel Boyer como ministro de Economía.

O 24 de xullo comeza a emitir a TVG, Televisión de Galicia. Bota a andar a revista *Luzes de Galiza*.

O grupo musical “Na Lúa” edita o seu primeiro disco, con ese mesmo nome.

Morren o poeta catalán Salvador Espriu, o cineasta Orson Wells, o escritor Robert Graves, o poeta, erudito e editor galego Xosé M^a Álvarez Blázquez e o pintor Reimundo Patiño.

Segundas eleccións autonómicas na Galiza, en novembro: BNG, 1 deputado e 53.072 votos (4'2%); PSG-EG, 3 deputados e 71.599 votos (5'7%); Coalición Galega, 163.425 votos (13%) e 11 deputados; Coalición Popular, 516.218 votos (41'4%) e 34 escaños e PSOE 361.948 votos (28'3%) e 22 escaños. O PCG ficou sen representación, con 10.625 votos.

Asemblea extraordinaria do BNG o 15 de decembro, na que se aproba que o seu único deputado, Xosé M. Beiras, acate formalmente a Constitución na cerimonia de conformación do novo Parlamento autónomo, para evitar ser expulso.

1986

Constitúese a Mesa pola Normalización Lingüística.

Celébranse as “Primeiras Xornadas de Escola Rural”, impulsadas por Nova Escola Galega.

Celébranse en Vigo, no mes de abril, as “Primeiras Xornadas de Coeducación e Sexualidade en Galicia”, organizadas polo SGTE baixo a coordinación de M^a do Carme Panero e Mari Álvarez Lires, principais impulsoras da articulación definitiva da Secretaría da Muller no sindicato.



A ruptura iniciada nos STEs en 1984 solidifica. Despois de xeminacións en numerosos sindicatos territoriais e de dinámicas de continua confrontación pública, mesmo xudicializada, por cuestións como as siglas, o patrimonio sindical, as sedes, as liberacións, a presenza nas mesas negociadoras, as subvencións, etc., o Pleno confederal de STEC decide en outubro deste ano cesar por completo as conversas e contactos coa UCSTE, situación que se prolongaría ata decembro de 1987.

Os dous sectores coinciden na defensa do NON no referendo da OTAN (12 de marzo), que se resolve finalmente cun 52'5% de sis e un 39'85% de nons no conxunto do Estado. O non triunfou en Catalunya, Euzkadi, Nafarroa e Canarias. Na Galiza, a pesar do triunfo xeral do si, a abstención foi a máis alta de todo o Estado e os partidarios do non acadaron porcentaxes superiores á media estatal: na Coruña houbo 205.511 votos si e 132.207 votos non; en Lugo, 56.848 si vs. 38.094 non; en Ourense, 59.806 si vs. 31.763 non e en Pontevedra, 142.938 si vs. 119.745 non.

O SGTE celebra o seu III Congreso os días 11 e 12 de outubro, na Facultade de Matemáticas, en Compostela. A afiliación debate, entre outros relatorios, un que estatúe de xeito definitivo a Secretaría da Muller dentro do sindicato, para alargar a conciencia feminista e a loita contra o machismo e o sexismo nos centros de ensino e para dar resposta, dise nel, "á problemática específica que acompaña a incorporación da muller ao mundo do traballo, así como aquela á que se enfrentan na súa propia militancia sindical". O SGTE acorda dende entón o emprego de linguaxe non sexista nos seus escritos.

Lévanse adiante varias folgas convocadas por SGTE e UTEG na Galiza, e por STEC e CNT no estado, en maio, días 21 e 22, contra a carreira docente, polo dereito á xubilación co 100% e contra o novo Estatuto do Profesorado. Novas folgas os días 20 e 21 de novembro deste mesmo ano cos mesmos convocantes e coas mesmas reivindicacións básicas. Outras forzas sindicais (ANPE, FETE-UGT, FESPE, CCOO, CSIF e a UCSTE-Guardamar) manteñen entón posicións antitéticas ás defendidas por SGTE-STEC, UTEG-INTG e CNT.

A UCSTE ingresa como membro de pleno dereito na FIPESO (Federación Internacional de Asociacións de Profesorado de Ensino Secundario) e na CMOPE (Confederación Mundial de Organizacións Profesionais do Ensino).

Primeiras eleccións sindicais no ensino nun territorio do Estado español, concretamente en Euzkadi, en decembro: O STEE-EILAS gaña co 30'33 % dos votos, seguido de FETE-UGT (28'58%), CC.OO. (13'97%), ELA-STV (10'20%), LAB (9'52%), ANPE (3'91%), UST (1'61%) e FESPE-USO (1'15%).

Eleccións lexislativas no Estado, o 22 de xuño: nova vitoria con maioría absoluta do PSOE, co 44'06% dos votos. Na Galiza, o BNG obtén 27.076 votos (2'08%) e o PSG-EG, 45.738 (3'51%), mais ningún escano, que se reparten PP (13, co 39'2% dos votos), PSOE (12, co 35'7%), CDS (1, co 8'5% dos votos) e CG (1, Senén Bernárdez, co 6'2% dos votos).


Escisión tralo seu V Congreso na UPG, en marzo: do Colectivo 22 de Marzo nacerá o PCLN (Partido Comunista de Liberación Nacional).

Nace en novembro a organización feminista Mulleres Nacionalistas Galegas (MNG).

Nace o 29 de abril a coaligación estatal Izquierda Unida.

O Estado español reestabelece relacións diplomáticas co estado de Israel, en xaneiro, e reconece á OLP en agosto.

Catástrofe na central nuclear de Chernóbil (Ucraina), o 26 de abril.



SGTE.
sindicato galego dos traballadores
do ensino

ucste movimiento de maestros
UNION CONFEDERAL DE SINDICATOS DE TRABAJADORES DE LA ENSEÑANZA
C/ Sta. Clara, 17-1ª Tlf. 85 75 45 PONTEVEDRA

TERCER CONGRESU D'U.C.S.T.E.
TERCER CONGRESO DE U.C.S.T.E.
TERCER CONGRÉS D'U.C.S.T.E.
TERCEIRO CONGRESO DA U.C.S.T.E.

Documentos pal alderique
Documentos para el debate
Documents per al debat
Documentos para o debate

24-25-26 Noviembre 1984
Novembre

O 10 de setembro ETA mata á súa propia antiga dirixente, Dolores González Cataráin, Yoyes.

Inaugúrase na Coruña a “Casa das Ciencias”.

“Os Resentidos” editan o seu disco *Fai un sol de carallo*.

O deportista ponteareán Álvaro Pino gaña a “Vuelta Ciclista a España”.

Morren Tierno Galván, Olof Palme, Juan Rulfo, Simone de Beauvoir, J. L. Borges, o narrador Ánxel Fole, o filósofo Celestino Fernández de la Vega, o poeta Eusebio Lorenzo Baleirón, o dramaturgo Daniel Varela Buxán, o poeta e pintor Tomás Barros e o actor Cary Grant.

1987

O gasto público educativo en porcentaxe sobre o PIB no Estado español é do 3'61%.

Constitúese a Asociación de Profesores de Lingua e Literatura (APLL).

Inaugúrase a Ponte dos Santos, na ría de Ribadeo.

Morren Andy Warhol, Victoria Kent, Marguerite Yourcenar, Florencio Delgado Gurriarán e Valentín Paz-Andrade.

Hernández Mancha, novo líder de Alianza Popular, en febreiro.

Julio Anguita, secretario xeral do PCE, en febreiro.

III Asemblea Nacional do BNG, en febreiro, no Carballiño.

Primeiras accións armadas do Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive (EGPGC), en febreiro.

Duros enfrontamentos entre obreiros e policía en Reinosa (Santander), en marzo. Atentado do EGPGC o 21 de xuño contra a estatua do ditador Francisco Franco en Ferrol.

Nas eleccións europeas deste ano, un sector do nacionalismo galego organizado demanda o voto para a candidatura de Herri Batasuna. O BNG expulsa do seu seo o PCLN.

19 de xuño, atentado de ETA nun Hipercor de Barcelona.

Negociacións en Alxer entre o Goberno español e ETA, que fracasan.

Chégase á existencia de dúas confederacións de sindicatos asemblearios de ensino: a UCSTE (Congreso Guardamar) e, desde xullo, os STEC (isto é, a UCSTE do Congreso Marbella).

Na nova confederación, STEC, con sede na rúa Carretas de Madrid, intégranse o SGTE na Galiza e ademais SATEM (Madrid), SUATEA (Asturies), STEC (Canarias), STEC (Cantabria), FESTEIA (Aragón), USTEC (Catalunya), STE (Estremadura), USTEA (Andalucía) e STEE/EILAS (Euskalherria).

A UCSTE-Guardamar presenta no Parlamento español unha Iniciativa Lexislativa Popular sobre Responsabilidade Civil do profesorado.

Asínase o 3 de febreiro un acordo de novo sistema retributivo, que o SGTE na Galiza e STEC a nivel estatal rexeitaron. Convócase con tal motivo folga os días 11 e 12 de febreiro.

Folgas contra o Estatuto do Profesorado e contra a “carreira docente”. Derrógase a Adicional XV da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública.

Folgas masivas en xaneiro contra a reforma do Ensino Medio. Intento de despretixio destas mobilizacións coas imaxes de “El cojo Manteca” rompendo farois nas rúas madrileñas durante unha manifestación.

No voceiro do SGTE (nº 41, xuño), a Secretaría da Muller publica un estudo sobre “A imaxe da muller nos manuais escolares”, como parte do seu combate a prol dunha escola non sexista. Asinan ese pioneiro traballo Elda Álvarez Rivera, Concha Álvarez Doniz, Ana Blanco Blanco, Carme Doval Outeda, Ana Iglesias Roris, Rosario Mallo Alonso, Mari Álvarez Lires, Carme Pérez Martull e Inmaculada Pizarro Sánchez.

En xaneiro nace, como escisión de Coalición Galega, o Partido Nacionalista Galego (PNG), liderado por González Mariñas e Rodríguez Peña, que axiña se fusiona co PG.

Triunfa a moción de censura contra o goberno da Xunta presidido por Fernández Albor, da Coalición Popular. Fórmase un goberno tripartito (PSOE, CG, PNG-PG) presidido polo socialista González Laxe.

Unha sentenza do Tribunal Constitucional bota abaixo aspectos básicos da Lei de Normalización Lingüística, en novembro. A Mesa, presidida por X. M. Sarille, convoca unha multitudinaria manifestación en Compostela baixo o lema “APRENDER EN GALEGO NON É UN DELITO”.

Accidente do buque “Casón”, en decembro. Evacuación caótica da poboación fisterá. Traslado de bidóns ata o campamento militar de Parga. Resistencia popular en Guitiriz contra ese traslado. Paralización da actividade na factoría de Alúmina-Aluminio en San Cibrao, pola chegada dos bidóns.

9 de decembro: primeira Intifada palestina.

Nas primeiras eleccións sindicais do ensino non universitario na Galiza celebradas este ano, o día 1 de decembro, para elixir un total de 116 delegados/as, a suma dos votos obtidos separadamente polas candidaturas de ASIME (Asociación Sindical Independente de Mestres) de Ourense, UCSTE-Movemento de Mestres de Pontevedra, UCSTE de Lugo e SGTE supuxo a obtención dun total de 20 delegados/as, fronte aos 26 de ANPE, 15 de CC.OO., 29 da futura CIG (suma de SGEI-CXTG, 11 delegados/as, e UTEG-INTG, 18 delegados/as), os 14 de UGT, os 8 de CSIF e os 4 de SPEXBATE.

Desa suma de 20 delegados/as, o SGTE achegou 9, dos que corresponderon 3 na Coruña (Xosé Pepín Baldomir Pego, Mª Josefa Molina Blanco e Francisco M. García Pernas), 4 en Pontevedra (Carlos Cortegoso Vaamonde, Mercedes Álvarez Lires, Alexandre Bermúdez Iglesias e Mar Rodríguez Abeledo) e 2 en Ourense (David Cortón Lamelas e Toni Fernández Pereira). A UCSTE achegou, pola súa vez, 9 delegados/as: 6 en Pontevedra (Gustavo Chao Fernández, José Manuel Sobrino Pérez, Manuel Lago Lago, Francisco Javier Lores Rosal, Carlos Álvarez Puga e Manuel López Fernández) e 3 en Lugo (José Ramón Gavieiro Costa, Javier Pérez Arias e Ángel Rodríguez González, se ben este último sería substituído ao pouco tempo por Manuel Ferreiro Parga). Finalmente, ASIME conseguiu 2 (ambos en

Ourense: Antonio Veloso Álvarez e Felisindo Nóvoa Rodríguez). Outra forza sindical con certa relación coa UCSTE pero que non se integraría finalmente no STEG, o SPEXBATE de Ourense, obtivo 4 delegados/as na súa circunscrición.

O lema do SGTE nestas eleccións foi "QUE NON FAGAN CARREIRA CO TEU VOTO", mentres que o de UCSTE-MMPontevedra foi "ENTRE TODOS ÍMOLO CONSEGUIR".

O reparto porcentual do voto foi o seguinte: ANPE: 22'3%; UTEG-INTG, 15'9%; CC.OO: 12'3%; UGT: 11'9%; UCSTE: 10'3%; SGEI-CXTG: 10'2%; SGTE: 7'8%; CSIF: 7'4%; ASIME: 1'1%; CNT: 0'9%.

Na circunscrición de A Coruña, o resultado foi este: ANPE, 1846 votos e 9 delegados/as; CC.OO, 859 votos e 5 delegados/as; CSIF, 634 votos e 3 delegados/as; CXTG, 804 votos e 4 delegados/as; INTG, 1277 votos e 7 delegados/as; SGTE, 525 votos e 3 delegados; e, por último, UGT, 763 votos e 4 delegados/as.

Na circunscrición de Lugo, ANPE obtivo 684 votos e 6 delegados/as; CC.OO, 426 e 4 delegados/as; CSIF, 295 e 3 delegados/as; CXTG, 197 e 2 delegados/as; INTG, 466 votos e 4 delegados/as; UCSTE, 285 votos e 3 delegados; e, por último, UGT, 307 votos e 3 delegados/as.

Na circunscrición de Ourense, as urnas falan así: ANPE, 655 votos e 7 delegados/as; CC.OO, 193 e 2 delegados/as; CXTG, 131 votos e 1 delegado/a; INTG, 254 votos e 3 delegados/as; SPEXBATE, 4 delegados e ASIME 2 delegados (585 votos entre ambas).

Na circunscrición de Pontevedra, formada por 43 mesas e un censo de 7.715 persoas, votaron 6.223 persoas e as urnas falan así: ANPE, 755 votos e 4 delegados/as; CC.OO, 819 e 5 delegados/as; CNT, 166 votos e ningún delegado/a; CSIF, 377 e 2 delegados/as; CXTG, 669 e 4 delegados/as; INTG, 800 votos e 4 delegados/as; SGTE, 689 votos e 4 delegados; UCSTE, 1.136 votos e 6 delegados/as; e, por último, UGT, 693 votos e 4 delegados/as.

No conxunto do Estado, os resultados das eleccións sindicais de decembro de 1987, en número de delegados/as, foron estes: STES, 173 (12'55%); UCSTE, 156 (10'28%); ANPE, 329 (20'56%); CC.OO., 264 (18'03%); CSIF, 288 (17'62%); UGT, 211 (12'19%); USO, 35 (2'08%); Outros, 77.

Tanto UCSTE como STEC, que de sumaren os seus respectivos delegados/as ocuparían a primeira posición (332), acadaron por separado o mínimo do 10% de representatividade que lles daba dereito a facer parte da Mesa Sectorial, mais o feito de que os sindicatos integrados en STEC se presentasen con siglas propias e distintas en cada territorio e sen referencia común, fixo que o Ministerio decidise non computar o conxunto e, en consecuencia, non lle reconecese a STEC, pero si a UCSTE, a obtención da porcentaxe necesaria para facer parte da citada Mesa.

A IMAXE DA MULLER NOS MANUAIS ESCOLARES

...PORQUE NON QUEREMOS ESCOLA SEXISTA



1988

Despedimento colectivo dos 23 integrantes do Comité de Empresa da factoría Alúmina-Aluminio, de San Cibrao. En marzo, a Maxistratura de Lugo declara procedentes eses despedimentos, para indignación de boa parte da sociedade galega, enteiramente solidaria con eses sindicalistas. O 24 de abril celébrase en Burela unha manifestación masiva pola readmisión do Comité despedido e a prol da creación dunha comisión de investigación sobre os sucesos do “Casón”. Catro traballadores encérranse no alto da cheminea da factoría, de 150 metros de altura, e alí permanecen durante varios días.

23 de febreiro: apróbase a incorporación de mulleres ás Forzas armadas españolas.

13 de xuño: o xuíz Baltasar Garzón ordena o ingreso en prisión do subcomisario José Amedo e do inspector Michel Domínguez, acusados de pertencer aos GAL (Grupos Antiterroristas de Liberación).

5 de outubro: Augusto Pinochet perde o plebiscito popular que se celebra en Chile sobre a súa continuidade no poder.

22 de decembro, asasinato do líder sindicalista e ecoloxista brasileiro Chico Mendes.

O gasto público educativo en porcentaxe sobre o PIB no Estado español é do 3'75%.

Regulaméntanse os CRA (Colexios Rurais Agrupados).

O Pleno da UCSTE acorda en xaneiro dar pasos para propiciar a reunificación: unidade de acción permanente, comisións de traballo conxuntas.... STEC aproba en xullo, no Pleno Confederal celebrado en Jaca, unha resolución semellante, apostando pola unidade de acción.

Os xulgados resollen en favor de STEC o contencioso coa UCSTE polas siglas.

Primeiro número o 12 de marzo do xornal *Diario de Galicia*.

Nace en marzo a Fronte Popular Galega (FPG), integrada polo PCLN, Galicia Ceibe e outros grupos independentistas. Celebrará a súa 1ª Asemblea Nacional en Compostela, en xullo.

Nace a organización xuvenil Galiza Nova.

Constitúese a Asemblea Nacional de Obxección de Conciencia (ANOC) pola confluencia de numerosos grupos antimilitaristas galegos, como Rompanfilas, Corneta Obxecta, etc.

Atentado do Exército Guerrilleiro o 28 de maio contra o chalé de Fraga Iribarne en Perbes. A organización armada fai pública en xullo a súa primeira declaración, baixo o chamativo título de “Nova Poesía Galega”.

Nace en decembro o Partido Nacionalista Galego-Partido Galeguista (PNG-PG).

Os STEs participan activamente na Folga Xeral do 14-D e nunha folga de máis de tres meses de duración no ensino demandando homologación retributiva co resto do funcionariado, alargamento do complemento específico docente para todo o profesorado e convocatoria de eleccións sindicais no ensino por centro de traballo.

Referendo entre o profesorado sobre preacordo impulsado polo ministerio e algúns sindicatos. SGTE na Galiza e STEC no estado propugna o “non”, que sae

vencedor. Demisión do ministro José Mª Maravall (18 xuño), que é substituído por Javier Solana. En xullo, o MEC impón unilateralmente os seus criterios mediante o correspondente BOE.

O 7 de setembro, a Administración da Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CSIF, CCOO, CXTG e INTG asinan un acordo sobre Mesa da Función Pública, liberacións, etc, que o SGTE rexeita con rotundidade.

Folga xeral no Estado o 14 de decembro, contra o Plan de Emprego Xuvenil. Agudízanse as tensións entre a UGT de Nicolás Redondo e o PSOE de Felipe González.

4º Congreso da UCSTE, en decembro, en Lloret de Mar, co lema AVANZANDO PARA LA ENSEÑANZA. A representación de STEC convidada intervéñe e formula, ademais dun repaso ás causas e consecuencias, claramente negativas, da escisión, unha folla de rota posíbel para a reunificación.

1989

O gasto público educativo en porcentaxe sobre o PIB no Estado español é do 4'04%.

O Tribunal Supremo ditamina en xaneiro o recurso de casación interposto polo comité de empresa despedido da factoría de Alúmina-Aluminio, en San Cibrao, desestimándoo e dándolle a razón á empresa. En xuño deste mesmo ano o Tribunal Constitucional non admite a trámite o recurso de amparo presentado polos sindicalistas.

O 20 de febreiro o Tribunal Constitucional autoriza a declaración de Facenda por separado aos cónxuxes.

Constitúese o SATE, en Melilla.

A Consellería e os sindicatos asinan en febreiro un acordo de marco galego para camiñar na homologación das retribucións do profesorado.

O 17 de marzo constitúese formalmente o Consello Escolar de Galicia.

En outubro o Parlamento galego rexeita unha ILP de UTEG-INTG en demanda da equiparación salarial dos/as docentes co resto do funcionariado autonómico.

Comeza a campaña contra a LOXSE, demandando incremento investivo ata o 6% do PIB para o ensino público, reivindicando a redución das ratios e das afíns e o potenciamento da formación nos propios centros, solicitando a negociación do mapa escolar e da rede de centros, esixindo o aumento do profesorado de apoio, a estabilidade e igualdade de dereitos para o profesorado interino e defendendo un corpo único de docentes, con formación de igual rango para todo o profesorado e con igualdade de horario lectivo e de salario.

En xaneiro comezan as conversas bilaterais STEC-UCSTE para limar obstáculos cara á reunificación.

Primeira Asemblea de Esquerda Unida, en Compostela. Geluco Guerreiro, coordinador xeral.

Derradeiro número o 4 de febreiro do xornal *Diario de Galicia*. Estrea do filme *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro. Morren o pintor Salvador Dalí, a actriz Bette Davies, o escritor Samuel Beckett, a dirixente comunista española Dolores Ibárruri (*Pasionaria*) e os poetas galegos Xosé M^a Díaz Castro e Miguel González Garcés.

O EGPGC mata un garda civil e fere gravemente outro en Irixoa. Tras esta acción, desátase unha vaga de detencións que deixa practicamente desmantelada a organización. Escíndese da FPG, en xuño, a APU (Assembleia do Povo Unido), que celebra a súa asemblea constituínte en outubro.

Detención e ingreso en prisión do dirixente da UPG e do BNG Francisco Rodríguez, en xuño, acusado de ter queimado unha bandeira nunha manifestación cinco anos atrás. Ficaría absolto definitivamente desa acusación en maio de 1993.

Comeza en agosto a revolta veciñal en Allariz, por negarse o seu alcalde a convocar un pleno sobre a contaminación no río Arnoia. A dinámica das mobilizacións, con encerros, manifestacións, denuncias no xulgado, etc. remata meses despois, en novembro, coa dimisión do alcalde e de todo o seu grupo de goberno e o acceso á alcaldía de Anxo Quintana, do BNG.

4º Congreso de STEC, celebrado en Alcobendas, Madrid, os días 25, 26, 27 e 28 do mes de maio, baixo o lema **SEGUIMOS CONSTRUYENDO LA ALTERNATIVA AUTÓNOMA Y ASAMBLEARIA**. Séntanse nel definitivamente as bases para a convocatoria dun congreso de reunificación entre STES e UCSTE, non sen forte debate cun sector totalmente remiso ao proceso. Ese sector, nucleado en certa medida arredor do Movimiento Comunista (MC), tiña moito peso en USTEC de Catalunya e no SATEM madrileño. O 22 de xuño os Secretariados Confederados de STEC e UCSTE manteñen a primeira reunión para abordar o proceso reunificador.

Nese IV Congreso de STEC representaron o SGTE, como delegados/as, as seguintes persoas: Xosé (Pepín) Baldomir Pego e M^a Xosé Molina (zona de Santiago); Mari Álvarez Lires e Mari Carmen Pérez Martull (zona Pontevedra-Sur); David Cortón Lamelas e Antonio Fernández Pereira (zona Ourense); Xosé M^a - Chema - Fernández Martínez (zona Vilagarcía) e Francisco García Pernas, Antón Otero Baamonde, Ramón Martínez e Gloria Soneira (zona A Coruña-Ferrol).

V Congreso do SGTE, o 25 de novembro. Apróbase avanzar na consecución dunha unidade sindical o máis ampla posíbel, ratificar a resolución da Confederación STEC de unidade coa UCSTE e iniciar conversas nese sentido co Movemento de Mestres de Pontevedra e coa UCSTE-Lugo. O desacordo

con esta resolución fixo que abandonasen o SGTE un grupo de aproximadamente noventa afiliados/as (28% do total), que emprenderon rumbo, co nome de ASGE, cara á Convergencia Intersindical Galega, antecedente da actual CIG.

O MEC suprime por decreto, en xullo, o chamado “dereito de consorte”.

Apróbase en xullo a Lei de Ordenación do Sistema Universitario de Galiza, que supón a creación das Universidades de Vigo e A Coruña, cos seus respectivos campus.

Créanse os CEFOCOPs (Centros de Formación Continuada do Profesorado).

Constitúese GALIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

Diversas entidades científicas, sociais, pedagóxicas e sindicais elaboran, presentan publicamente e entregan na Consellaría de Educación un *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino*.

Son autorizadas as canles privadas de TV Antena 3, Telecinco e Canal Plus.

Nas lexislativas deste ano, o PSOE obtén a súa terceira maioría absoluta nas Cortes españolas por só un escano de marxe. O BNG obtén 47.749 votos (3'58%), o PSG-EG 33.763 (2'53%) e Coalición Galega 45.546 votos (3'41%). Os 27 escanos por xunto das circunscricións galegas repártense entre PP (14, co 39% dos votos), PSOE (12, co 35% dos votos) e CDS (1, co 7'8% dos votos).

Matanza na praza chinesa de Tiannanmen, o 4 de xullo.

Os “marines” norteamericanos invaden Panamá.

Cae o Muro de Berlín, o 9 de novembro

Asasinato do xesuíta Ignacio Ellacuría en El Salvador, o 16 de novembro.

Camilo J. Cela, premio Nobel de Literatura (19 de outubro).

O Irán de Jomeini lanza condena a morte contra o escritor Salman Rushdie polo contido do seu libro *Versos satánicos*.

Asasinato do parlamentario vasco de HB Josu Muguruza (20 de novembro).

Terceiras eleccións autonómicas galegas, en decembro. O PP de Fraga Iribarne obtén o 44'2% dos votos e 38 escanos (maioría absoluta); o PSOE, o 32'8% dos votos e 28 escanos; CG, o 3'6% dos votos e 2 escanos; o PSG-EG, o 3'7% dos votos e 2 escanos; e, finalmente, o BNG, o 8'1% dos votos e 5 escanos. Perde presenza parlamentaria o PNG-PG, con tan só 17.702 sufraxios ao seu favor.





EN LA ENSEÑANZA: TÚ DECIDES



CONGRESO CONSTITUENTE DO STEG

SGTE; UCSTE-G (MMP e UCSTE-LUGO); ASIME

GALEGO E PROGRESISTA
INDEPENDENTE E AUTÓNOMO
ASAMBLEARIO E PLURALISTA

Poio 25 e 26 de Maio de 1990



cronoloxía do steg 17

aulas libres

1990

MMP-UCSTE de Pontevedra, UCSTE-Lugo e SGTE-STEC asinan en febreiro unha declaración conxunta baixo o título “A unidade sindical, un obxectivo estratéxico”, apostando pola creación dun “Sindicato asembleario, autónomo e pluralista, solidario co resto de traballadores e traballadoras, coa loita das mulleres e defensor dos dereitos nacionais de Galicia, con forte implantación e representación institucional que permita combinar a mobilización e a negociación”.

Folga no ensino público, o 10 de de maio, contra a LOXSE (Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo), que será definitivamente aprobada no mes de outubro.

Conflúen no **nacemento do STEG**, que ten lugar nun Congreso celebrado en Poio os días 25 e 26 de maio deste ano, ao que asisten 122 compromisarios/as de toda Galiza, varias organizacións preexistentes: o Movemento de Mestres de Pontevedra-UCSTE, a ASIME de Ourense, a UCSTE de Lugo e o SGTE. Non participou do proceso o SPEXBATE de Ourense.

A suma de delegados/as (24) nas respectivas Xuntas de Persoal provinciais das organizacións confluentes na creación do STEG convérteno nese intre en terceira forza sindical no ensino da Galiza. O novo sindicato defínese como nacionalista, de clase, progresista, democrático, asembleario, pluralista, non sexista, autónomo, independente e confederado. Do seu primeiro Secretariado Nacional fixeron parte, por elección: Ricardo Alonso, Mari A. Lires, Xosé Baldomir Pego, Alexandre Bermúdez, X. Antón Calviño, David Cortón Lamelas, Gustavo Chao, Manuel Ferreiro, X. Ramón Gavieiro Costa, Xosé M. Lombardero, Manuel Martín Otero, Gloria Monteagudo Gil, Xabier Pérez Davila, Benigno Rey Sarmiento, Antonio Veloso, Luís Viz Santomé e Xoana Yáñez.

STEG participa en xuño deste mesmo ano no Congreso de unificación de STEC e UCSTE, que se celebrou os días 2, 3 e 4 de xuño, en Madrid, baixo o lema “EN LA ENSEÑANZA, TÚ DECIDES”. Asistiron uns 300 delegados/as en representación dos diversos sindicatos confederados. No Secretariado Confederal entrante participa en representación do STEG Alexandre Bermúdez Iglesias, daquela profesor no IES Politécnico de Vigo. Entre os fins da nova Confederación (capítulo II) sinálanse expresamente “loitar polo dereito de autodeterminación dos distintos pobos do estado español” e traballar “xunto con todos os sectores sociais interesados, na conquista dun ensino público, gratuito, obrigatorio, democrático, non discriminatorio para a muller nin sexista, científico, pluralista, laico e de calidade, financiado con fondos públicos e inserido na realidade cultural do seu entorno”.

Desde o seu nacemento, STEG fai parte da Confederación de STEs, formada inicialmente polo SUATEA (Asturias), STEC (Cantabria), STE (A Rioxa), STECyL (Castela e León), STEA (Aragón), FESEC (Catalunya), STEM (Madrid), STE C-M (Castela-A Mancha), STEI (Illes Balears), STEPV (País Valencià), STE (Estremadura), STERM (Murcia), USTEA (Andalucía), STE (Melilla), STEC (Canarias), STE (Ceuta) e STEE/EILAS (Euskalherria).

Na Galiza, as centrais CXTG e INTG conflúen na Convergencia Intersindical Galega, en maio. Os secretarios xerais das respectivas seccións de ensino, Manuel Dios Diz e Henrique Tello León, asinan a unificación.

Xosé Luís Barreiro Rivas abandona a secretaría xeral de Coalición Galega, en outubro. Constitúese no seo do BNG a corrente crítica "Avante", en decembro.

Nace a revista ecoloxista *Cerna*, editada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). Bota a andar a revista de pensamento *A Trabe de Ouro*.

Morren o filósofo Althusser, as actrices Ava Gardner e Greta Garbo, o profesor Ricardo Carvalho Calero, o intelectual galeguista Ramón Piñeiro e o escritor Manuel Lueiro Rei.

"Operación Nécora" contra as redes galegas do narcotráfico. Cae preso Laureano Oubiña. 10 de marzo: o demócrata-cristián Patricio Alwyn accede á presidencia de Chile, ocupada ata entón polo sanguinario ditador Augusto Pinochet.

2 de agosto: Irak invade Kuwait. EE.UU. decláralle a guerra a Irak.

3 de outubro: reunificación das dúas Alemañas.

22 de novembro: John Major substitúe á demitida Margaret Thatcher á fronte do executivo británico.

Setembro de 1990, intento de agresión en Malpica ao deputado do BNG, Xosé M. Beiras, á saída dun pleno, cunha polémica sobre cuestións urbanísticas entre un grupo de veciños e o goberno municipal nacionalista como pano de fondo.

Atentado con vítimas mortais na discoteca "Clangor" de Compostela, atribuído ao Exército Guerrilleiro, o 11 de outubro. Masiva manifestación de estudantes contra o terrorismo en Compostela e feche institucional da Universidade, en sinal de do.

No curso 1990-91 hai na Galiza 33.020 docentes, o 78'6% na pública e o 21'4% na privada. Dese total de docentes, o 63'9% son mulleres.

Campaña en solitario do STEG pedindo a paralización do proceso de Adscrición do Profesorado.

Bota a andar, cun primeiro número de setembro-outubro e unha tiraxe de 8.000 exemplares, a revista *Escola Pública Galega*, editada polo STEG. Con sede en Vigo e impresa en Gráficas Zenit, da súa coordinación ocúpanse Mari A. Lires e *Chemi Lombardero*; da maquetación Xesús Vázquez Misser; a capa é obra de F. Mantecón e empresta apoio informático Masé P. Cabo. O consello de redacción estará composto por Ricardo Alonso, Mari A. Lires, Xosé Baldomir, Alexandre Bermúdez, X. Antón Calviño, David Cortón, Gustavo Chao, X. Ramón Gavieiro, *Chemi Lombardero*, Manuel Martín, Gloria Monteagudo, Xavier Pérez Davila, Benigno Rey Sarmiento, Antonio Veloso, Luís Viz e Xoana Yáñez.


Nas segundas eleccións sindicais do ensino non universitario na Galiza, que tiveron lugar en decembro de 1990, o STEG-STEs preséntase co lema "A FORZA NECESARIA. NO ENSINO, TI DECIDES". Os resultados foron estes:

Nº de mesas: 154; Nº de electores/as: 25.586; Nº de votantes: 17.022; Papeletas válidas: 16.910; Papeletas en branco: 648; Papeletas nulas: 112; Nº de delegados/as a elixir: 126.

Votos de cada candidatura: Convergencia Intersindical Galega (CIG): 43 representantes, 5.765 votos (34'09%); Comisións Obreiras (CC.OO.): 25 representantes, 3.158 votos (18'68%); ANPE-Sindicato Independiente: 23 representantes, 2.885 votos (17'06%); Unión General de Trabajadores (UGT): 13 representantes, 1.732 votos (10'24%); Confederación



**SINDICATO DOS TRABALLADORES
E TRABALLADORAS DO ENSINO
DE GALICIA**



ELECCIONES SINDICALES 90

de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STEs): 12 representantes, 1.811 votos (10'71%); Confederación de Sindicatos Independientes y Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF): 4 representantes, 911 votos (5'39%).

Desglosados os datos por circunscricións resultaron así:

A Coruña

Nº de mesas: 52; Nº de electores/as: 9.919; Nº de votantes: 6.381; Papeletas válidas: 6.345; Papeletas en branco: 290; Papeletas nulas: 36; Nº de delegados/as a elixir: 37. Votos de cada candidatura: Convergencia Intersindical Galega (CIG): 17 representantes, 2.526 votos (39'81%); Comisións Obreiras (CC.OO.): 8 representantes, 1.170 votos (18'44%); ANPE-Sindicato Independiente: 8 representantes, 1.259 votos (19'84%); Unión General de Trabajadores (UGT): 4 representantes, 591 votos (9'31%); Confederación de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STEs): 0 representantes, 197 votos (3'10%); Confederación de Sindicatos Independientes y Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF): 0 representantes, 312 votos (4'92%).

Na candidatura de STEG pola Coruña figuraban, no tramo inicial, Pepín Baldomir Pego, Ramón Martínez Rodríguez, Xoana Yáñez Casal, Xesús Sánchez Bugallo, Gloria Soneira Veiga, Albino Canda González, Manuel Álvarez Parada, Isabel Rodríguez Quintáns, Jorge Berdiñas Torres e Ana Brea Botana.

Lugo

Nº de mesas: 38; Nº de electores/as: 3.761; Nº de votantes: 2.729; Papeletas válidas: 2.715; Papeletas en branco: 86; Papeletas nulas: 14; Nº de delegados/as a elixir: 25. Votos de cada candidatura: Convergencia Intersindical Galega (CIG): 8 representantes, 826 votos (30'42%); Comisións Obreiras (CC.OO.): 4 representantes, 434 votos (15'99%); ANPE-Sindicato Independiente: 6 representantes, 596 votos (21'95%); Unión General de Trabajadores (UGT): 3 representantes, 342 votos (12'6%); Confederación de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STEs): 2 representantes (José Ramón Gavieiro Costa e Javier Pérez Arias), 191 votos (7'03%); Confederación de Sindicatos Independientes y Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF): 2 representantes, 240 votos (8'84%).

Ourense

Nº de mesas: 19; Nº de electores/as: 2.960; Nº de votantes: 2.271; Papeletas válidas: 2.250; Papeletas en branco: 66; Papeletas nulas: 21; Nº de delegados/as a elixir: 23. Votos de cada candidatura: Convergencia Intersindical Galega (CIG): 6 representantes, 525 votos (23'33%); Comisións Obreiras (CC.OO.): 6 representantes, 560 votos (24'89%); ANPE-Sindicato Independiente: 5 representantes, 471 votos (20'93%); Unión General de Trabajadores (UGT): 2 representantes, 216 votos (9'6%); Confederación de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STEs): 2 representantes (Felisindo Nóvoa Rodríguez e David Cortón Lamelas), 229 votos (10'18%, mais cómpre dicir aquí que faltou só 1 voto para obter o terceiro delegado/a); Confederación de Sindicatos Independientes y Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF): 2 representantes, 183 votos (8'13%).

Pontevedra

Nº de mesas: 45; Nº de electores/as: 8.946; Nº de votantes: 5.641; Papeletas válidas: 5.600; Papeletas en branco: 206; Papeletas nulas: 41; Nº de delegados/as a elixir: 35. Votos de cada candidatura: Convergencia Intersindical Galega (CIG): 12 representantes, 1.888 votos (33'71%); Comisións Obreiras (CC.

OO.): 7 representantes, 994 votos (17'75%); ANPE-Sindicato Independiente: 4 representantes, 559 votos (9'98%); Unión General de Trabajadores (UGT): 4 representantes, 583 votos (10'41%); Confederación de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STEs): 8 representantes (Gustavo Chao Fernández, Mercedes Álvarez Lires, Luís Viz Santomé, Alejandro Bermúdez Iglesias, Ricardo Alonso Fernández, Manuel Martín Otero, Xavier Pérez Davila e Ramón Casado Rodríguez), 1.194 votos (21'32%); Confederación de Sindicatos Independientes y Sindical de Funcionarios (CSI-CSIF): 0 representantes, 176 votos (3'14%).

No conxunto do Estado, nestes comicios sindicais os STES fican como terceira forza e obteñen 266 delegados/as; mentres ANPE, 324; CSIF, 209; FETE-UGT, 235; e CC.OO., 414.

Na provincia de Pontevedra circulou un panfleto anónimo dactilografado, presuntamente avalado con dez sinaturas e asinado a 21 de novembro de 1990, en que se dicía, literalmente: “Somos un grupo de profesores que nos hemos sentido engañados, pues el sindicato que votamos en las anteriores elecciones y por el que nos sentíamos representados, se encuentra absorbido por los STES. Muy a nuestro pesar, no podemos darle nuestro voto a este sindicato, ya que ello supondría apoyar a la ultraizquierda y a una pandilla de ácratas del resto de España”.

1991

Unha sentenza do TSJ de Castela-A Mancha estima a demanda interposta por unha compañeira de STE-CLM e declara o seu dereito a gozar de vacacións retribuídas a continuación da licenza por parto.

1ª Guerra do Golfo. A Cadea de televisión CNN retransmite en directo os bombardeos. As tropas estadounidenses expulsan o exército iraquí definitivamente de territorio kuwaití o 24 de febreiro.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs: “MULLERES CONTRA A GUERRA”.

Boris Yeltsin, presidente da Federación Rusa, arrebatou o poder a Gorbachov, presidente da URSS. Iníciase o proceso de desmembramento traumático e cruento da antiga Xugoslavia. Lech Walesa novo presidente de Polonia, en decembro.

Decembro: asínase o Tratado de Maastricht. A CEE convértese en Unión Europea. As dramáticas imaxes do despexo duns caseiros de Larín (Arteixo) por un grupo de policías antidisturbios enchen de carraxe a sociedade galega, en abril. En xaneiro, Alfonso Guerra abandona a vicepresidencia do Goberno, presionado polos escándalos de corrupción protagonizados polo seu irmán, Juan Guerra. Viaxe de Fraga Iribarne a Cuba.

V Asemblea Nacional do BNG, en Vigo, no mes de xaneiro. Camilo Nogueira demite en maio como secretario xeral do PSG-EG e toma o seu relevo Domingos Merino. III Congreso do PSG-EG, en setembro. Nace en novembro a organización INZAR, como resultado da unificación do Movemento Comunista de Galiza (MCG) e da Liga Comunista Revolucionaria (LCR).

O PNG, liderado por Rodríguez Peña, formaliza en decembro a súa integración no BNG. Nese mesmo mes celebra o seu IV Congreso o PSG.-EG.

En decembro, a Audiencia Provincial de Ourense absolve varios acusados polas mobilizacións durante o conflito vivido en Allariz, mais un recurso perante o Tribunal Supremo acabará desembocando, en xullo de 1993, nunha sentenza condenatoria a varios meses de prisión.

Folga no ensino galego o 7 de maio, en demanda de equiparación salarial. ANPE, CC.OO e UGT asinan o 20 de xuño co Ministerio o acordo sobre Sexenios (novo sistema retributivo). A Confederación de STES maniféstase en contra e aposta por unha verdadeira homologación do funcionariado docente, como a que se conseguira en Canarias en abril por iniciativa do STEC. Folgas e mobilizacións contra a conxelación salarial e contra a reforma do mercado laboral. Campaña da Confederación de STEs pola revalorización do traballo docente.

En marzo, STEG solidarízase cos catro docentes do IESP Manuel Antonio de Vigo expedientados (Xosé M^o Bouzón, Braulio Amaro, Carmen Taboada e Alberto Zato), participa na folga e na manifestación en Compostela convocadas para o 20 de marzo e apoia unha resolución da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra esixindo a retirada dese proceso "irregular e inxusto" do que foi instrutor José L. Mira Lema. Tras unha longa tramitación dos recursos no TSXG, este ditará sentenza en 1995 anulando case todas as sancións impostas, agás a do traslado forzoso.

Segundo número da revista *Escola Pública Galega*, correspondente a marzo-abril. Coordinada agora en solitario por Mari A. Lires, ademais de artigos de diversos membros do consello de redacción (Mari A. Lires, Chemi Lombardero, Ricardo Alonso, Xosé Baldomir, Alexandre Bermúdez, David Cortón, Xavier Pérez Davila...) e da Secretaría da Muller do STEG, presenta colaboracións de Manuel Bragado, Manuel Marrero, Ramón L. Facal, Ana Brea, Isabel Quintáns e Albino Canda.

Terceiro número da revista *Escola Pública Galega*, correspondente a maio-xuño. Contén artigos de Mari A. Lires, Manuel Marrero, Gloria Soneira, Tino Seoane, Luísa Abad, Marisé P. Mariño, Ricardo Alonso Fernández, Ramón Martínez, Mercedes Espiño, Juan Eugenio Prado Fernández e Enrique del Bosque.

Cuarto número da revista *Escola Pública Galega*, correspondente a outubro-novembro. Contén artigos de Mari A. Lires, Xosé Baldomir, J. Esteve, Alexandre Bermúdez, David Cortón, Marta Jiménez Jaén, Inmaculada Reino González, Manuel Bragado, Agustín Fernández Paz e Enrique del Bosque.

O STEG celebra en Vigo as súas II Xornadas da Lingua Galega os días 25, 26 e 27 de novembro, continuación das realizadas en Ourense no curso anterior. Intervíñeron como relatores Agustín Fernández Paz, Henrique Monteagudo, Alfonso Álvarez Gándara, Carlos Pintos Barreiro e Xosé M. Sarille.

O poeta Miguel Anxo Fernán-Vello funda a editora Espiral Maior. Nace a editorial Laiovento. A mostra "Galicia no Tempo", en Compostela, supera os 400.000 visitantes. "Os Diplomáticos de Montealto" editan o disco *Arroutada pangalaica*. 12 de febreiro: liberación de Nelson Mandela. En decembro, o Frente Islámico de Salvación (FIS) gaña as eleccións en Alxeria, con máis do 41% dos sufraxios. Golpe de estado militar para evitar que o FIS acceda ao goberno. Morren a filósofa María Zambrano, o escritor británico Graham Greene e o escritor galego Eduardo Moreiras.



CONFEDERACIÓ D'STEs - VI CONGRÉS
tallem els fils.. **AVANCEM!**



1992

Intensa xeira de mobilizacións do profesorado interino pola estabilidade.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs, co gallo do 8 de Marzo: “PARA UNHA EDUCACIÓN NON SEXISTA: COEDUCACIÓN”.

STEG, como o resto da Confederación, participa activamente nas folgas xerais do 2 de abril e do 28 de maio contra o decretazo dos “contratos-basura”, a nova Lei de Folga e pola defensa dos sectores produtivos.

Quinto e derradeiro número da revista do STEG *Escola Pública Galega*, correspondente a marzo-abril deste ano. Aparece coordinado en exclusiva por *Chemi Lombardero* e contén artigos de Mari Álvarez Lires, Alexandre Bermúdez, Benito Montero, Mercedes González Sanmamed, Begoña Salas García, Isabel Flores Seijas, o propio *Chemi Lombardero* e a Secretaría da Muller do STEG. As ilustracións deste número foron cedidas polas Cerámicas de Sargadelos.

O MEC, con Rubalcaba á fronte, decide adiar a implantación da LOXSE. Tras un longo preito, os sindicatos CIG e ELA-STV conseguen que se lles recoñeza o carácter de central sindical máis representativa e pasan a poder integrar, en función do seu respaldo nas urnas, o Consello Escolar do Estado.

Xogos Olímpicos de Barcelona e Exposición Universal de Sevilla. “Celebración” do V Centenario do “Descubrimiento” de América. Cae en marzo a cúpula de ETA en Bidart. Rigoberta Menchú, premio Nobel da Paz. Disturbios raciais en Los Ángeles (EE.UU.), en maio. Cumio da Terra en Río de Janeiro, no mes de xuño. Viaxe de Fidel Castro a Galiza. En setembro, captura en Perú de Abimael Guzmán, “presidente Gonzalo”, líder da guerrilla maoísta “Sendero Luminoso”.

Nace Esquerda Nacionalista, en abril, como corrente organizada no seo do BNG.

O BNG expulsa das súas fileiras ao alcalde Pastor Alonso e a outros militantes da zona de Noia polas súas acusacións difamatorias, nunca sustanciadas en forma de denuncias perante a Xustiza, de implicación no narcotráfico contra outros dirixentes da organización. O citado Alonso, en resposta á expulsión, promoverá en xullo a constitución do partido Alternativa Galega, de traxectoria efémera.

Fracasan en xuño as conversas entre BNG e PSG-EG para unha candidatura conxunta ás eleccións xerais.

Expulsos da INTG once sindicalistas, baixo acusación de emprestar apoio a organizacións que postulan a loita armada.

Folgas xerais na Función Pública o 26 de novembro e o 15 de decembro, polo mantemento do poder adquisitivo e a cláusula de revisión salarial. Accidente e marea negra do Petroleiro “Aegean Sea” nas costas da Coruña, en decembro.

Morren Marlene Dietrich, Atahualpa Yupanqui, Isaac Asimov, o poeta pontevedrés Manuel Cuña Novás e o poeta de Noia Antón Avilés de Taramancos.

1993

A Confederación de STEs participa o 26 de xaneiro en Estocolmo na creación da Internacional da Educación (IE).

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs, co gallo do 8 de Marzo: “NIN UN PASO ATRÁS”.

Disolución pactada e pacífica da República de Checoslovaquia. “Zapatazo” de X. M. Beiras no Parlamento galego.

A Confederación de STEs presenta un documento titulado “50 propostas para a defensa do ensino público” nas vésperas dos comicios lexislativos, que outorgarán a cuarta victoria consecutiva ao PSOE. Nesas lexislativas o BNG obtén 126.254 votos e EU-UG 73.843.

Escándalo da suspensión de pagos de IGS, xestora da promotora inmobiliaria PSV, da UGT.

O MEC, con Suárez Pertierra á fronte, decide adiar de novo a implantación da LOXSE.

O goberno central conxela o salario de todos os empregados/as públicos.

En marzo, impulsada polo PSG-EG, constitúese a plataforma política Unidade Galega.

VI Asemblea Nacional do BNG, na Coruña.

INZAR intégrase no BNG, en maio.

Nace a Asemblea da Mocidade Independentista (AMI).

José Posada, de Coalición Galega, asume o escano rotatorio que lle cede o PNV no Parlamento europeo.

O STEG celebra o seu II Congreso os días 22 e 23 de maio en Vigo, nas instalacións do Centro Cultural García Barbón. A el asistiron un total de 107 delegados/as, elixidos previamente polos aproximadamente 510 afiliados/as nas doce asembleas zonais entón existentes (A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra Norte, Salnés, Pontevedra, O Morrazo, Vigo, O Condado, Louriña e Baixo Miño). Houbo tres relatorios, elaborados e defendidos por David Cortón Lamelas, Xosé Beldomir Pego e Ricardo Alonso Fernández, respectivamente. Os debates xiraron fundamentalmente sobre a necesidade de confluencia, ou non, do STEG con outras organizacións sindicais galegas. Unha das resolucións aprobadas ía dirixida ao SGEI-CXTG propóndolle a constitución dun comité de enlace ou coordinación na procura de posicións comúns na acción sindical, dentro do respecto á soberanía de cada organización.

O II Congreso, ademais, ratificou a Xabier Pérez Davila como representante do STEG no Consello Escolar de Galiza e designou para a Secretaría de Organización a Ricardo Alonso Fernández, David Cortón Lamelas, Xesús Xosé Fernández Iglesias e Felisindo Nóvoa Rodríguez. Da Secretaría de Anovación Pedagóxica e Formación Sindical ficaron encargados Ramón Martínez Rodríguez e Carmen Valcárcel Juárez. Da Secretaría de Relacións Institucionais e Sindicais, Pepín

Baldomir Pego e Gustavo Chao Fernández. Da de Relacións coa Confederación, Bruno Centelles García, Ramón Casado Rodríguez e Rafael Redondo Monroy, mentres que da Secretaría de Administración, Afiliación e Finanzas responsabilizáronse Gloria Monteagudo Gil e Luis Viz Santomé. Finalmente, como representante do sector de Educación Infantil e Primaria foi elixido Constantino Seoane Pérez.

Primeiro disco do grupo musical “Fía na Roca”.

Morren Mario Moreno “Cantinflas”, o cineasta Federico Fellini e o bailarín Nureyev.

Bill Clinton, novo presidente dos EE.UU.

13 de setembro: O palestino Arafat e o israelí Rabin asinan un tratado de paz, coa mediación de Clinton.

28 de decembro: o Banco de España intervéñen o BANESTO de Mario Conde.

Eleccións xerais no Estado, o 6 de xuño: PP (15 escanos, co 47'1% do voto) e PSOE (11 escanos, co 35'9%) logran en exclusiva os 26 escanos en disputa nas catro circunscricións galegas. O BNG obtén un 8% dos votos (126.965) e a coaligación Unidade Galega-Esquerda Unida, un 4,71% (74.605).

Cuartas eleccións autonómicas galegas, en outubro: o PP vence con 43 escanos e o 52'21% dos votos; o PSOE obtén 19 escanos co 23'47% de votos; e o BNG, 13 escanos, co 18'4% (269.233 votos). A coaligación Unidade Galega-Esquerda Unida obtivo 44.614 votos, mais ningún deputado.

1994

Conflicto étnico e político en Ruanda entre hutus e tutsis, con matanzas xenocidas.

Revolta “zapatista” en Chiapas, liderada polo EZLN e o “Comandante Marcos”.

Matanza no mercado central de Saraxevo (Bosnia), o 5 de febreiro.

Vitoria de Mandela e do Congreso Nacional Africano de Sudáfrica, en maio: comeza o desmantelamento do “rexime de apartheid”.

Tropas rusas invaden Chechenia, en decembro.

Comeza a editarse o día 6 de xaneiro o xornal monolingüe *O Correo Galego*, en Compostela.

Nace formalmente, con base na Convergencia creada en 1990, a Confederación Intersindical Galega, CIG.

O BNG rexeita a solicitude de entrada na organización da FPG, en xuño.

Unidade Galega aproba en xullo nun Congreso Extraordinario, por 105 votos a favor, 8 en contra e 15 abstencións, a súa integración no BNG, que se fai efectiva a partir de outubro.

Nas eleccións europeas do 12 de xuño, a candidatura do BNG, encabezada por Carlos Mella, obtén o 11'4% dos votos galegos (0'75 do estatal), mais non escano.

Folga xeral en todo o Estado o 27 de xaneiro polo emprego, a negociación e a solidariedade e contra a reforma laboral.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs, co gallo do 8 de Marzo: “CONTRA A POBREZA DAS MULLERES NO MUNDO”.

A secretaria da Muller do STEG recibe o premio “Alecrín”.

Nace en xaneiro a Intersindical Canaria, con participación do STEC.

O 17 de abril STEG e Nova Escola Galega asinan un protocolo de colaboración, que abre a posibilidade de organizar e realizar actividades conxuntas e oferta reciprocamente servizos e infraestruturas ás persoas afiliadas a ambas entidades.



A ESCOLA PÚBLICA AMEAZADA POLAS POLÍTICAS NEOLIBERAIS

A política do PP, ó favorecer ó sector privado, quere rematar-lo que comezou o PSOE: “o desmantelamento desta escola pública de calidade”, propoñendo como alternativa un modelo neoliberal e mercantilista.

A recente identificación do deus mercado e todos os seus derivados: individualismo, escola privada con fondos públicos, libre elección de centro, aplicación da súa filosofía empresarial ós centros... vai en contra da escola pública, facendo que na sociedade se estea espallando,

da de avala-la educación, que gana estreitas relacións co capital cultural familiar.

Tomar en consideración variables relacionadas cunha ampla gama de obxectivos educativos, así como os elementos materiais, humanos, técnicos e metodolóxicos dispoñibles para a súa consecución.

En ningún dos estudos feitos ata agora, cando as condicións citadas son semellantes, se demostra que a calidade da escola privada é superior á da pública.

O futbolista Djukic falla o penalti que priva do título de campión de Liga ao Deportivo da Coruña. O Celta de Vigo fica subcampión na Copa do Rei.

Morren o cardenal Tarancón, o filósofo Karl Popper e os escritores Eugène Ionescu, Juan C. Onetti e Ernesto Guerra da Cal.

Do 11 ao 17 de xuño, VI Congreso Confederal de STEs en Tenerife (1ª fase).

CCOO, UGT, CSIF e CIG asinan en setembro un acordo para a Función Pública, rexeitado por STEs por non contemplar a recuperación da perda do poder adquisitivo (un 7% en 3 anos) nin a cláusula de revisión salarial e por introducir a mobilidade funcional e xeográfica, a xerarquización e criterios espurios de produtividade e competitividade. Este acordo foi botado abaixo pola Audiencia Nacional mediante sentenza de 7 de novembro de 2000.

O STEG celebra en Pontevedra o 22 de xaneiro unha Asemblea Nacional, na que, tras un tenso e prolongado debate, son sometidas a votación dúas propostas de resolución. A primeira visaba “autorizar” o Secretariado Nacional para iniciar conversas co SGEI-CXTG a fin de procurar a participación do STEG na constitución da CIG-Ensino, “quedando pendente a decisión final dun Congreso”. Foi rexeitada por 45 votos en contra, 19 a favor e 4 abstencións. A segunda proposta, moi semellante no fondo, solicitaba permiso á Asemblea Nacional para que o Secretariado Nacional “explore ata o final o camiño da integración coa CXTG na CIG”, ficando a decisión final en mans dun Congreso. Esta segunda proposta recibiu 45 votos en contra, 25 a favor e 4 abstencións. O Secretariado Nacional tomou o mesmo día o acordo, con 12 votos a favor, 0 en contra e 6 abstencións, de asumir o mandado expresado na asemblea de non participar en conversas coa CXTG de cara á integración na CIG.

O 12 de marzo o SN do STEG convoca un **Congreso Extraordinario (o III na traxectoria do sindicato)**, con dúas cuestións na orde de traballos: o modelo sindical de STEG e as perspectivas e acción sindical do STEG. Para a organización designouse unha comisión formada por Gustavo Chao, Rafael Redondo, David Cortón e Constantino Seoane. Nesa altura o STEG tiña un total de 524 afiliados/as, dos cales 376 correspondían á provincia de Pontevedra, 18 á de Lugo, 86 á de Ourense e 44 á da Coruña. No proceso congresual, varias zonas (Santiago, Vigo, Baixo Miño e O Morrazo) non elixiron compromisarios/as. As que si o fixeron foron Lugo (3 de 3), Ourense (16 de 16), Pontevedra Norte (3 de 5), A Louriña (3 de 4), O Condado (4 de 4) e Pontevedra máis Salnés (33 de 38).

O Congreso Extraordinario celebrouse en Pontevedra o 11 de xuño de 1994 e o texto a debate, elaborado por David Cortón Lamelas, foi respaldado unanimemente polo medio cento aproximado de compromisarios/as presentes no instante da votación. O relatorio avogaba por un traballo a longo prazo para consolidar o modelo sindical de STEG, pola adopción de varias medidas de reforzamento organizativo e por unha maior presenza social e apertura do sindicato e concluíu: “Existimos e existiremos por vontade propia, polo compromiso dos afiliados e afiliadas, mais aló das modas e dos intereses partidarios e sen reclamar permisos a ninguén”. Unha parte da afiliación do sindicato, desconforme con esta decisión de continuar con identidade propia e non ir á fusión con outras organizacións

sindicais nacionalistas, decidiu abandonar o STEG ou ficar pero deixando todas as responsabilidades.

O Congreso Extraordinario revocou, por iso mesmo, o Secretariado saído do II Congreso e elixiu un novo, por 45 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención. Os integrantes do novo Secretariado foron Felisindo Nóvoa Rodríguez, Gloria Monteagudo Gil, Rafael Redondo Monroy e José Casas Freire na Secretaría de Organización; David Cortón Lamelas, na de Relacións Sindicais; Gustavo Chao Fernández, na de Relacións Institucionais; Manuel Martín Otero e Antonio Veloso Álvarez, na de Anovación Pedagóxica; Ramón Casado Rodríguez, na de Relacións Confederais; Luís Viz Santomé, na de Administración, Afiliación e Finanzas; Miguel A. Jimeno Enrique, no Sector de Educación Infantil; María Jesús Otero Martínez, no de Ed. Primaria e Castor Rodríguez Travieso e Constanino Seoane Pérez, no Sector de ESO. Tras renuncia previa de Xavier Pérez Davila, que abandona STEG, foi ratificado por unanimidade Constantino Seoane para representar o sindicato no Consello Escolar de Galiza.

Celébranse en decembro as terceiras eleccións sindicais no ensino non universitario galego. STEG obtén só 7 delegados/as, dos cales 2 en Ourense (con 177 votos) e 5 en Pontevedra (con 657 votos), ao non presentar candidaturas nin pola circunscrición de Coruña nin pola de Lugo. Este rexistro de unicamente 792 votos e dúas candidaturas provinciais marca o punto máis baixo de presenza e apoio electoral na historia do noso sindicato, que viña de vivir o traumático congreso extraordinario de xuño.

Na circunscrición de Pontevedra, formada por 46 mesas e un censo de 9.418 persoas, para elixir 37 representantes, as urnas falan así: Votos brancos 228; votos nulos 28; ANPE, 699 votos e 6 delegados/as; CC.OO., 825 votos e 7 delegados/as; CSIF, 128 e ningún delegado/a; CIG, 2.010 votos e 16 delegados/as; STEG 657 votos e 5 delegados/as (Gustavo Chao Fernández, José Luís Alonso Veiguela, Luís Viz Santomé, Constantino Seoane Pérez e Ramón Casado Rodríguez), e, por último, UGT, 376 votos e 3 delegados/as.

Na de Ourense, CIG obtivo 7 delegados/as; ANPE, 8; CC.OO., 8; e STEG, 2.

Na da Coruña, CIG, 19; ANPE, 12; CC.OO., 7; e UGT, 3.

Na de Lugo, CIG, 8; ANPE, 9; CCOO, 5; UGT, 3 e CSIF, 2.

No conxunto de Galiza, con 130 postos de representación en disputa, STEG obtén 834 votos e 7 delegados/as; ANPE obtén 3.489 votos e 35 delegados/as; CSIF 704 votos e 2 delegados/as; a FETE-UGT 1.090 votos e 9 delegados/as, CC.OO. 2.738 votos e 27 delegados/as e a CIG 5.480 votos e 50 delegados/as.

No conxunto do Estado, nas eleccións sindicais de 1994 os STES, co lema “CON TU FUERZA. HAY OTRA SALIDA”, fican como segunda forza, incrementan apoios nun 20% e obteñen un total de 373 delegados/as, por 344 de ANPE, 213 de CSIF, 188 de FETE-UGT e 402 de CC.OO.

1995

VII Asemblea Nacional do BNG, en Ferrol.
A corrente Esquerda Nacionalista constitúese en partido.
APU autodisólvese, en marzo.

Folgas dos STES contra a LOPEGCE (“Ley Orgánica de Participación, Evaluación y Gobierno de los centros docentes”), tamén chamada “Lei Pertierra”. Consulta unitaria ao profesorado sobre esa lei, que resulta rexeitada polo 88% das persoas que participan nela.

Folga de mestres de taller de FP contra a LOPEGCE.

A LOPEGCE será aprobada definitivamente en novembro, co apoio de PSOE, PNV e CIU.

Acordo do MEC con varios sindicatos (ANPE, CSIF, CC.OO. e UGT) para facilitar a implantación da ESO. A Confederación de STES non o asina por entender que non se garantía unha implantación coas debidas condicións necesarias, tanto materiais como humanas.

CIG e STEG convocan en solitario na Galiza unha folga o 7 de novembro contra a LOPEGCE. A Confederación de STES fai o propio a nivel estatal, tamén en solitario.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STES, co gallo do 8 de Marzo: “TECENDO SOLIDARIEDADE”.

O Deportivo da Coruña gaña a Copa do Rei.

Carmen Blanco publica o volume *O contradiscurso das mulleres*.

Uxía edita o seu disco *Estou vivindo no ceo*.

Morre o realizador de televisión, poeta e membro do grupo “Brais Pinto” Alexandre Cribeiro.

ETA mata o concelleiro do PP Gregorio Ordóñez, o 23 de xaneiro.

Asasinato de Isaac Rabin en Tel Aviv por un ultraortodoxo hebreo, o 27 de febreiro.

Detención en Laos, en febreiro, do exdirector da Garda Civil Luís Roldán.

Atentado de ETA contra o vehículo en que viaxa José M^a Aznar, o 19 de abril.

O conservador Jacques Chirac, presidente francés, en maio.

Matanza de bosnios polos serbios en Srebrenica (11 de xullo).

1 de decembro: Javier Solana, secretario xeral da OTAN.

15 de decembro: acordo entre os 15 membros da UE para crear unha nova moeda única.

VI Congreso da Confederación de STES (2ª fase) en Platja d’Aro (Girona), os días 7, 8 e 9 de decembro deste ano, baixo o lema “CORTEMOS LOS HILOS... ¡AVANCEMOS!”.

1996

Novo acordo do MEC con varios sindicatos (ANPE, CSIF, CC.OO. e UGT) sobre condicións de traballo do corpo de mestres e mellora da calidade do ensino. A Confederación de STES non o asina por non incluír apoios específicos para o profesorado de Ed. Infantil e non asegurar o cadro de persoal con “especialistas LOXSE” para todos os centros.

Campañas do STEG polo retraso na entrega da Rede de Centros, en demanda de catálogos máis amplos, pola paralización do proceso de adscrición do profesorado e contra a conxelación salarial.

En febreiro abre o portal galego da internet *Vieiros*.

Os gaiteiros de “Treixadura” editan o disco *Obrigado*. O grupo “Berrogüetto” dá a coñecer o traballo *Navicularia*.

Morren a escritora Marguerite Duras, o actor Marcello Mastroianni e o poeta Lois Pereiro.

José Barrionuevo, exministro socialista do Interior, procesado polo caso GAL.



ETA asasina o catedrático Tomás y Valiente, o 14 de febreiro.
Vitoria electoral de Netanyahu, líder do Likud, en Israel, o 31 de marzo.
Os talibáns toman Kabul, o 27 de setembro.

3 de marzo, o PP de José M^a Aznar gaña os comicios lexislativos e goberna co apoio parlamentario de CIU e PNV. O BNG obtén 219.045 votos (13'10%) e dous deputados (Francisco Rodríguez e Guillermo Vázquez), por 14 do PP (48'31% do voto galego) e 9 do PSOE (33'54%). EU-UG obtén 61.636 votos, mais non escano.

Esperanza Aguirre, nova ministra de Educación.
O novo goberno do PP decide a conxelación salarial no sector público.
23 de maio, o xeneral da Garda Civil Rodríguez Galindo é enviado a prisión pola súa implicación na tortura e asasinato en 1983 de Lasa e Zabala.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STes, co gallo do 8 de Marzo: "PARTICIPAMOS PARA CAMBIAR O MUNDO".

O Deportivo da Coruña chega ás semifinais da Recopa de Europa.
Nace Primeira Linha (OLN).

1997

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STes, co gallo do 8 de Marzo: "¡¡¡ADIANTE!!".

STEG presenta recurso contencioso-administrativo contra a discriminación do horario lectivo do profesorado de ESO en centros de Primaria. Loita contra o Decreto de Orientación. Campaña de recollida de sinaturas para facer extensivo o nivel 24 a todo o profesorado.

Campañas e mobilizacións en defensa da escola pública e crítica pública do chamado "Pacto Escolar" ou "Declaración conxunta en favor da Educación", asinada no ámbito estatal en setembro por distintas entidades sindicais (CCOO, ANPE, FETE-UGT, CSIF, USO) e empresariais (CONCAPA, FERE, APECC, CEE) do ensino. A Confederación de STes e o STEG entenderon que ese pacto non era máis que un intento de lexitimación da lexislación regresiva en materia de educación que se viña padecendo desde había anos (LODE, LOXSE, LOPAGCE...) e unha aposta por un modelo de ensino totalmente contrario ao de carácter público, laico, gratuíto, universal e de calidade.

Reunificación de USTEC e STes en Catalunya, en novembro e constitución da Intersindical Alternativa de Catalunya (IAC).
En xullo, asínase o Convenio do Ensino Privado Concertado, que os STes cualifican como "lamentábel".

1 de xaneiro, Toni Blair novo primeiro ministro do Reino Unido.
Hong-Kong é novamente territorio baixo soberanía chinesa, o 1 de xullo.
Felipe González renuncia á secretaría xeral do PSOE, en xuño.
ETA secuestra e asasina, en xullo, a Miguel Ángel Blanco, concelleiro do PP en Ermua. A Garda Civil libera ao funcionario de prisións Ortega Lara, secuestrado por ETA.
4 de outubro: a infanta Cristina de Borbón casa con Iñaki Urdangarín.
1 de decembro: o Tribunal Supremo condena a sete anos de cárcere a 33

membros da Mesa Nacional de Herri Batasuna, por colaboración con banda armada.
11 de decembro: apróbase o Protocolo de Kioto sobre o cambio climático.

Nace a revista de análise *Tempos Novos*. Desaparece a revista *Luzes de Galiza*.
O gaitero Xosé M. Budiño edita o disco *Paralaia*.
Morren o historiador Tuñón de Lara, o oceanógrafo Jacques Cousteau, a cineasta Pilar Miró e o poeta galego Fiz Vergara Vilariño.
Clonación da ovella "Dolly", en febreiro.

Quintas eleccións autonómicas galegas: o BNG obtén 392.810 votos (24'8%) e 18 escanos. *Sorpasso* respecto do PSOE de Abel Caballero (15 escanos, 19'5% dos votos). Nova maioría absoluta do PP (41 escanos, 52'2% dos votos).

1998

"Leilía" edita o seu disco *I é verdade I é mentira*.
Morren Ramón Sampedro, a escritora Gloria Fuertes, o cineasta Akira Kurosawa e o escritor Octavio Paz.

O 13 de xaneiro a plataforma petrolífera "Discoverer Enterprise", que se estaba a construír nos asteleiros de Fene, sóltase das estachas por mor do temporal reinante e bate contra a ponte das Pías, na ría de Ferrol.
25 de abril: o desastre ecolóxico de Aznalcóllar impacta sobre o Parque Nacional de Doñana.

ILP apoiada por STEG e os STes en demanda das 35 horas de traballo semanais.
Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STes, co gallo do 8 de Marzo: "XUNTAS PARA AVANZAR".
Ruptura do STEC canario.

Nace, o 4 de decembro, a CUT (Central Unitaria de Traballadores), que celebrará congreso de constitución en abril do ano seguinte.
VIII Asemblea Nacional do BNG, en Ourense.
O 16 de xullo asínase a "Declaración de Barcelona" entre BNG, PNV e CIU.
Primeiro Congreso do partido Primeira Linha, en decembro.

10 de abril, asínase en Stormont o Pacto do Venres Santo, que abre o camiño para a pacificación de Irlanda do Norte.
O 12 de setembro, os partidos PNV, EA, Euskal Herritarrok e IU-Ezquerria Batua asinan o chamado "Pacto de Lizarra". ETA declara unha tregua. Aznar abre negociacións co MLNV e achega a cadeas próximas ao País Vasco a máis de 150 presos de ETA.
Pinochet, detido en Londres o 16 de outubro, por orde do xuíz Garzón.

No curso 1998-99 matricularóñse en ensino non universitario un total de 449.903 alumnos/as, dos/as cales o 24'3% fíxoos en centros privados e/ou privados concertados.

Cuarta eleccións sindicais no ensino non universitario galego, que se verifican o 19 de novembro. STEG preséntase nas circunscricións de Ourense, Lugo e Pontevedra, mais non na da Coruña. O seu lema nesta ocasión foi: "CONTIGO, CO TEU VOTO, FACENDO CAMIÑO..."

En Lugo a candidatura de STEG, encabezada por Branca Nazaré Guerreiro Muñoz, Manuel Hurtado López, Manuel Muñoz Ayala, Apolinar Vecino Suárez e Emilio Guerreiro Fernández obtén 131 votos, mais ningún delegado/a, ao non chegar, por tan só 35 votos de marxe, ao 5% dos votos, mínimo necesario para poder acadar representación. En Ourense obtén 318 votos e 3 delegados/as (faltaron tan só 10 votos para obter un 4º): Felisindo Nóvoa Rodríguez, Antonio Veloso Álvarez e José Casas Freire. En Pontevedra, 787 votos e 4 delegados (faltaron 5 votos unicamente para conseguir un delegado/a máis): Carlos Cortegoso Vaamonde, Miguel Ángel Jimeno Enrique, Luís Viz Santomé e Constantino Seoane Pérez.

Daquela, STEG concitou nesta ocasión o apoio de 1.236 electores (444 máis que nas anteriores eleccións) e obtivo 7 delegados/as, o mesmo número que nos comicios de 1994, aínda que cun reparto territorial distinto: gañou 1 delegado en Ourense e perdeu 1 en Pontevedra.

Na circunscrición de A Coruña, ANPE obtivo 1.173 votos e 8 delegados/as; CC.OO., 1.293 votos e 8 delegados/as; CSIF, 138 e ningún delegado/a; CIG, 2.719 votos e 18 delegados/as; SIEG (Sindicato de Interinos), 209 votos e ningún delegado/a; e, por último, UGT, 1036 votos e 7 delegados/as.

Na circunscrición de Lugo, ANPE obtivo 715 votos e 6 delegados/as; CC.OO., 398 votos e 4 delegados/as; CSIF, 325 e 3 delegados/as; CIG, 858 votos e 8 delegados/as; STEG 131 votos e ningún delegado/a; SIEG, 89 votos e ningún delegado/a; e, por último, UGT, 612 votos e 6 delegados/as.

Na circunscrición de Ourense, ANPE obtivo 393 votos e 4 delegados/as; CC.OO., 808 votos e 9 delegados/as; CSIF, 61 votos e ningún delegado/a; CIG, 513 votos e 6 delegados/as; STEG 318 votos e 3 delegados/as; SIEG, 107 votos e ningún delegado/a; e, por último, UGT, 294 votos e 3 delegados/as.

Na circunscrición de Pontevedra, cun censo de 9.921 persoas, as urnas falaron así: Votos brancos: 776; votos nulos: 60; ANPE, 669 votos e 4 delegados/as; CC.OO, 1.013 votos e 6 delegados/as; CSIF, 93 e ningún delegado/a; CIG, 2.688 votos e 16 delegados/as; STEG 787 votos e 4 delegados/as; SIEG, 151 votos e ningún delegado/a; e, por último, UGT, 1.218 votos e 7 delegados/as.

Nestas eleccións, no conxunto da Galiza, ANPE obtén 2.949 votos (16'3%) e 23 delegados/as (-12 a respecto das eleccións do 1994); CSIF, 614 votos (3'2%) e 3 delegados/as (+1); a FETE-UGT, 3.163 votos (16'9%) e 23 delegados/as (+14); CC.OO. 3.510 votos (18'8%) e 27 delegados/as (=) e, finalmente, a CIG, 6.779 votos (35'2%) e 47 delegados/as (-3).

No conxunto do Estado (salvando Nafarroa e Euskalherria), os STES, que se presentan co lema "TÚ ERES NUESTRA FUERZA... CONSTRUYENDO CONTIGO" e resultan segunda forza en apoios, obteñen 347 delegados/as (8 máis que nas anteriores, ficando como forza maioritaria en Illes Balears, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Melilla, País Valenciá e A Ríoxa); ANPE, 286 (-60 a respecto das eleccións anteriores); CSIF, 187 (-24); FETE-UGT, 253 (+65) e CC.OO 368 (-32).



1999

Fanse efectivos os trasposos de competencias educativas a Aragón, Cantabria e A Ríoxa (1 de xaneiro) e mais a Madrid e Murcia (1 de xullo).

O 26 de xaneiro, coa opinión desfavorábel de STEG, créanse os CPI (Centros Públicos Integrados), que escolarizan alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria, de 3 a 18 anos.

Concentracións de delegados/as en novembro e mobilización en Compostela o 18 de decembro, promovidas por CIG, STEG e UGT, contra o acordo retributivo asinado por CCOO e CSIF coa Xunta.

Mariano Rajoy, ministro de Educación.

Nas eleccións municipais deste ano, o BNG acada as alcaldías de Vigo, Ferrol e Pontevedra e participa ademais nos gobernos municipais de Santiago e Lugo. En xuño, Primeira Linha abandona o BNG.

Nas eleccións europeas do 13 de xuño, a candidatura do BNG, encabezada por Camilo Nogueira, obtén o 21'98% dos votos galegos (1'65% do conxunto estatal) e logra un escano en Estrasburgo.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs, co gallo do 8 de Marzo, baixo o lema: "DÁ A CARA".

Congreso Constituínte da CUT (Central Unitaria de Traballadores) en Vigo, o 19 de abril, impulsada pola FPG.

VII Congreso da Confederación de STEs en Los Alcázares, Murcia, os días 24, 25, 26 e 27 de xuño, baixo o lema: HACIENDO CAMINO... CONSTRUÍMOS ALTERNATIVAS".

29 de novembro: ETA rompe a súa tregua.

Serbia ataca Kosovo. A OTAN bombardea Serbia.

2 de febreiro: Hugo Chávez, presidente de Venezuela: comeza a "revolución bolivariana".

15 de xaneiro: o Banco de Santander fúsióname co Central Hispano.

19 de outubro. O BBV fúsióname con Argentaria.

Edítanse discos como o da gaitreira Susana Seivane, *Viaxe por Urticaria* (Berrogüetto), *Cabo do mundo* (Luar na Lubre) e *Tolemías* (Cristina Pato).

José Luís Cuedra estrea o filme *A lingua das bolboretas*, baseado nos relatos de Manuel Rivas.

Morren a cantante portuguesa Amalia Rodrigues, o cineasta Stanley Kubrick, o escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester e o poeta Uxío Novoneira.

IV Congreso STEG en Pontevedra, o 22 de maio. Despois dun período crítico, o sindicato comeza unha progresión ascendente, coa incorporación dunha nova xeración de cadros.

2000

Fanse efectivos os trasposos de competencias educativas a Asturias, Castela e León, Castela-A Mancha e Extremadura.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs, co gallo do 8 de Marzo, rexeitando a violencia contra as mulleres, co lema: "¿E TI, ... QUE É O QUE FAS?". Participación na constitución da Coordinadora Galega da Marcha Mundial de Mulleres.

Estoupido social racista e xenófobo en El Ejido (Almería), en febreiro.

12 de marzo: o PP de José M^a Aznar obtén maioría absoluta nos comicios lexislativos. O BNG acada tres deputados no Congreso (Francisco Rodríguez, Carlos Aymerich e Guillermo Vázquez), co 18'6% dos votos galegos. O PP obtén na Galiza 16 escanos e o 53'99% dos votos, mentres que o PSOE logra 6 escanos e o 23'71% dos votos. EU-IU obtén o 1'3% dos votos e ningún escano.

Pilar del Castillo, nova ministra de Educación.

20 de maio: independencia do Timor, con Xanana Gusmão como primeiro presidente.

26 de xuño: descífrase definitivamente o mapa do xenoma humano.

12 de xullo: José Luís Rodríguez Zapatero elixido novo secretario xeral do PSOE.

21 de outubro: George Bush é proclamado gañador fronte ao demócrata Al Gore nas eleccións presidenciais estadounidenses, despois dun polémico reconto de votos en Florida.

21 de novembro: ETA mata a Ernest Lluch.

22 de novembro: estoupa a chamada "crise das vacas tolas".

O Deportivo da Coruña, campión da Liga.

Edítanse os discos *Folla de lata*, do grupo "Chouteira", e *Isué*, de Mercedes Peón. Bota a andar, da man de Eds. Xerais e por iniciativa de Miguel Vázquez Freire, Fausto C. Isorna e Isabel Soto, a revista mensual infantil en galego *O Golfiño*, que edita 10 números.

Morren o poeta ourensán José Ángel Valente e o dramaturgo Antonio Buero Vallejo.

Pedro Almodóvar gaña un Óscar en Hollywood polo filme *Todo sobre mi madre*.

Dos días 21 ao 25 de xuño, celébrase en Poio, co STEG como anfitrión e con máis de 150 persoas participantes, unha Escola Sindical da Confederación de STEs, que tivo por lema "UN PASO MÁIS".

Mobilizacións do profesorado interino polo acceso diferenciado.

Paro laboral de dúas horas, o 10 de outubro, convocado polo STEG dentro da "Xornada de loita das mulleres" que promoveu a Coordinadora Nacional Galega pola Marcha Mundial.

Primeiro número da revista da Confederación de STEs, *El Clarlón*.

14 de decembro: folga de empregados públicos, secundada por STEs, a prol da recuperación do poder adquisitivo.

2001

En febreiro, IX Asemblea Nacional do BNG, en Compostela.

Novas mobilizacións do profesorado interino polo acceso diferenciado. Campañas dos STES e do STEG sobre saúde laboral do profesorado e recoñecemento das enfermidades profesionais no ensino, polo recoñecemento da función titorial, a prol da escola rural e contra a visita de George Bush.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STES, co gallo do 8 de Marzo; "CREAMOS VALORES. ESIXIMOS DEREITOS".

Folga xeral estatal o 20 de xuño.

O Celta de Vigo fica subcampión na Copa do Rei.

Nacen en maio, como colectivo de intervención sociocultural, as "Redes Escarlata".

Primeiro disco do grupo "A Quenlla": *Os tempos aínda non, non son chegados*.

Morren o escritor brasileiro Jorge Amado, o actor español Francisco Rabal e o músico dos Beatles George Harrison.

11 de setembro: atentados de Al Qaeda contra as Torres Xemelgas en New York.

Desvélese a estafa piramidal de "Gescartera".

Moción de censura do BNG ao goberno Fraga Iribarne.

En novembro, ábrese a páxina web www.stegsindicato.org e o e-mail steg@stegsindicato.org. Ata ese intre, de xeito provisorio, viñera funcionando como páxina do STEG www.novomilenio.com/steg.

O Secretariado da Confederación de STES apoia a celebración da Conferencia de Paz promovida polo colectivo pacifista vasco Elkarri.

Novembro e decembro: folgas e mobilizacións contra a LOU.

No curso 2001-2002 hai na Galiza 38.213 docentes.

Sextas eleccións autonómicas galegas, o 21 de outubro: o BNG obtén 346.423 votos (22'6%) e 17 escanos, por 41 do PP (791.885 votos, o 51'6%) e 17 do PSOE (334.819 votos, o 21'8%).

2002

O 1 de xaneiro implántase a nova moeda única europea, o euro.

A Confederación de STES participa no Foro Mundial de Porto Alegre, en xaneiro.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STES, co gallo do 8 de Marzo: "EN FEMININO, OUTRO MUNDO É POSÍBEL".

Campaña contra a política económica da UE, coincidindo coa presidencia española da mesma e participación dos STES en plataformas contra as guerras de Afganistán e Irak.

Campaña contra a nova lei de FP impulsada polo PP e apoiada por CC.OO e UGT. STEG rexéitaa porque tende a segregar a FP regrada do sistema educativo público, favorecendo a súa privatización, e non garante a oferta dunha FP pública e de calidade.



Finaliza o asedio ao presidente palestino, Yaser Arafat, na Mukata presidencial, en Ramala.

Reunións de Manuel Fraga con Xosé Manuel Beiras.

X Asemblea Nacional do BNG na Coruña, os días 27 e 28 de abril. Anxo Quintana elexido coordinador. Irrupción no Consello Nacional, con 13 postos dun total de 50 (26'6% dos votos) da corrente de Non Adscritos.

Mobilización en Compostela o 25 de maio contra a Lei de Calidade (LOCE), convocada pola "Plataforma Galega pola Defensa do Ensino Público", da que STEG fai parte.

Nova campaña a prol do acceso diferenciado para o profesorado interino.

O xornal *O Correo Galego* muda a súa cabeceira pola de *Galicia Hoxe*.

Resucita en maio a revista infantil *O Golfinho*, desta volta da man do xornal *La Voz de Galicia*, que a editará ata xaneiro de 2004.

Morren Camilo José Cela e Carlos Casares e o actor e autor teatral Roberto Vidal Bolaño.

Antón Reixa estrea o filme *O lapis do carpinteiro*, baseado na novela homónima de Manuel Rivas e Xavier Villaverde *Trece badaladas*, baseada na novela homónima de Suso de Toro.

Nace a "Biblioteca Virtual Galega", da Universidade da Coruña.

Créase o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

O 11 de xullo, o exército español, con Federico Trillo como ministro de Defensa, "reconquista" o illote Perejil, no estreito de Xibraltar.

Xuño: promúlgase a Lei de Partidos. En aplicación da mesma, o 26 de agosto o xuíz Garzón ilegaliza HB.

O 15 de maio constitúese a Intersindical Valenciana, co STEPV como membro fundador.

20 de xuño e 29 de outubro, a Confederación de STes convoca folgas xerais contra a política económica e educativa neoliberal do PP.

En novembro, catástrofe do "Prestige", "marea negra" sobre as nosas vidas e eclosión do movemento "Nunca Máis", que se manifesta masivamente en Compostela o 1 de decembro. A "Marea Gaiteira" enche de novo as rúas de Compostela o día 6 de decembro e o 11 dese mesmo mes numerosas vilas e cidades do país coñecen concentracións multitudinarias. Marea solidaria de voluntarios e voluntarias de todas as latitudes da Península e doutras partes de Europa e do mundo para a limpeza do chapapote nas praias afectadas por, disque, "hilillos de plastilina"...

A Consellaría de Educación, con Celso Currás á fronte, envía unha circular aos centros tentando impoñer a censura e impedir que se fagan neles actividades, murais, cartaces, etc., sobre a catástrofe do Prestige ou contra a guerra desatada en Oriente Medio polo "trío dos Azores" (Aznar, Blair e Bush).

A plataforma Nunca Máis enche a praza do Obradoiro no 25 de xullo para protestar contra a concesión dunha medalla de honra ao ministro de Fomento do PP Álvarez Cascos e para esixir dimisións.

Quintas eleccións sindicais no ensino non universitario galego, o 4 de decembro. O lema do STEG nestas eleccións foi: "AGORA, TI DECIDES".

No conxunto de Galiza, sobre un total de 132 delegados/as, CIG obtén 52 delegados/as (+4) e 8.084 votos; CC.OO. 30 delegados/as (+3) e 4.402 votos; UGT, 22 delegados/as (-1) e 3.311 votos; ANPE, 18 delegados/as (-4) e 2.511 votos; STEG, 7 delegados/as (=) e 1.072 votos e CSIF, 3 delegados/as (=) e 738 votos.

Na circunscrición de Pontevedra, con 10.228 electores e 341 mesas para elixir 39 delegados/as, os resultados foron estes: Votos emitidos: 7.585; Votos en branco: 657; Votos nulos: 45. ANPE, 605 votos e 4 delegados/as; CC.OO. 1.226 votos e 7 delegados/as; CIG, 3.136 votos e 18 delegados/as; CSI-CSIF, 152 votos e ningún delegado/a; STEG, 521 votos e 3 delegados/as (Rafael Redondo Monroy, M^a Jesús Otero Martínez e José Luís Alonso Veiguela); UGT, 1.259 votos e 7 delegados/as.

Na circunscrición de Lugo, con 4.265 electores e 144 mesas para elixir 27 delegados/as, os resultados foron estes: Votos emitidos: 3.397; Votos en branco: 187; Votos nulos: 8. ANPE, 595 votos (17'5%) e 5 delegados/as; CC.OO. 475 votos (14%) e 4 delegados/as; CIG, 1.013 votos (30%) e 8 delegados/as; CSI-CSIF, 356 votos (10'5%) e 3 delegados/as; STEG, 205 votos (6%) e 2 delegados/as (Gelo Portomeñe e Branca Guerreiro); UGT, 557 votos (16'4%) e 5 delegados/as.

Na circunscrición de A Coruña, con 11.939 electores e 348 mesas para elixir 41 delegados/as, os resultados foron estes. Votos emitidos: 8.422; Votos en branco: 887 (10'6%); Votos nulos: 46. ANPE, 920 votos (11%) e 5 delegados/as; CC.OO. 1.827 votos (21'8%) e 10 delegados/as; CIG, 3.247 votos (38'8%) e 19 delegados/as; CSI-CSIF, 230 votos (2'75%), ningún delegado/a; STEG, 116 votos (1'4%), ningún delegado/a; UGT, 1.149 votos (13'37%) e 7 delegados/as.

Na de Ourense, CC.OO. obtén 873 votos e 9 delegados/as; CIG, 688 votos e 7 delegados/as; ANPE 391 votos e 4 delegados/as; UGT, 346 votos e 3 delegados/as e STEG, 234 votos e 2 delegados/as (Felisindo Nóvoa Rodríguez e José Luís Fernández Casas).

No conxunto do Estado, nestes comicios sindicais de 2002 os STES, segunda forza en apoios, obteñen 363 delegados/as, ANPE, 247; CSIF, 185; FETE-UGT, 231, CC.OO. 380; e Outros (CIG, CGT, USO, etc.), 223.

Na Mesa Sectorial galega sentarán, en base aos resultados electorais, 5 delegados/as da CIG, 3 de CC.OO., 2 de UGT, 1 de ANPE e 1 de CSIF.

O diario *La Razón*, nos días previos á realización das votacións, concretamente nos exemplares dos días 25 e 26 de novembro de 2002, involucra á Confederación de STES, citando como fontes "personas próximas a la Asociación de Víctimas del Terrorismo" e o relatorio congresual "Haciendo camino", no proceso de creación, con embrión orixinario en Cataluña, "de una Batasuna estatal", na que confluirían "un conjunto de sindicatos nacionalistas y de extrema izquierda". Tratábase, segundo o redactor da nova, Arias Borque, de ir á "creación de un entramado de sindicatos aparentemente moderados, pero con líderes radicales, que deben operar en sus respectivas regiones. El sindicato base sobre el que se cimienta el proceso es la Confederación de Sindicatos de Trabajadores de la Enseñanza (STES)". Semellante patraña só existía na reaccionaria imaxinación do xornalista.

2003

1 de xaneiro: Luíz Inácio Lula da Silva, *Lula*, presidente do Brasil polo PT (Partido dos Trabalhadores).

Cadea humana de profesorado e estudantado na Costa da Morte, organizada polo colectivo Area Negra, o 22 de xaneiro, con máis de 55.000 persoas participantes.

Multitudinaria manifestación de “Nunca Máis” en Madrid, o 23 de febreiro.

O 15 de febreiro EE.UU. ataca Irak. O cámara José Couso e o xornalista Julio Anguita Parrado perden a vida por disparos de soldados norteamericanos en Irak.

O Tribunal Supremo ratifica en marzo a ilegalización de HB.

26 de maio, accidente do Yak-42 en Turquía, con tropas españolas a bordo que regresaban de Afganistán. O ministerio de Defensa realiza un recoñecemento e traslado dos restos mortais dos falecidos no accidente en condicións lamentábeis.

Xullo: peche por orde xudiciaria do xornal euskaldun *Egunkaria*, pola presunta colaboración dos seus responsábeis con ETA. Sete anos despois, en abril de 2010, a Audiencia Nacional absólveos desa acusación, mais non determina as indemnizacións correspondentes.

“Ponte nas Ondas” promove a candidatura do patrimonio cultural inmaterial galaico-portugués na UNESCO.

Primeira edición do festival de música da lusofonía “Cantos na Maré”, en Pontevedra.

A Real Academia Galega reforma parcialmente as *Normas* da lingua para facilitar unha “normativa de consenso”.

Morren o escritor Manuel Vázquez Montalbán, o dramaturgo Francisco Taxes, o diplomático galeguista Lois Tobío Fernández, a poeta e tradutora Xela Arias e o escritor e académico Domingo García-Sabell.

A Confederación de STES participa nun novo Foro Mundial de Porto Alegre, en xaneiro.

A Confederación de STES edita o volume *Sindicalismo autónomo y asambleario en la enseñanza. 25 años (y más) de STES*.

Celébrase o VIII Congreso da Confederación STES-i, en Poio, con asistencia duns 200 delegados/as.

O STEG abre novo local en Compostela, nas Galerías Belén da Avenida Rosalía de Castro, nº 29. Aténdeno as compañeiras Ilda Lortes e Concha Fernández. Do mesmo xeito, traslada sede en Ourense da Rúa Arcediagos ás Galerías Xesta da Rúa de Santo Domingo, nº 60.

XI Asemblea Nacional do BNG, os días 22 e 23 de novembro. A candidatura de Anxo Quintana para optar como cabeza do BNG a unha hipotética presidencia da Xunta obtén o 75'2% dos votos, fronte ao 22'3% que obtén a que encabeza Camilo Nogueira. Na elección de representantes no Consello Nacional, a corrente de Non Adscritos obtén o 20'4% dos votos e 14 postos de 50 fronte á vencedora lista “oficial”, encabezada por Beiras e Quintana.

Celébrase en Lugo o V Congreso do STEG, os días 28 e 29 de novembro, baixo o lema: “A ALTERNATIVA AUTÓNOMA E ASEMBLEARIA. POLA ESCOLA PÚBLICA GALEGA”. O quiñón máis relevante nos debates lévano as actualizacións organizativas dun STEG en clara dinámica de crecemento e consolidación. O Secretariado Nacional que sae deste Congreso estará composto por Branca Guerreiro, Concha Fernández, Concha López, Conchi Lovelle, Felisindo Nóvoa, Francisco Legaspi, Gelo Portomeñe, Ilda Lortes, Moncho Casado, Pepe Cabido, Susana Hermo, Tareixa Dacosta, Tucho Méndez, Verónica Pérez e Xoán Valiño.

14 de decembro: é capturado e feito prisioneiro en Irak Saddam Hussein.



As mulleres somos máis
do 60% do persoal docente,
distribuídas como segue:



CONFEDERACION DE SINDICATOS
DE TRABALLADORES DO ENSINO

2004

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “GOZA DAS DIFERENZAS. A DISCRIMINACIÓN MATA”.

11 de marzo: atentado islamista en Madrid, con bombas en catro trens de cercanías. Case dous centenares de mortos e 1.400 feridos. Contra todas as evidencias, o Goberno de Aznar, co ministro do Interior Acebes á fronte, mantén e reitera durante moitas horas e comparecencias públicas a tese da autoría de ETA, desatando a indignación de moitos sectores da cidadanía, que se manifestan diante das sedes do PP en numerosas localidades de todo o Estado durante a xornada de reflexión dos comicios lexislativos do 14 de marzo.

Eleccións xerais o 14 de marzo. Vitoria do PSOE de José Luís Rodríguez Zapatero, co 42'59% dos votos estatais (164 escanos). Os 24 escanos que corresponden ás catro circunscricións galegas repártense así: PP, 12 (47'15% dos votos); PSOE, 10 (37'19% dos votos) e BNG, 2 (Francisco Rodríguez e Olaia Fernández Davila), co 11'37% dos votos, 1 escano menos que nas anteriores. EU-IU non obtén escano galego, co 1'7% dos votos.

Zapatero constitúe o primeiro goberno paritario da historia no Estado español: 8 ministros e 8 ministras, con M^a Teresa Fernández de la Vega como Vicepresidenta Primeira.

O 27 de abril, PNV, CIU e BNG asinan o “Pacto Galeuscat”.

O 1 de maio a Unión Europea ampliase a 25 estados, coa incorporación das repúblicas de Chequia, Eslovaquia, Hungría, Polonia, Letonia, Lituania e Estonia.

Os días 22 e 23 de maio mobilización europea en Vigo da Marcha Mundial das Mulleres.

Nas eleccións europeas do 13 de xuño, a candidatura do BNG, encabezada por Camilo Nogueira (3^a na lista coaligada), obtén o 12'32% dos votos galegos, mais non escano.

Margarita Ledo Andión estrea o filme documental *Santa Liberdade*.

Morren a escritora norteamericana Susan Sontag, o cantante Ray Charles, o actor Marlon Brando, o poeta de noso Manuel María e a música e poeta Luísa Villalta.

Apróbase no Parlamento galego, por unanimidade, un Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, co obxectivo principal de “garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións”.

O BNG aproba en novembro no seu Consello Nacional unha proposta de bases para un novo Estatuto de Autonomía para Galiza.

1 de setembro: matanza de Beslán, en Osetia do Norte, ao entraren pola forza as tropas rusas nun colexio en que activistas chechenos armados retiñan máis de 300 reféns.

2 de novembro: George Bush, reeleito presidente dos EE.UU.

11 de novembro: morre nun hospital de París, vítima dunha estraña doenza probablemente produto dun envelenamento, o líder palestino Yaser Arafat.

26 de decembro: maremoto ou *tsunami* devastador nas costas do Océano Índico.

30 de decembro: o Parlamento vasco saca adiante o chamado “Plan Ibarretxe”.

2005

Teresa Moure edita o ensaio *A palabra das fillas de Eva*.

Morre o histórico dirixente do Partido Comunista Portugués, PCP, Álvaro Cunhal.

Morren o poeta ourensán Antón Tovar e a escritora María Victoria Moreno. Alejandro Amenábar obtén un Óscar polo filme *Mar adentro*, inspirado na vida e morte do activista galego polo dereito á eutanasia Ramón Sampredo.

No mes de febreiro, as Cortes españolas rexeitan o “Plan Ibarretxe”.

O día 20 deste mesmo mes ten lugar o referendo sobre ratificación da Constitución europea. No conxunto do Estado, a participación é do 42%, cun 76'73% de votos favorábeis e un 6'03% de votos en branco. Nas catro circunscricións da Galiza, as porcentaxes de votos favorábeis foron do 80'71% na Coruña, 82'05% en Lugo, 80'13% en Pontevedra e 85'40% en Ourense. Só votou o 43% do censo galego. A porcentaxe de voto negativo foi do 12'5%.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “IMOS A MEDIAS. A CORRESPONSABILIDADE, CLAVE DA IGUALDADE”.

Primeira edición do calendario “Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo”, editado pola Secretaría da Muller da Confederación de STEs e pola Asemblea de Mulleres do STEG.

2 de abril: morre o Papa católico Xoán Paulo II (Karol Woityla).

Beiras demite como presidente do Consello Nacional e renuncia a todos os seus cargos no BNG, en abril.

O 27 de xuño a UNESCO declara a Torre de Hércules Patrimonio da Humanidade.

Xullo: o IRA renuncia definitivamente ás armas.

O STEG celebra en maio unha Asemblea Nacional para estudar e avaliar criticamente o documento programático para a reforma do ensino promovida polo PSOE titulado “Una educación de calidad para todos y entre todos”.

Sétimas eleccións autonómicas galegas, o 19 de xuño: o BNG obtén 311.954 votos (18.89%) e 13 escanos; o PSOE, 555.603 (33'64%) e 25 deputados; o PP, 756.562 (45'81%) e 37 deputados. EU-IU, con 12.419 votos (0'75%), a FPG, con 2.982 (0'18%) e NÓS-UP, con 1.749 (0'11%) non obteñen representación.

Goberno “bipartito” PSOE/BNG na Xunta (presidente Emilio Pérez Touriño e vicepresidente Anxo Quintana).

30 de xuño: o Congreso estatal español aproba a modificación do Código Civil que permite o matrimonio de parellas do mesmo sexo.

En agosto, o furacán “Katrina” arrasa o estado de Nova Orleáns, nos EE.UU.

2006

Ruptura en ADEGA: constitúese unha nova asociación ecoloxista galega, VERDEGAIA, que promove a revista dixital *Cos pés na terra*.

Nace o Movemento pola Base (MpB) e a súa organización xuvenil ISCA.

Evo Morales toma pose do seu cargo de presidente de Bolivia, o 21 de xaneiro.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: "IGUALDADE: MÁIS FEITOS E MENOS PALABRAS".

11 de marzo: Michelle Bachelet accede formalmente á presidencia da República en Chile, logo de gañar a segunda volta dos comicios en xaneiro.

22 de marzo: declaración de ETA de alto o fogo permanente.

30 de marzo, apróbase no Congreso o novo Estatuto de Cataluña, sensibelmemente recortado a respecto do texto aprobado inicialmente polo Parlamento catalán. O 18 de xuño sométese a referéndum: 50'59 % de abstención e 73'9% de votos afirmativos.

O gasto público educativo en porcentaxe sobre o PIB en España, neste ano, foi do 4'31%, case unha décima menos que en 2004 (4'4%). Na Galiza supuxo o 4'56% (fronte ao 4'57% en 2004). O gasto público por alumno/a na Galiza foi este ano de 6.514 €.

En marzo o STEG traslada a súa sede en Compostela ao nº 15, baixo, da Avenida de Coímbra.

Morre a poeta ourensá Pura Vázquez e o escritor noiés Xosé Agrelo Hermo.

Sextas eleccións sindicais no ensino non universitario galego. O lema do STEG foi "TRABALLANDO POLO ENSINO PÚBLICO. UN IMPULSO NOVO".

Cun censo total de 31.435 persoas, os resultados globais na Galiza foron estes: Votos en branco: 1.878 (+19), un 8'12% (-0'35). ANPE: 2.546 votos (+55 a respecto de 2002), un 11% do total (-0'25%) e 17 delegados/as (-1); CCOO: 4.165 (-236), un 18% do total (-2'02%) e 27 delegados/as (-3); CIG: 8.484 (+393), un 36'6% (-0'3) e 53 delegados/as (+1); CSIF: 681 (-57), un 3'2% (-0'16) e 3 delegados/as (=); STEG:

1.903 (+837), un 8'96% (+4'09) e 14 delegados/as (+7); UGT: 3.459 (+149), un 16'3% (-0'74) e 22 delegados/as (=).

Na circunscrición de Pontevedra, con 11.020 electores e 41 postos a cubrir, os resultados foron estes: Votos emitidos: 8.122; Votos en branco: 729 (9'02%). ANPE, 638 votos (7'90%), 3 delegados/as (-1); CCOO, 1.279 votos (15'83%), 7 delegados/as (=); CIG, 3.395 votos (42'03%), 19 delegados/as (+1); STEG, 652 votos (8'07%), 4 delegados/as (+1); UGT, 1.385 (17'15%), 8 delegados/as (+1).

Na circunscrición de Lugo, con 4.365 electores e con 27 postos a cubrir, os resultados foron estes: Votos emitidos: 3.560 (81'5%); Votos en branco: 155 (4'3%). ANPE, 612 votos (17%), 5 delegados/as (=); CCOO, 416 votos (11'6%), 3 delegados/as (-1); CIG, 979 votos (27'3%), 8 delegados/as (=); CSI-CSIF, 399 votos (11'1%), 3 delegados/as (=); STEG, 331 votos (9'25%), 3 delegados/as (+1); UGT, 670 votos (18'7%), 5 delegados/as (=).

Na circunscrición de A Coruña, con 12.800 electores e 43 postos a cubrir, os resultados foron estes: Votos emitidos: 8.849 (69%); Votos en branco: 838 (9'5%). ANPE, 923 votos (10'4%), 5 delegados/as (=); CCOO, 1.637 votos (18'4%), 9 delegados/as (-1); CIG, 3.417 votos (38'6%), 19 delegados/as (=); CSI-CSIF, 282 votos (3'1%), ningún delegado/a (=); STEG, 636 votos (7'1%), 4 delegados/as (+4); UGT, 1.066 votos (12 %), 6 delegados/as (-1).

Na circunscrición de Ourense, con 3.250 electores e 25 postos a cubrir, os resultados foron estes: Votos emitidos: 2.646 (81'41%); Votos en branco: 118 (4'45%). ANPE, 379 votos (14'32%), 4 delegados/as (=); CCOO, 831 votos (31'40%), 8 delegados/as (-1); CIG, 688 votos (26%), 7 delegados/as (=); STEG, 289 votos (10'92%), 3 delegados/as (+1); UGT, 332 votos (12'54 %), 3 delegados/as (=).

As persoas representantes do STEG nas Xuntas de Persoal Docente de cada provincia foron: **A Coruña:** Maiuca Cortón Tesouro, Xosé Anxo Fernández Otero, Mª Antonia Callón Cameán e Juan José Filgueiras Rodríguez. **Lugo:** Branca Guerreiro, Gelo Portomeñe e Mercedes Grueso Valiño. **Ourense:** Conchi G. Lovelle, José A. Veloso e Concha López. **Pontevedra:** Alicia Troncoso Alonso, José Manuel Blanco Guimarey, Trinidad Pérez-Labaca Diz e Pedro Manuel Lamas Carral.



Relixión obrigatoria,
non gracias



Sindicato de Traballadoras
e Traballadores do Ensino
de Galicia

IV CONGRESO
S.T.E.G.

Pontevedra, 22 de maio

En virtude dos resultados obtidos, STEG obtivo un posto na Mesa Sectorial de Educación galega.

Tocante ao ámbito estatal, os STES obtiveron 388 delegados/as (21'88%), isto é, 30 máis que nos comicios anteriores; CC.OO. 403 (22'73%), isto é, 29 máis; ANPE, 281 (15'85%), isto é, 36 máis; UGT, 243 (13'71%), isto é, 14 máis; CSIF, 216 (12'18%), isto é, 23 máis; e, finalmente, Outros Sindicatos, 242 (13'65%).

XII Asemblea Nacional do BNG, en Compostela, os días 2 e 3 de decembro. Preséntanse catro candidaturas ao Consello Nacional: a encabezada por Quintana co apoio da UPG (que obtén finalmente o 62'56% dos votos e 31 postos), a do Encontro Irmandiño encabezada por Beiras (17'07% dos votos, 9 postos), a encabezada por Camilo Nogueira (11'6% dos votos, e 5 postos) e a do MpB (9'32% dos votos, 5 postos).

2007

1 de xaneiro, ETA comete un atentado mortal na T-4 do aeroporto de Barajas. O accidente do cargueiro "Ostedijk", en febreiro, provoca unha nube tóxica na ría de Viveiro.

17 de xaneiro: a falta de acordo entre Touriño, Quintana e Núñez Feijóo deixa definitivamente aparcado o proxecto de novo Estatuto de Autonomía para Galiza. 17 de marzo: inaugúranse as primeiras "Galescolas".

Folga do naval en Vigo, con asalto ao edificio da delegación da Xunta, o 15 de maio.

Embarcacións de pesca e marisqueo bloquean na ría de Ferrol un cargueiro alxeriano que se dirixía á factoría de REGANOSA, en maio.

O laborista Gordon Brown sucede a Tony Blair no Reino Unido.

O 21 de xullo nace o Encontro Irmandiño, que celebra asemblea constituínte en outubro.

O 22 de xullo a Audiencia Nacional ordena o secuestro da revista satírica *El Jueves*, por unha portada en que se caricaturiza os príncipes de Asturias realizando o acto sexual. Os autores da caricatura serán condenados a unha multa de 6.000 euros. O Estado español compra a illa de Sálvora, o 11 de setembro.

Sentenza aos procesados pola matanza do 11 de marzo en Madrid.

No transcurso do Cumio Iberoamericano de Chile, en novembro, o rei de España admoniza Hugo Chávez coa frase "¿Por qué no te callas?".

Conflito polos despexos no poboado xitano de O Vao (Poio), en novembro.

10 de decembro: Cristina Fernández, presidenta de Arxentina.

13 de decembro: tras os rexeitamentos en referendo da Constitución europea polos franceses e os holandeses, a UE asina como "substitutivo" daquela o Tratado de Lisboa.

30 de decembro: morre o político lalinés Xosé Cuíña.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STes, co gallo do 8 de Marzo: "COMPARTINDO CUIDADOS E AFECTOS COMPARTIMOS A VIDA".

No curso 2007/08 entra en vigor a LOE.

STEG asina acordo retributivo coa Consellaría de Educación, para recuperar

parcialmente o poder adquisitivo perdido (máis do 11'5%) polo persoal docente entre 1997 e 2007.

Todas as organizacións sindicais, agás STEG, asinan en xuño coa Consellaría uns novos catálogos e unha nova xornada laboral de Infantil e Primaria.

En setembro entra en vigor a nova Lei da Función Pública.

O IX Congreso da Confederación de STes-Intersindical, celebrado os días 15, 16, 17 e 18 de novembro en Salamanca baixo o lema "EL FUTURO NECESARIO", aproba a creación da Confederación Intersindical, á que se suma tamén o Sindicato Ferroviario (SF).

Do total de docentes que exercen na Galiza no curso 2007/08, o 67'2% son mulleres.

O RD 696/2007 de 1 de xuño estabiliza o profesorado de relixión, convertendo os seus contratos temporais (de persoal laboral, non docente) en indefinidos. Un desenvolvemento posterior da Consellaría de Educación, en xullo deste ano, permite que realicen funcións que son propias do funcionariado docente, como titorías, dinamización da convivencia escolar, dinamización da biblioteca, gardas... O STEG formula recurso diante do TSXG contra estas disposicións.

Estrea do filme *Pradolongo*, de Ignacio Vilar. Margarita Ledo Andión estrea o filme documental *Liste, pronunciado Lister*. Aurora Marco publica o seu *Diccionario de mulleres galegas*. Morre o poeta de Negreira Xosé M. López Gómez (*Ardeiro*).

Nace a revista mensual de humor galego *Retranca*, baixo a dirección de Kiko da Silva, que editará un total de 33 números e desaparecerá en decembro de 2011.

Celébrase en Compostela, os días 9 e 10 de xuño, o VI Congreso Nacional do STEG, baixo o lema UN IMPULSO NOVO. Unha emenda presentada por Pepe Cabido e Roberto Rodríguez e aprobada polos compromisarios/as (28 votos a favor, 11 en contra e 8 abstencións) fai que se adopte a forma Galiza na denominación do Sindicato. O relatorio de Organización é aprobado por unanimidade, con unha soa abstención.

2008

23 de xaneiro: os palestinos de Gaza rompen as barreiras fronteirizas con Exipto para burlar o bloqueo israelí ao seu territorio. En marzo as tropas israelís perpetran unha matanza de palestinos na franxa de Gaza e no campamento de refuxiados de Yabalia.

16 de febreiro: Kosovo declárase independente.

24 de febreiro: Raúl Castro asume a presidencia cubana, en substitución de seu irmán Fidel, enfermo.

9 de agosto: tropas rusas penetran no norte de Xeorxia.

4 de novembro: Barak Obama vence nas eleccións presidenciais norteamericanas.

No curso 2008-2009 matriculáronse en ensino non universitario un total de 370.229 alumnos/as, dos cales o 27'8% (103.182) fíxoos en centros privados e/ou privados concertados. Neste mesmo curso hai na Galiza 40.485 docentes, o 79'9% na pública e o 20'1% na privada. Dese conxunto de profesorado, o 36% tiña entre 50 e 60 anos e o 8'3% máis de 60 anos. Estas taxas ofrecen un cadro

de avellentamento moito máis alto que o respectivo a nivel estatal (28% e 2'8%, respectivamente).

Campaña do STEG por un Bacharelato de calidade.

En febreiro, STEG abre local en Vigo, grazas á colaboración co Sindicato Ferroviario.

No inicio do curso 2008/09 STEG denuncia que centos de profesores e profesoras de primaria están a impartir aulas en especialidades distintas das que lle correspondería.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: "QUE NON CHE POÑAN LÍMITES".

Estourido racista contra o realoxo dos xitanos do poboado de Penamoa, na Coruña, en marzo. O 19 de xuño comeza o derrubo dese poboado.

O STEG secunda as mobilizacións que para o 23 de xaneiro convoca a Marcha Mundial das Mulleres polo dereito ao aborto libre e gratuíto na sanidade pública.

O STEG demanda en febreiro que se oferten as linguas existentes no territorio estatal en todas as escolas oficiais de idiomas. En maio formula a esixencia de que a través das EOI se poida acceder ao máximo nivel de dominio lingüístico contemplado no Marco de Referencia Europeo.

O TSXG admite a trámite en febreiro o recurso de STEG contra a Orde da Consellaría que permite ao profesorado de relixión exercer funcións propias do funcionariado docente.

Tras formular innúmeras denuncias públicas e no Servizo Galego de Igualdade, STEG consegue que a Consellaría, mediante a Orde do 7 de abril de 2008, poña fin á discriminación das interinas e substitutas cos permisos de maternidade.

O Consello da Xunta aproba en xuño un novo decreto de Bacharelato, desoíndo as recomendacións da comunidade educativa e rachando o consenso en materia educativa. A proposta do STEG pasaba porque se ofrecesen dúas modalidades de bacharelato en todos os centros e a modalidade de arte en todas as grandes vilas e cabeceiras de comarcas, ademais de recuperar horas para as materias de Educación Física e Filosofía, ofertar Música como optativa nos dous cursos e concentrar as dúas horas da materia de Relixión en 2º de BACH tendo como alternativa Técnicas de Estudo ou Estudo con apoio docente para preparar a selectividade.

Suspende pagos a inmobiliaria Martinsa-Fadesa.

Bancarota da entidade de investimentos financeiros norteamericana "Lehman Brothers". Un novo "crack" dá comezo a outra grave crise do capitalismo.

O 2 de setembro descúbrese nunha cova de Triacastela un xacemento neanderthal.

O 27 de setembro falece o compañeiro Xesús Rodríguez Jares, pedagogo e catedrático da Universidade da Coruña, un dos persoeiros máis senlleiros da educación galega e fundador do grupo de Educadores Pola Paz.

Batalla campal entre sectores enfrontados de mexilloeiros en Vilanova de Arousa, en setembro. Desaloxo dos veciños do barrio do Celeiriño (Celeiro, Viveiro) por risco inminente de derrubamento de varios edificios.

8 de marzo: DÍA DAS MULLERES

Creamos VALORES

Esiximos DEREITOS



- Creamos valores, esiximos dereitos.
- A Lei de conciliación entre a vida laboral e a vida familiar desde unha perspectiva feminista.
- Pobreza, exclusión, marxinação, teñen nome de muller. Nin un minuto para o patriarcado, nin unha peseta para o neoliberalismo.



A Consellaría de Educación volve concertar colexios do OPUS que segregar o alumnado por cuestión de sexo. STEG leva adiante unha campaña de protesta con recollida de sinaturas. A Consellaría anuncia en xaneiro de 2009 que non renovará no futuro eses concertos.

O STEG esixe en novembro á Consellaría de Educación a retirada de oficio de toda a simboloxía relixiosa dos centros de ensino de Galiza.

O STEG é o único sindicato que se opuxo na Mesa Sectorial a que no concurso de traslados 2008/2009 se puidese concursar a prazas de sección bilingüe.

O 9 de decembro aparece o primeiro número impreso do *Xornal de Galicia*.

Teresa Moure edita o ensaio *O natural é político*.

Morren os escritores galegos Camilo González Suárez-Llanos (*Camilo Gonsar*), Anxo Rei Ballesteros, Xosé Carlos Gómez Alfaro e Ramiro Fonte e o político nacionalista e historiador Lois Obelleiro.

Eleccións lexislativas o 9 de marzo: vitoria socialista co 43'86% dos votos, mais sen maioría absoluta. Dos 24 deputados das catro circunscricións galegas, o PP obtén 11 (43'9% dos votos), o PSOE, 10 (40'6% dos votos) e o BNG, 2 (11'5% dos votos): Francisco Jorquera e Olaia Fernández Davila.

8 de novembro: nace, como escisión de Esquerda Nacionalista, o Espazo Socialista Galego.

2009

7 de febreiro: ruptura do Movemento pola Base. O sector que fica no BNG adopta o nome de Movemento Galego ao Socialismo (MGS).

Salta á opinión pública, tras a denuncia presentada pola Fiscalía na Audiencia Nacional, o escándalo da "Gürtel", unha rede de corrupción vinculada ao PP e encabezada polo empresario Francisco Correa. Unha das empresas da trama, "Special Events", organizou entre 1996 e 1999 todos os actos políticos do PP galego.

O 11 de febreiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza emite sentenza favorable á regulación da relación laboral do profesorado de relixión, rexeitando así o recurso presentado polo STEG.

En marzo, STEG pronúnciase criticamente sobre a aplicación do Plan Boloña nas Universidades galegas.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: "QUEREMOS ESTAR EN TODAS".

Estrea da adaptación cinematográfica, feita por Antón Dobao, da novela *O club da calceta*, de María Reimóndez.

En maio morre o escritor uruguaio Mario Benedetti e en outubro a cantante arxentina Mercedes Sosa. Tamén falece o dramaturgo galego Daniel Cortezón.

En abril, coincidindo co cumio do G-20 que se celebrou en Londres, os STEs demandaron do goberno español o aumento ata un 7% do PIB para a educación pública.

10 de maio, Asemblea Nacional Extraordinaria do BNG: a candidatura de Guillermo Vázquez ("Alternativa pola Unidade") vence á de Carlos Aymerich para a portavocía da organización: 55'1% vs. 44'9%. Na nova Executiva, ApU ten 7 membros, +BNG outros 7 e o MGS, 1. No Consello Nacional entrante, ApU obtén o 45'29% e 23 representantes; +BNG, o 36'82% e 18 representantes; o Encontro Irmandiño liderado por Beiras, o 14'76% e 7 representantes e o MGS, o 3'13% e 2 representantes.

Constitúese a corrente "Máis Galiza" dentro do BNG.

Nas eleccións europeas do 7 de xuño, a candidatura do BNG, encabezada por Ana Miranda (nº 2 dentro da coaligación Europa dos Pobos-Verdes, liderada por Oriol Junqueras, de ERC) obtén o 9'18% dos votos galegos. O carácter rotatorio do único escano obtido por esta coaligación permitiralle a Miranda exercer como deputada nunha parte da lexislatura.

STEG rexeita a enquisa ás familias da Consellería de Educación para determinar a lingua vehicular.

A Consellería de Educación, de novo en mans do PP, retoma en agosto as subvencións aos colexios que segregar alumnado por sexo e o STEG presenta un recurso contra esta decisión.

O STEG e outras organizacións sindicais convocaron folga do persoal docente das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Galiza para os días 9 e 10 de setembro co obxecto de que a Consellaría de Educación retirase a circular 5/2009, na que se ditaban instrucións sobre o procedemento de admisión e matrícula e organización académica nas EOI para o curso 2009-2010 e que representaba un retroceso importante no horario lectivo, complementario e nas reducións horarias por desempeño de diferentes funcións realizadas neses centros.

STEG protesta pola drástica redución de unidades e de profesorado no ensino público (máis de 500 docentes) levada a cabo pola Consellaría no inicio de curso 2009/10 e pola modificación do programa de gratuidade dos libros de texto.

STEG traslada o seu local de Vigo á Rúa Doutor Cadaval, 33-2º e abre sede nova en Pontevedra, na Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201.

Máis de 50.000 persoas maniféstanse o 18 de outubro en Compostela en defensa do galego.

Nacen as plataformas Queremos Galego, Galego Sempre Máis e Prolingua.

No seu V Congreso, o 24 de outubro, a CIG-Ensino reelixe como secretario nacional a Anxo Louzao.

O 3 de novembro, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo fai pública unha sentenza en relación á presenza de crucifixos nas aulas, considerándoa un feito "contrario ao dereito".

21 de novembro: elementos próximos á UPG que abandonan o Sindicato Labrego Galego constitúen a Federación Rural Galega, FRUGA.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 25 de novembro: "MACHISMO? NON, GRAZAS: MATA".

Editase en decembro o número 0 da revista *ESTEGA*, dedicado á situación da lingua galega no ensino, con artigos, colaboracións e opinións de Sechu Sende, Valentina Formoso Gosende, Emilio Xosé Ínsua, Miguel Louzao Outeiro, Ana Mª Pérez Rico, Valentim R. Fagim, Pablo Gamallo e Carlos Negro.

Oitavas eleccións autonómicas galegas, o 1 de marzo: o BNG obtén 270.712 votos (16'28%) e 12 escanos; o PSOE, 524.488 (31'54%) e 25 deputados; o PP, 789.427 (47'47%) e 38 deputados, isto é, maioría absoluta. EU-IU, con 16.441 votos (0'99%), a FPG, con 2.903 (0'17%) e NÓS-UP, con 1.510 (0'09%) non obteñen representación.

2010

12 de xaneiro: terremoto devastador en Haití.

21 de xaneiro: folga masiva no ensino, convocada por STEG e CIG e secundada por outras organizacións e manifestación multitudinaria na Praza do Obradoiro, en Compostela, contra o Decreto de Plurilingüismo.

1 de febreiro: entra en funcionamento a TDT e apágase o sinal analóxico de televisión.

15 de febreiro: Premio "Goya" para o actor galego Luís Tosar, pola súa interpretación no filme *Celda 211*.

18 de febreiro: José Mª Aznar faillles a "peineta" aos estudantes da Universidade de Uvieu.

En febreiro, os sindicatos de traballadoras e traballadores do ensino de Catalunya (USTEC-STES IAC), das Illas Balears (STEL-i), do País Valencià (STEPV-lv), de Galiza (STEG) e de Euskal Herria (STEE-EILAS) maniféstanse a prol de continuaren a tarefa de normalización lingüística, iniciada xa desde o final da ditadura, co fin de modificar unha situación de inxusta discriminación das súas respectivas linguas e comprométense a estreitar e afondar neste traballo conxunto, tanto nos seus territorios como no estado español e en Europa.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do

STEG, co gallo do 8 de Marzo: "O MODELO FEMINISTA NON ESTÁ EN CRISE".

23 de marzo: o expresidente balear do PP e exministro de Medio Ambiente no goberno Aznar, Jaime Matas, imputado por doce delitos fiscais.

7 de maio: O conservador David Cameron, novo primeiro ministro británico.

Masivas protestas en Grecia contra o plan de axustes imposto pola Troika, en maio.

O 11 de maio fusiónanse Caixanova e Caixa Galicia.

30 de maio: comeza as súas emisións "V Televisión", vencellada ao xornal *La Voz de Galicia*.

O STEG condena enerxicamente a agresión do Estado de Israel, o 31 de maio, contra as persoas integrantes da "Flota pola liberdade", un conxunto de embarcacións cargadas con axuda humanitaria que se dirixía á bloqueda franxa palestina de Gaza.

No mes de xuño, o Tribunal Constitucional fai pública a súa sentenza sobre o recurso de inconstitucionalidade contra o Estatuto de Cataluña referendado e anula ou recorta o alcance de catorce artigos esenciais do texto.

O STEG celebra no MUPEGA, en Compostela, o 19 de xuño, as Primeiras Xornadas de Lingua, coordinadas por Emilio X. Ínsua e Agostiño Nieto Pazó, convidando como relatores/as a Francisco Fernández Rei, Pilar García Negro, Alba Nogueira, Xaime Subiela, Bernardo Penabade, Teresa Moure, Goretti Sanmartín, X. A. Calviño, Rexina Vega e ao daquela Director Xeral de política lingüística, Anxo Lorenzo.

11 de xullo: a selección española de fútbol proclámase campioa no Mundial de Sudáfrica.

Fecha o 24 de xullo, tras quince anos de andaina, o portal galego na internet *Vieiros*.

28 de xullo: o Parlament de Catalunya aproba a prohibición das touradas.

O exército norteamericano completa a súa retirada de Irak, o 19 de agosto.

A páxina web "Wikileaks", de Julian Assange, comeza a facer públicos documentos confidenciais moi comprometedores e reveladores da espionaxe norteamericana.

O STEG leva adiante unha campaña de denuncia do incumprimento, por parte da Consellaría de Educación,



do chamado “Acordo de Agrupamentos”, asinado en xullo de 2009, que visaba impedir a redución de máis de 300 unidades escolares, nomeadamente no medio rural. O 10 de setembro STEG e outros sindicatos concéntranse con esa reivindicación diante do edificio de San Caetano.

O STEG denuncia tamén en setembro que a deficiente xestión da consellaría mantén 183 profesoras/es de Infantil e Primaria sen adxudicarlle centro educativo e percibindo o salario.

Folga xeral en toda Europa o 29 de setembro, que no Estado español e na Galiza se desenvolve baixo o lema HAI RAZÓNS e que visa opoñerse ás reformas laborais e sociais que, baixo o pretexto da crise, impulsan os gobernos entregados ao neoliberalismo para continuar desmontando o xa de seu feble estado do benestar existente.

Edítase en outubro o número 1 da revista *ESTEGA*, dedicado á escola pública, con artigos, colaboracións e opinións de Jurjo Torres, Lola Ferreiro, Xabier Ron, Pilar González Borrajo, Marisol Fernández Rocha, Miguel Abreira Pérez, Lois Ferradás Blanco, Alba Nogueira, Elvira Souto e Xusto Rodríguez Río.

13 de outubro: son finalmente rescatados os mineiros da mina de Copiapó (Chile), onde permanecían atrapados baixo terra dende o 5 de agosto.

30 de outubro: “Marcha Negra” de traballadores en As Pontes e Cerceda contra o “decreto do carbón”.

O Papa Benedito XVI visita Galiza, o 6 de novembro.
Convergència i Unió, con Artur Mas como candidato á presidencia, gaña as eleccións autonómicas en Catalunya.
A UNESCO declara a muralla de Lugo Patrimonio da Humanidade, o 30 de novembro.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STES e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 25 de novembro: “CONSTRÚES OU DESTRÚES? POR UNHA SOCIEDADE IGUALITARIA, NON Á VIOLENCIA MACHISTA”.

Morren o escritor portugués José Saramago, o galeguista Francisco Fernández del Riego, o historiador ourensán Marcos Valcárcel e o intelectual galego residente en Londres Fernando Pérez-Barreiro Nolla.

Sétimos comicios sindicais no ensino non universitario galego, o 9 de decembro. O STEG obtén un total de 1.992 votos, dos cales 805 corresponden á circunscrición da Coruña, 286 á de Lugo, 202 á de Ourense e 699 á de Pontevedra.

Resultados eleccións sindicais 2010

SINDICATO	DELEGADXS	VARIACIÓN	Nº VOTOS	VARIACIÓN	VARIACIÓN
		2006		2006	EN PORCENTAXE

Galiza

STEG	14	-	2003	+100	+5,3%
ANPE	18	+1	2264	-282	-11%
CIG	62	+9	8785	+301	+3,5%
CCOO	27	-	3355	-810	-19,4%
CSIF	3	-			
UGT	22	-	2817	-642	-18,6%
TOTAL	146	+10			

A Coruña

STEG	5	+1	810	+174	
ANPE	5	-	770	-153	
CIG	23	+4	3620	+203	
CCOO	9	-	1333	-304	
CSIF	0		379	+97	
UGT	5	-1	753	-313	
TOTAL	47	+4			

Lugo

STEG	3	-	290	-41	
ANPE	5	-	535	-77	
CIG	10	+2	1036	+57	
CCOO	3	-	256	-160	
CSIF	3	-	358	-41	
UGT	5	-	530	-140	
TOTAL	29	+2			

Ourense

STEG	2	-1	204	-85	
ANPE	5	+1	449	+70	
CIG	8	+1	703	+15	
CCOO	8	-	715	+116	
CSIF	-	-	52	-	
UGT	4	+1	321	-11	
TOTAL	27	+2			

Pontevedra

STEG	4	-	699	+52	
ANPE	3	-	510	-122	
CIG	21	+2	3426	+23	
CCOO	7	-	1051	-237	
CSIF	-	-	63	-	
UGT	8	-	1213	-178	
TOTAL	43	+2			

Na “letra pequena” do escrutinio fica consignado que lle faltaron a STEG 19 votos para obter un delegado/a máis pola circunscrición de Pontevedra e 55 votos para outro/a pola Coruña. Ficou fóra da Mesa Sectorial por 1 delegado/a.

As persoas representantes electas do STEG nas Xuntas de Persoal Docente provinciais son: *A Coruña*: Maiuca Cortón Tesouro, Xosé Cabido Pérez, Verónica Pérez Rouco, Anxo Fernández Otero e Ilda Lortes Gómez. *Lugo*: Fátima Cruzado Folgueira, Iván López Arias e Branca Nazaré Guerreiro Muñoz. *Ourense*: Ana M^a Domínguez Álvarez e Francisco J. Porto Parente. *Pontevedra*: Tereixa Otero Dacosta, Bieito Calvo Méndez, Trinidad Pérez-Labaca Diz e Agostiño Nieto Pazó.

No conxunto do Estado, os resultados foron estes: STES: 56.471 votos e 505 delegadxs; CCOO: 54.009 votos e 504 delegadxs; ANPE: 38.399 votos e 335 delegadxs; CSIF: 35.264 votos e 319 delegadxs; FETE-UGT: 28.915 votos e 270 delegadxs e CIG: 8.787 votos e 62 delegadxs.

2011

Revoltas populares en Túnez, en xaneiro, que logran derrocar o presidente Ben Alí. Ocupación da Praza Tahrir en O Cairo (Exipto): “Primavera árabe”.

STEG rexeita en xaneiro o rascuño da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade educativa.

Folga xeral na Galiza o 27 de xaneiro contra a reforma das pensións, apoiada tanto polo STEG como polo Sindicato Ferroviario, integrantes ambos da Confederación Intersindical.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “FAITE VER”.

O STEG celebra en Compostela, o 2 de abril, no local da “Troita Armada”, unhas Xornadas Sindicais en Defensa da Escola Pública Galega, avaliando a situación do ensino, o seu modelo e funcionamento organizativo e a súa praxe sindical.

A galega Lucía Pérez participa representando España no Festival de Eurovisión coa canción “Que me quiten lo bailao”, o 18 de febreiro.

O Pazo de Meirás, declarado BIC, comeza a recibir visitantes, en marzo.

11 de marzo: Terremoto de magnitude 9 na escala Richter en Xapón. Tsunami nas costas, que causa máis de 27.000 vítimas e grave accidente na central nuclear de Fukushima.

19 de marzo: desátase a guerra en Libia, con intervención estranxeira, entre partidarios e detractores do rexime de Gadafi. Tamén se desata o conflito armado en Siria.

30 de abril: morre o escritor Ernesto Sábato.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza admite a trámite, en abril, o recurso do STEG contra o chamado “Decreto de Plurilingüismo”.

7 de abril: o goberno portugués solicita o rescate á UE.

1 de maio: asasinado por tropas de elite norteamericanas Bin Laden nunha cidade paquistaní.

11 de maio: terremoto en Lorca (Murcia).

12 de maio: milleiros de traballadores demandan en Ferrol carga de traballo para o naval.

Acampadas do 15-M en maio, baixo lemas como “Democracia real, xa”, “Non nos representan” e “Non hai pan para tanto chourizo”.

STEG denuncia en maio que a Consellaría non saca a concurso 186 vacantes producidas polas xubilacións LOE e protesta en xuño, cunha concentración diante do Parlamento galego, contra a conversión súbita, sen aviso nin previa negociación, dun número importante de IES en CIFP, cos correspondentes trastornos para o alumnado matriculado e para o profesorado suprimido.

En xuño a Consellaría decreta o aumento da xornada lectiva semanal do funcionariado docente. Ábrese un período de mobilizacións, paros e manifestacións (como a de 28 de xuño) pedindo que se respecte o acordo de 8 de xuño de 2007 e se retire a nova orde. Encerro de representantes sindicais na Consellaría perante a negativa do conselleiro, Jesús Vázquez, a recibilos para abrir negociacións.

VII Congreso do STEG, en Vigo, os días 25 e 26 de xuño, co lema “CONTIGO, MÁIS STEG”. A maioría das emendas debatidas fan fincapé en aspectos organizativos e nas liñas concretas de política educativa.

Dous días de folga xeral en Grecia, en xuño, contra os axustes austericidas decretados pola Troika.

6 de xullo: descóbrese o roubo do *Códice Calixtino* na catedral compostelá.

20 de xullo: demite polo “escándalo dos traxes” o presidente “popular” da Generalitat valencí, Francisco Camps.

27 de xullo: un ultradereitista noruegués perpetra unha matanza na illa de Utøya.

O 4 de agosto deixa de editarse en papel o *Xornal de Galicia*. O 19 de outubro tamén desaparece a súa versión dixital. O 20 de agosto desaparece igualmente dos quiosques, aínda que sobrevivirá na Rede, o *Galicia Hoxe*.

Graves disturbios sociais en numerosas cidades británicas, o 8 de agosto.

Revoltas estudantis en Chile contra a privatización do ensino.

“Occupy Wall Street” corta durante unhas horas a ponte de Brooklyn, en outubro.

Linchamento en Libia de Gadafi, o 20 de outubro.

En setembro, o STEG fai un chamamento ao profesorado para que medite ben algunhas iniciativas de protesta que se están a adoptar contra a ofensiva de recortes realizada pola Consellaría, como a suspensión de todo tipo de actividades complementarias e extraescolares. Para STEG medidas así van na dirección contraria ao que se necesita, que é unha resposta unánime de toda a comunidade educativa.

ES
CO
LA
PÚ
BLI
CA
GA
LE
GA



Mobilizacións e folgas os días 9, 21 e 27 de setembro contra os recortes no ensino público e contra o incremento do horario lectivo do profesorado.

STEG denuncia a falta de orientadores/as en varios institutos de secundaria e o nomeamento de profesorado sen especialidade para prazas de PT e AL.

Mobilizacións ao longo de todo o ano pola permanencia de “Preescolar na casa”, que culminan cunha manifestación en Lugo o 26 de novembro. O programa logra manterse un curso máis co diñeiro achegado polo Estado, mais perde toda axuda da Xunta.

STEG participa nas manifestacións que teñen lugar en distintas vilas galegas o 15 de outubro, dentro da convocatoria mundial organizada pola plataforma “Unid@s por un cambio global”.

O STEG non secunda o referendo promovido por CIG e FETE-UGT o 25 de outubro no ensino contra os recortes, por falta de diálogo previo dos convocantes para debater e acordar co resto das organizacións sindicais tanto os termos do propio referendo como os aspectos técnicos necesarios (constitución das mesas, censos, equipo de recuento, etc.) para garantir o rigor, a obxectividade e imparcialidade na consulta. A CIG arremete con tal motivo nun dos seus boletíns informativos contra o STEG, acusándoo literalmente de “facelle o xogo á Consellaría”.

A Asemblea de Mulleres do STEG secunda os actos reivindicativos organizados pola Marcha Mundial das Mulleres con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres, baixo o lema “PARA CAMBIAR O MUNDO, ACABAR COA VIOLENCIA MACHISTA”.

ETA anuncia o 20 de outubro o abandono definitivo da súa actividade armada. STEG avalía que esa decisión “supón a condición necesaria e imprescindible para normalizar a vida política en Euskalherria, así como a do Estado Español, desde a perspectiva de que as vías democráticas e o diálogo sen condicións son as únicas formas lexítimas para a resolución do chamado conflito vasco”.

Demite en Italia Silvio Berlusconi, o 12 de novembro.

Activistas antinucleares deteñen un tren cargado de lixo radiactivo en Alemaña, o 27 de novembro.

O Banco Popular absorbe o Banco Pastor.

Desaloxo de “okupas” do edificio do antigo “Cine Yago” en Compostela.

A Xunta paraliza definitivamente as obras pendentes na Cidade da Cultura, no Gaiás.

Eleccións lexislativas o 20 de novembro: vitoria do Partido Popular por maioría absoluta e goberno de Mariano Rajoy. Na Galiza, o PP obtén 15 escaños e o 52’5% dos votos; o PSOE, 6 escaños e o 27’7% dos votos; o BNG, 2 escaños (Francisco Jorquera e Olaia Fernández Davila) e o 11’2% dos votos; e EU-OS Verdes, o 4’1% dos votos, mais ningún escano.

O Valedor do Pobo, Benigno López, dá pábulo a unha denuncia de UPyD carente de toda base contra un libro da editorial Vicens Vicens de Coñecemento do Medio de 5º de Primaria por cuestións relacionadas co tratamento dado nel á oficialidade das linguas e pede que ese libro sexa retirado. En resposta, a comunidade educativa galega, STEG incluído, solicita a súa dimisión inmediata.

2012

Xaime Subiela publica o ensaio *Para que nos serve Galiza?*

O 5 de xaneiro, morre Isaac Díaz Pardo.

O 15 de xaneiro, morre en Madrid Manuel Fraga Iribarne.

O xuíz Garzón, obrigado a deixar a carreira xudiciaria.

J.L. Baltar, expresidente da Deputación de Ourense, abandona a política.

A Consellaría anuncia en xaneiro que non haberá oferta de emprego público en educación (oposicións). Desde o STEG denúnciase que a medida, encadrada dentro da austeridade orzamentaria da que a Administración quere facer gala ante os mercados financeiros, axústase á estratexia de precarización cada vez maior dos servizos públicos, á súa vez obxecto de desexo privatizador deses mercados que entenden a educación, a sanidade, os servizos sociais... como negocio.

XIII Asemblea Nacional do BNG en Amio, que desemboca na ruptura da organización. Na votación pola portavocía, Guillermo Vázquez obtén 2.123 votos e X.M. Beiras 1.823; na votación pola candidatura á presidencia da Xunta, Francisco Jorquera acadará 2.338 votos e Carlos Aymerich, 2.043.

4 de febreiro: Rubalcaba derrota a Carme Chacón nas primarias pola secretaría xeral do PSOE, por moi escasa diferenza.

9 de febreiro: marcha a pé desde Ferrol á Coruña dos traballadores da empresa “Navantia”, en demanda de carga de traballo.

12 de febreiro: mobilización contra o proxecto de planta incineradora de residuos no Irixo.

12 de febreiro: comeza unha nova folga de 48 horas en Grecia contra o “austericidio”.

25 de febreiro: Iñaki Urdangarín declara como imputado no “Caso Nóos”.

O 12 de febreiro o Encontro Irmandiño abandona o BNG. O 11 de marzo fai o propio MÁIS GALIZA. O 13 de marzo autodisólvese INZAR. O 14 de abril Esquerda Nacionalista decide cesar a súa actividade como tal e os seus militantes intégranse en MÁIS GALIZA. O 14 de xullo constitúese ANOVA-Irmandade Nacionalista.

En febreiro, o STEG declárase en contra da substitución da materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos pola de Educación Cívica e Constitucional e maniféstase con outros sindicatos en varias cidades galegas contra o Anteproxecto de Lei de Medidas no Emprego Público, que introduce a redución das retribucións por incapacidade temporal, suspende diversas axudas do Fondo de Acción Social, estatúe a xubilación forzosa, etc.

O Ministerio de Educación derroga mediante Orde ECD/191/2012, de 6 de febreiro, os novos temarios de oposición aprobados pola anterior administración educativa e publicados o 15 de novembro de 2011.

STEG critica o decreto lei de 11 de febreiro de reforma laboral do goberno Rajoy, entendendo que degrada aínda máis as condicións laborais, por canto converte en despedimento procedente (sexa individual ou colectivo) todo aquel producido tras unha diminución de ingresos da empresa, cun custo de 20 días por ano traballado cun máximo de 12 mensualidades e por canto xeneraliza asemade a indemnización por despedimento improcedente de 33 días por ano

traballado, eliminando a necesidade de autorización administrativa para os despedimentos colectivos.

Campaña da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG co gallo do 8 de Marzo. A Asemblea de Mulleres do STEG secunda a mobilización do 11 de marzo en Compostela baixo o lema **MULLERES GALEGAS EN LOITA POLOS NOSOS DEREITOS** e recibe o premio "Entre Mulleres" da Concellaría de Benestar Social, Igualdade e Xuventude do Concello de Lugo.

4 de marzo: Putin, presidente de Rusia.

STEG secunda o 25 de marzo as convocatorias dun día de acción por unha banca pública que se desenvolven en diversas cidades galegas.

Folga xeral en todo o Estado o 29 de marzo, contra a reforma laboral e os recortes sociais auspiciados polo PP.

25 de marzo: o PP fica como primeira forza en Andalucía, mais ao non obter a maioría absoluta, gobernarán mediante pacto PSOE e IU.

31 de marzo: incendio no Parque Natural das Fragas do Eume.

Campaña do STEG denunciando os brutais recortes en ensino perpetrados polo ministro Wert e polo conselleiro Jesús Vázquez. Pronunciamento do STEG contra a suba das taxas universitarias en máis dun 50 % e contra a redución de case un 12% do orzamento de bolsas para estudantes. Pronunciamento tamén contra a drástica redución de axudas económicas ás ANPAS. A ofensiva neoliberal no ámbito educativo acada unha intensidade insosportábel e o STEG avalía que, nese contexto, "é imprescindible que o debate sobre a educación traspase os muros das escolas e chegue a todos os sectores sociais. Somentes a loita colectiva, de traballadoras e traballadores do ensino, de nais e pais, de estudantes e da sociedade no seu conxunto, pode parar este ataque sen precedentes e salvar esta escola nosa pública que tanto nos custou conseguir e que agora nos queren quitar".

A Consellaría comunica que suspende o apartado duodécimo da addenda "do persoal interino", que recollía o dereito a cobrar o mes de xullo e os días correspondentes do mes de agosto ao profesorado que traballase máis de 5 meses e medio durante o curso. Tamén aproba unha táboa de reducións salariais por incapacidade temporal dos empregados públicos.

15 de abril: demite o alcalde compostelán Conde Roa, do PP, imputado por delito fiscal.

16 de abril: a presidenta argentina Cristina Fernández decreta a expropiación da YPF, filial de REPSOL.

17 de maio: primeiro número do semanario *Sermos Galiza*.

Comeza en xuño unha folga nas concas do carbón.

10 de xuño: O Estado español pede á UE o rescate financeiro.

17 de xuño. F. Hollande vence nas presidenciais francesas e o conservador Antoni Samaras nas lexislativas en Grecia, con SYRIZA como principal forza da oposición.

29 de xuño: Mohamed Mursi, de Irmáns Musulmáns, vencedor das eleccións en Exipto.

30 de xuño, entra en vigor o "copago" farmacéutico.

4 de xullo, é recuperado o exemplar do *Códice Calixtino* que fora roubado na catedral.

21 de xullo. Manifestación multitudinaria en Compostela de afectados polas "preferentes".

16 de agosto. Matanza de mineiros en folga en Sudáfrica.

16 de agosto. Assange refúxiase na embaixada de Ecuador en Londres.

X Congreso Confederal de STEs, en La Cala de Mijas (Málaga), do 11 ao 13 de maio, co lema RESISTIR, LOITAR, AVANZAR.

STEG secunda a manifestación nacional do 8 de setembro en Compostela na defensa dos servizos e do emprego públicos e a mobilización do día 12 convocada pola Plataforma pola Defensa da Montaña e do Rural baixo o lema **POR UN ENSINO DE CALIDADE NO RURAL. NON SOMOS NÚMEROS: SOMOS NENAS E NENOS.**

Os sindicatos de ensino STEG, ANPE, CCOO, CIG e UXT dan o día 13 de setembro unha rolda de prensa, escenificada como acto de protesta, enfrente da Consellaría de Cultura, Educación e O.U., ao aire libre e baixo o lema "Contra os recortes en educación. En defensa do ensino Público".

No seu IX Congreso, que celebra en Compostela baixo o lema "Recuperar dereitos para unha educación equitativa e de calidade", a Federación Galega do Ensino de CC.OO. elixe secretaria xeral a Luz López Pérez.

Morre o 18 de setembro o histórico líder do PCE, Santiago Carrillo.

Mobilización dos traballadores de ALCOA polo mantemento dos postos de traballo, en setembro.

O alcalde socialista de Ourense, Francisco Rodríguez, imputado na "Operación Pokémon".

Máis de millón e medio de persoas na manifestación da Diada catalá, pola independencia.

porque somos iguais e diferentes, porque buscamos o diálogo e a participación,

porque nos gusta a
diversidade

REXEITAMOS O DECRETO DA CONSELLARÍA

Na mesa Sectorial celebrada durante o mes de novembro o STEG presentou as emendas ao borrador do Decreto de atención á Diversidade, tras a insuficiente resposta da administración pedíuse que se paralizase o proceso. Xa que a atención á diversidade é un tema de grande relevancia para o funcionamento do ensino público entendemos que se lle debe adicar máis esforzos para cambiar cara a mellora na atención a todo o alumnado das nosas aulas. As medidas recollidas neste documento non van dirixidas á consecución dunha verdadeira escola inclusiva.



a nova política lingüística



do you want a
patataquiña?



sindicato de traballadores e traballadoras do ensino de galiza
coestmrga@sigadg.org
www.sigadg.org

Necesitamos do teu apoio!!



En outubro, STEG participa na constitución da Alianza Social Galega. Asaltos masivos no valado de Melilla de inmigrantes “sen papeis”. Hugo Chávez derrota nas eleccións en Venezuela a Capriles, o 7 de outubro.

En novembro o ministerio implanta, sen ningún tipo de diálogo ou negociación previa coa comunidade educativa, a FP Dual. O Tribunal Constitucional declara válida a lei do matrimonio homosexual. Nova vitoria de Barak Obama en EE.UU. Novembro: Enfrontamentos entre palestinos de Hamás e o exército israelí en Gaza. O día 30 de novembro a ONU recoñece Palestina como “estado observador” no seu seo.

Folga xeral o 14 de novembro, contra a política económica e social do goberno do PP. Vaga de suicidios e dramas sociais en varias localidades da Península como consecuencia dos despexos. Mobilizacións por unha reforma legal contra os mesmos.

25 de novembro: nas eleccións autonómicas catalás, CIU obtén 50 escanos; ERC, 21; PSC, 20; PP, 19; Iniciativa per Catalunya-Verts, 13; Ciutadans, 9; e as CUP (Candidaturas d'Unitat Popular), 3.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 25 de novembro: “VIOLENCIA DE XÉNERO, NON!!

Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza bota por terra aspectos fulcrais do chamado “Decreto de Plurilingüismo”, como a “liberdade” de escolla da lingua en Infantil por parte das familias ou a “liberdade” do alumnado para empregar a lingua que desexe independentemente da lingua na que se imparta a materia. Ademais, indica que o galego debería ter “un trato diferenciado sobre o castelán nunha proporción razoable” para garantir a igualdade efectiva entre os dous idiomas oficiais. Nun comunicado de 22 de novembro desde o STEG sinálase: “esiximos á Consellaría de Educación que derogue inmediatamente o Decreto de Plurilingüismo e abra un proceso de diálogo real con toda a comunidade educativa e o resto da sociedade para recoñecerlle ao galego o espazo que lle corresponde na educación. Esiximos, asemade, a dimisión do Conselleiro de Educación que, tendo escoitado estes mesmos argumentos agora ratificados polo TSXG de practicamente todos os colectivos cos que se entrevistou antes da aprobación do Decreto, escolleu recoller as demandas e os argumentos dun colectivo absolutamente minoritario como Galicia Bilingüe. O dano feito á lingua e ao alumnado nestes últimos catro anos merecen esta reparación simbólica e unha volta aos principios da Lei de Normalización Lingüística real”.

Suprímesele ao profesorado a paga extra de decembro.

Eleccións autonómicas galegas, o 21 de outubro. O PP obtén o 45'72% dos votos e 41 escanos; o PSOE, o 20'53% dos votos e 18 escanos; a Alternativa Galega de Esquerdas (AGE, formada por Anova, EU e Espazo Ecosocialista) o 13'99% e 9 escanos; e o BNG, o 10'17% dos votos e 7 escanos.

Entra en prisión o 8 de decembro o expresidente da Confederación de Empresarios, CEOE, Gerardo Díaz Ferrán, imputado por evasión de capitais, alzamento de bens e outros delitos.

“Marea blanca” masiva en Madrid o 19 de decembro, en defensa da sanidade pública.

2013

13 de xaneiro o diario *El País* publica os “papeis de Bárcenas”, que sustentan a acusación sobre a existencia dunha contabilidade B no PP desde a época de Aznar. O extesoureiro do partido entra en prisión o 27 de xuño e comeza a facer revelacións sobre o cobro de “sobresoldos” por parte de altos cargos e dirixentes.

27 de xaneiro, manifestación en Compostela da plataforma Queremos Galego “Pola lingua que nos une”, reclamando a derogación do chamado “decreto de plurilingüismo”.

A entidade venezolana BANESCO faise coa Nova Caixa Galega (NCG), en decembro. Ingresa por breve tempo en prisión o expresidente de BANKIA, Miguel Blesa.

STEG participa na Plataforma Galega pola Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego e secunda as súas mobilizacións.

En marzo, unha sentenza do TSXG dá a razón ao recurso formulado no seu día polo STEG e declara ilegais os concertos educativos con cinco centros (Acacias, Montecastelo e Aloya, en Vigo; Montespiño e Peñarredonda, na Coruña) que segregan alumnado por razón de sexo. O STEG, nesea ocasión, “exixe que todos eses cartos que foron a parar a estes centros desde o 2009 sexan devoltos para seren investidos en centros públicos e que se execute a sentenza para o próximo curso escolar”.

17 de abril: mobilización do STEG contra o novo decreto de comedores escolares.

Procesamento de J.L. Baltar, expresidente da Deputación provincial de Ourense e máximo dirixente do PP nesa provincia durante anos. Fanse públicas reveladoras fotografías da relación e as viaxes á neve de Núñez Feijóo e o narcotraficante Marcial Dorado.

“Puñetazo” de Beiras no escano de Núñez Feijóo, o 24 de marzo.

A empresa “Pescanova” entra en concurso de acreedores.

Cacharro Pardo, imputado na Operación Muralla contra a corrupción na Deputación de Lugo.

O BNG post-Amio designa en marzo como portavoz nacional ao economista Xavier Vence.

O 18 de xullo morre *Geluco* Guerreiro, histórico dirixente do PCG e da EU.

Condena o 13 de setembro a catro mozos na Audiencia Nacional por pertenza a Resistencia Galega.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “OS DEREITOS DAS MULLERES SON DEREITOS HUMANOS”.

O 13 de marzo demite Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega. O 20 de abril ocupa o seu posto Xesús Alonso Montero.

En abril, o Consello Escolar de Galiza rexeita o novo Decreto de comedores escolares impulsado pola Consellaría, que implanta o repago ao alumnado que ten dereito ao transporte escolar gratuito.

O Consejo de Estado emite en abril un informe sumamente crítico con numerosos aspectos do anteproxecto de lei educativa do ministro Wert, a futura LOMCE.

Folga xeral no ensino o 9 de maio contra a LOMCE.
Manifestación en Vigo “Naval, solución”, o 11 de xullo.

No seu VI Congreso, que celebra o 24 de outubro baixo o lema “Por unha Galiza con futuro. Ensino Público Galego”, a CIG-Ensino volve elixir como secretario nacional a Anxo Louzao, no cargo desde 2001.

En outubro editase o primeiro número de AULAS LIBRES, revista de pensamento, debate e información do STEG, baixo a coordinación de Emilio Xosé Ínsua e Sonia Fernández Casal e con deseño e maqueta de Rosa Herraiz. Neste primeiro número inclúense artigos, comentarios, ilustracións, textos e opinións de Mariló Candedo, Concha Fernández, FAPACEL, Valentina Formoso, Filipe Díez, Xosé Vázquez Pintor, Carme Varela e O SORRISO DE DANIEL, Lucía Flora López, Trini Pérez-Labaca, Sonia Fernández, M^a José García García, Isabel González Avión e Susana Sánchez Aríns.

En agosto bota a andar a revista do Xabarán Club *Oink*, dirixida por Marcos Ferreira Sanmamed, que desaparecerá afogada economicamente en decembro.

A maioría absoluta do PP nas Cortes rexeita nada menos que once emendas á totalidade e impón a aprobación da LOMCE auspiciada polo ministro Wert.

Un decreto da Consellaría de Educación implanta o “repago” nos comedores escolares.
A Consellaría impide a continuidade do programa de Preescolar na casa, tras 35 anos de existencia.
O investimento na promoción da lingua galega no ámbito educativo redúcese neste ano nun 62’5% a respecto do ano 2010.

STEG secunda as mobilizacións contra o proxecto de megaminería en Corcoesto, nas Terras do Xallas, e tamén as do profesorado dos cursos CELGA.


Accidente ferroviario e traxedia en Angrois, o 24 de xullo.
Reaparece a revista *Luzes de Galiza*, da man de Manuel Rivas e Xosé M. Pereiro.
O atleta ferrolán Gómez Noya, campión mundial de triatlón por terceira vez, en setembro.

Cadea humana de máis de millón e medio de persoas pola independencia de Catalunya, na Diada.
O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos bota abaixo a aplicación retroactiva da chamada “doutrina Parot”, o 21 de outubro.
O expresidente da Deputación de Castelló e dirixente do PP, Carlos Fabra, condenado por catro delitos fiscais.
28 de novembro, o goberno autónomo, en mans do PP, fecha a Radio Televisión Valenciana.

No inicio do curso 2013/14, STEG presenta un informe sobre a redución do profesorado desde o curso 2009/10. No ensino público pasamos de 31.375 a 30.354 profesoras/es, o que significa unha redución de 1.021 profesoras/es, equivalente a unha diminución dun 3,3%, mentres que no ensino privado concertado pasouse de 5.325 a 5.305 profesoras/es, isto é, a redución é de tan só 20 profesoras/es, equivalente a unha diminución dun 0,3%.

Folga no ensino e manifestacións contra a LOMCE o 24 de outubro.

A Xefatura Territorial da Consellaría en Pontevedra expedienta ao director do IES Illa de Arousa, Alfonso Malvido, por ter adoptado unha medida coherente coa falta de profesorado no centro na data de inicio de curso, o adiamento do comezo das aulas. STEG participa activamente na campaña de solidariedade e na recollida de sinaturas de apoio demandando a retirada do expediente. Inicialmente, o expediente resólvese co cesamento do seu cargo a partir de 31 de decembro e con tres anos de incapacitación para candidatarase novamente ao posto de director. Ao coñecer o 16 de decembro a resolución, STEG condénnaa rotundamente, “por considerala arbitraria, inxusta e fundada en motivos espúreos e porque responde de maneira moi clara, en derradeira instancia, ao desexo autoritarista e antidemocrático



de amedrentar os equipos directivos e, por extensión, a todo o profesorado que fan do desempeño do seu cargo un exercicio de compromiso continuo coas necesidades e aspiracións da comunidade educativa á que serven”.

O 14 de novembro o STEG súmase á enorme cantidade de persoas, colectivos, movementos sociais, organizacións sindicais, asociacións culturais e entidades de todo tipo que, tanto na Galiza como no resto do Estado español, de Europa e do mundo, solidariamente, se sinten disconformes, defraudadas e indignadas coa sentenza xudiciaria do “caso Prestige”.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 25 de novembro: “NON SON CIFRAS, SON VIDAS”.

O ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, presenta en decembro un anteproxecto de lei do aborto, rexeitado por “retrógrado” pola Asemblea de Mulleres do STEG.

Folga indefinida masiva nas Illes Balears contra o chamado “decreto de trilingüismo”.

A edición de libros en galego redúcese dos 1.322 títulos de 2012 aos 739 deste ano. Desaparecen revistas como *Retranca* e *Oink* e o diario dixital *Dioivo*. Fecha a editora Lóstrego e enmudecen as Edicións do Castro. Botan o fecho tamén en Ourense a emblemática librería Torga e na Coruña a Couceiro e a Nós. Desaparece o grupo musical “Berrogüetto”.

Obama comeza o seu segundo mandato na Casa Branca, en xaneiro

Morre Hugo Chávez, en marzo.

Logo da renuncia de Joseph Ratzinger (Benedicto XVI), o cardeal arxentino Jorge M^a Bergoglio é o novo Papa católico co nome de Francisco I, en marzo.

Morre Margaret Thatcher, en abril.

Revoltas populares en Turquía, en xuño.

O político e empresario italiano Silvio Berlusconi, inhabilitado, en xuño.

Golpe de estado militar en Exipto, en xullo.

Edward Snowden revela datos comprometedores sobre a espionaxe estadounidense, en xullo.

Vitoria da CDU de Ángela Merkel en Alemaña, en setembro.

Traxedia de Lampedusa: afunde un barco con máis de 300 inmigrantes a bordo, en outubro.

Desátanse en novembro as tensións en Ucraína que conducirán a un conflito armado entre sectores da sociedade e territorios pro-occidentais e sectores e territorios pro-rusos.

Morre Nelson Mandela o 5 de decembro.

2014

Constitución de PODEMOS, en xaneiro.

O 7 de xaneiro, o xuíz Castro decide imputar a Infanta Cristina de Borbón no caso “Nóos” por blanqueo e delito fiscal.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “CLAVES FEMINISTAS PARA UNHA SOCIEDADE ENFERMA”.

En claro desacato á sentenza do TSXG que dera a razón ao recurso do STEG, a Consellaría volve concertar para o curso 2013-14 e para o curso 2014/15 con centros que segregan alumnado por sexo.

Desátase a polémica polo cambio realizado unilateralmente pola Consellaría de Educación na baremación do concurso de traslados, en aplicación dunha directriz europea que recoñece o tempo traballado a todo o funcionariado, sexa de carreira, en prácticas ou interino.

A Consellaría de Educación, presidida polo conselleiro Jesús Vázquez, en resposta a unha sentenza condenatoria da Inspección de Traballo que deixaba en evidencia o incumprimento pola súa parte das máis elementais normas en materia de contratación e dereitos laborais, realiza en marzo un “despedimento” masivo de profesorado que impartía os cursos CELGA.

Tamén en marzo a Consellaría presenta o rascuño dunha nova orde que regula a elección de equipos directivos de xeito que, en opinión do STEG, supón “outro duro golpe á democracia no ensino”, na medida en que “coloca esa selección baixo o control total e absoluto da Administración”.

A columna galega das Marchas da Dignidade, da que STEG fai parte, conflúe en Madrid o 22 de marzo, nunha mobilización de máis de millón e medio de persoas.

“Nova Escola Galega” celebra o 22 de marzo a súa XXX Asemblea Anual e o seu XXX aniversario.

STEG celebra o 17 de Maio cunha festa en Ourense, con poesía, música, contacontos e rifas de libros.

Estrea do filme *A Esmorga*, de Ignacio Vilar.

O STEG destina o 0’7% do seu orzamento para a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy, continuadora de “Preescolar na casa”.

En abril édítase o segundo número de AULAS LIBRES, con artigos, comentarios, ilustracións, textos e opinións de Andrés Hernández Mouriño, Celia García Pena e Yolanda Toledo, Mariló Candedo, Xabier Cordal, Francisco Legaspi, Olalla Cociña, Emilio Xosé Ínsua, Lois G. Magariños, Lucía Flora López Pérez, M^a José García García e Isabel González Aviñón.

Eleccións europeas o 25 de maio: PODEMOS obtén 5 escanos e Lidia Senra, candidata da Alternativa Galega de Esquerda a Europa, consegue un posto de eurodiputada (10,5% do voto galego). Na Galiza, o PP obtén o 35’16% dos votos; o PSOE, o 21’73%; AGE, o 10’52%; o BNG, o 7’9% (Ana Miranda, con escano rotatorio) e UpyD, o 3’47%.

O 19 de xuño abdica o rei Juan Carlos I e as Cortes proclaman rei ao seu fillo, Felipe VI. Manifestacións republicanas masivas en numerosas cidades de todo o Estado, demandando un referéndum sobre a forma de estado.

O STEG participa na mobilización das Marchas da Dignidade do 21 de xuño e rodea o Parlamento galego.

Unha sentenza do Tribunal do Contencioso-Administrativo nº 2 de Compostela anula parcialmente a convocatoria do Concurso Xeral de Traslados do funcionariado docente e obriga a un proceso de rebaremación sen precedentes. STEG considera que é “a gota que colma o vaso da nefasta e incompetente xestión do conselleiro Jesús Vázquez” e demanda a súa inmediata dimisión. No mes de agosto STEG solicita a suspensión cautelar do CXT.

O Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears dálle a razón en setembro ao recurso do STEI e doutros sindicatos e declara nulo o Decreto de Plurilingüismo do goberno balear, en mans do PP.

A CIG rexistra unha ILP en setembro sobre dereitos laborais e retributivos do profesorado e mellora da calidade do ensino, da que non fai partícipe a ningunha outra forza sindical galega.

18 de setembro, referendo en Escocia sobre a independencia: cun 84'66% de participación, rexístranse un 55'3% de votos *Non* e un 44'7% de votos *Si*. Demite o 23 de setembro o ministro Gallardón, ao desautorizar o seu propio partido, tras as intensas mobilizacións en contra feitas na rúa por amplos sectores sociais, o seu proxecto de reforma da lei do aborto.

En outubro édítase o terceiro número de AULAS LIBRES, con artigos, comentarios, textos, ilustracións e opinións de Eduardo Barbero, M^a Antonia Font, Emilio Xosé Ínsua, Carlos Negro, VERDEGAIA, J. C. Costoya do SINDICATO FERROVIARIO, Lucía Flora López Pérez, Kiko Nieto, Micaela Beiro Oreiro, Concha Costas, Francisco Legaspi, Carme Díaz Otero, Carme Moure e Isabel González Aviñón.

27 de outubro, “Operación Púnica” da Garda Civil contra unha rede corrupta de medio cento de políticos do PP (liderados polo nº 2 do partido na Comunidade de Madrid, Francisco Granados), empresarios e funcionarios que cobraban comisións ilegais a cambio de favores.

Morre a escritora galega Begoña Caamaño, en outubro.

Proceso participativo sobre o futuro político de Cataluña, o 9 de novembro. Acoden ás urnas 2.305.290 persoas (37'02% do total censal), que respostan dúas preguntas: “Quere que Cataluña sexa un Estado? En caso afirmativo, quere que este Estado sexa independente?” Vota pola opción Si-Si o 80'76%; pola opción Si-Non, o 10'07%; pola opción Si-En branco, o 0'97%; pola opción Non, o 4'54%; vota en branco as dúas preguntas, o 0'56%; e vota outras opcións o 3'09%.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 25 de novembro: “NIN MORTAS, NIN CALADAS”.

O 29 de novembro as Marchas da Dignidade, nas que participa o STEG, enchen a Praza do Obradoiro.

STEG fecha provisoriamente a súa sede en Vigo.

Real decreto 1084/2014, de 19 de decembro, sobre prevención de riscos laborais na Administración Pública.

Promocións Culturais Galegas, a editora do semanario A Nosa Terra, liquida os seus fondos.



Oitavas eleccións sindicais no ensino non universitario galego, o 4 de decembro.

Resultados eleccións sindicais 2014					
SINDICATO	VOTOS	VARIACIÓN	Nº DELEGADXS	Nº DELEGADXS	VARIACIÓN
2014	VOTOS	2010 (SOBRE 27)	2014 (SOBRE 27)	nº DELs	

A Coruña

STEG	760	-50	5	5	-
CIG	3594	-26	23	23	-
CCOO	1201	-132	9	7	-2
FETE-UXT	536	-217	5	3	-2
CSIF	479	100	-	3	3
ANPE	599	-171	5	4	-1

Lugo

STEG	242	-48	3	2	-1
CIG	1034	-2	10	10	-
CCOO	222	-34	3	2	-1
FETE-UXT	352	-178	5	4	-1
CSIF	377	19	3	4	1
ANPE	460	-75	5	5	-

Ourense

STEG	197	-7	2	3	1
CIG	662	-41	8	9	1
CCOO	592	-123	8	8	-
FETE-UGT	257	-64	4	3	-1
ANPE	362	-87	5	4	-1
CSIF	115	62	-	-	-

Pontevedra

STEG	741	42	4	4	-
CIG	3394	-32	21	21	-
CCOO	815	-236	7	5	-2
FETE-UXT	848	-365	8	5	-3
CSIF	468	271	0	3	3
ANPE	441	-69	3	3	-

Representan STEG nas respectivas Xuntas de Persoal Docente Non Universitario provinciais as seguintes persoas: *A Coruña*: Paula Gómez del Valle Gómez, Diego Pérez Castro, Maiuca Cortón Tesouro, Xosé Cabido Pérez e Verónica Pérez Rouco; *Lugo*: Carmen Fernández Anllo e José Manuel Cabezudo Moreno; *Ourense*: David Bruzos Higuero, Ana Mª Domínguez Álvarez, Cristian Lorenzo Fernández; *Pontevedra*: Susana Sánchez Aríns, Emilio Xosé Insua López, Marisé Roca García e Agostiño Nieto Pazó.

No conxunto do Estado, o resultado foi o seguinte: STES, 559 delegadx; CC.OO. 446 delegadx; ANPE, 308 delegadx; CSIF, 307 delegadx; FETE-UGT, 220 delegadx e CIG, 63 delegadx.

2015

SYRIZA gaña en xaneiro as lexislativas en Grecia. Alexis Tsipras, novo xefe de goberno.

En febreiro o TSXG dita sentenza sobre o polémico CXT e STEG insta á Consellaría á execución inmediata da mesma, “para dar seguridade xurídica ao conxunto do profesorado”.

O Congreso dos Deputados aproba en marzo a nova Lei de Seguridade Cidadá impulsada polo PP, coñecida como “Lei Mordaza”.

Campañas da Organización de Mulleres da Confederación de STEs e da Asemblea de Mulleres do STEG, co gallo do 8 de Marzo: “SOMOS VOZ, SOMOS FORZA, XUNTAS CONSTRUÍMOS FUTURO”.

O STEG apoia en marzo a folga do día 24 en todo o Estado no ámbito das Universidades públicas para solicitar a derogación do RD 43/2015, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (o coñecido coloquialmente como 3+2), e para esixir a retirada dos novos proxectos de acreditación de Universidades e de creación e recoñecemento de centros.

O xulgado contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra ditamina o día 12 de marzo contra a actuación da Consellaría de Educación por cesar o director do IES Illa de Arousa en decembro de 2013. A sentenza anula a resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra pola que Alfonso Malvido foi cesado e inhabilitado para postularse como director durante un período de tres anos. Ademais, condena á Consellaría a abonarlle o importe de 8.644 euros e os intereses correspondentes e a pagar as costas procesais. O STEG valorizará, con tal motivo: “A claridade e rotundidade da sentenza, que alude expresamente a que se produciu “una seria situación de indefensión” e a que “se vulneró, de plano, su derecho de defensa”, leva ao STEG a demandar publicamente a asunción por parte da Consellaría das conseguintes responsabilidades, que pasan necesariamente, ao noso entender, polo cese inmediato tanto do Xefe Territorial da provincia de Pontevedra, César Pérez Ares, como do Inspector Xefe, Manuel Torres, tanto máximos responsábeis da instrución do expediente revocatorio que a xustiza acaba de ditaminar como non conforme a dereito”.

En marzo aparecen noticias sobre a vontade da Consellaría de comezar a pagar a entidades privadas de xestión de contidos audiovisuais polo emprego dese tipo de materiais nas aulas. STEG sae entón á palestra pública para esixir que a Consellaría aclarese cal era a postura a adoptar polo profesorado nos centros con respecto á reprodución de materiais audiovisuais con fins educativos, que fose ela quen garantise, de ser precisa, unha cobertura legal ao respecto e que asegurase o libre acceso do profesorado a tódolos recursos que se consideren necesarios para levar a cabo o seu labor nun ensino público, universal e gratuíto.

Nova Marcha da Dignidade sobre Madrid, o 21 de marzo, con participación do STEG na columna galega.

STEG denuncia os recortes e as demoras inxustificábeis na implementación dos contrato-programa.

STEG abre nova sede na Coruña, que se suma ás existentes en Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense.

Morre Eduardo Galeano, en abril.

Morre María do Carmo Kruckemberg, en maio.

Morre o biógrafo de Cabanillas e activista cultural Luís Rei, en agosto.

En abril editase o quinto número de AULAS LIBRES, con artigos, comentarios, ilustracións, textos e opinións de Sonia Fernández Casal, Marian Moreno Llana, J. C. Costoya, Emilio Xosé Insua, Lucía Flora López Pérez, Concha López, Carme Moure, Adela Guinarte, Susana S. Aríns, Isabel González Avión e Raquel Miragaia.

STEG celebra o 17 de Maio cunha festa en Lugo, con música, teatro e contacontos.

Campaña do STEG, con outros sectores da comunidade educativa, polo boicot os días 27 e 28 de maio á reválida de 3º de Primaria. Arredor do 50% do alumnado dos centros públicos galegos non a realiza.

O STEG rexeita as novas ordes que regulan o fondo solidario e as axudas para a adquisición de libros de texto en Primaria e na ESO, acusando á Consellaría de non querer garantir o acceso universal aos libros de texto e de cargar con máis traballo burocrático ás direccións dos centros.

Renuncia, para se candidatar nas eleccións municipais, o conselleiro Jesús Vázquez e demiten, para entrar no equipo de expertos da OCDE, o ministro José Ignacio Wert e a súa secretaria de Estado Monserrat Gomendio Kindelan, principais artífices da LOMCE.

O STEG entra por vez primeira na súa historia no ensino universitario e obtén tres representantes no Comité de Empresa do PDI da Universidade de Vigo. O día 24 de xullo constitúese ese novo Comité e tanto a presidencia (Ángel Rodríguez Gallardo) como a secretaria do organismo (Adela Sánchez Moreiras) recaen en persoas do STEG.

O STEG súmase á campaña contra a aprobación do TTIP (Tratado Transatlántico de Comercio e Inversións).

Durante o verán, tractoradas en numerosas localidades galegas en defensa dun prezo mínimo para o leite.


O 5 de xullo celébrase un referéndum en Grecia. O 61'5% vota NON ás condicións de rescate formuladas pola UE, o FMI e o BCE. Semanas máis tarde, porén, o goberno de SYRIZA acepta outras condicións igualmente durísimas para o axuste económico e social. Crise e ruptura en SYRIZA. O 20 de agosto Alexis Tsipras demite como primeiro ministro grego.

Encontros e xuntanzas diversas para articular unha candidatura galega unitaria nas eleccións xerais previstas para decembro.

Eleccións “plebiscitarias” en Cataluña, o 27 de setembro: cun 77'4% de participación, a candidatura Junts Pel Sí obtén o 39'57% dos votos e 62 escaños; a CUP, o 8'21% dos votos e 10 escaños; Ciudadanos, o 17'91% dos votos e 25 escaños; o PSC, o 12'72% dos votos e 16 escaños; Catalunya Sí Que Es Pot, o 8'93% dos votos e 11 escaños e, por último, o PP acada o 8'5% dos votos e 11 escaños. Unió Democràtica de Catalunya, co 2'51% dos votos, fica fóra do Parlament. A posición independentista obtén por xunto o 47'78% do total dos votos.

VIII Congreso do STEG os días 23 e 24 de outubro, en Ourense, baixo o lema: “25 ANOS DEFENDENDO O ENSINO PÚBLICO GALEGO. UN PRESENTE PARA AVANZAR”.

Edición dun número especial de AULAS LIBRES e celebración do 25 aniversario do nacemento do STEG.



Antonio Veloso

breve historia da asime (asociación sindical independente de mestres)

Era setembro do 84. Tres mestres – Felisindo Nóvoa *Félix*, Xan Gil e mais eu – coincidimos no colexio de Medeiros (Monterrei-Ourense). Eramos mestres de EXB.

Félix e Xan, e tamén eu, pasamos pola Universidade e penso que algo de “pouso” deixara en nós. Eu tamén estivera na Universidade Laboral de Ourense como profesor. Era aquela unha etapa convulsa nas Laborais, que dependían do Ministerio de Traballo. Recordo aqueles anos con folgas continuas (por certo, que non nos descontaban na paga, porque o dereito de folga como tal non existía), recursos nos tribunais, ameazas por parte da xerencia (que non era docente), traída de profesorado doutros centros para examinar (nós retrasabamos as avaliacións ao límite).... Á fronte de todo aquel movemento estaba Braulio Amaro, que logo chegaría a ser responsable da CIG-Ensino e de quen aprendín moito, aínda que tiñamos ideas distintas. Apunto estes datos porque penso que foron decisivos na futura aparición de ASIME, na medida en que aprendín que aquilo do sindicalismo podía ser algo bo.

Neste contexto, a miña aterraxe na EXB en Medeiros foi toda unha sorpresa e decepción. Descubrí, xunto con *Félix* e Xan, un profesorado terriblemente acomodado, sen ilusión nin perspectivas, que non tiña interese ningún en reivindicar os seus dereitos... Aquilo tiña un certo aire depresivo.

Entre *Félix*, Xan e mais eu estableceuse pronto unha moi boa relación e coincidimos na análise da situación. Por outra banda os sindicatos reinantes pasaban totalmente da EXB.

Nese contexto foi nacendo a posibilidade da creación dun sindicato que ilusionase os mestres, pois considerabamos que era o colectivo do ensino que estaba totalmente desprestixiado, sen ilusión nin dereitos. Nese senso, a comparación que a min me era fácil establecer polo meu paso pola Universidade Laboral, arroxaba un saldo nefasto en contra da EXB. Eran dous mundos que non tiñan nada que ver.

Por outra banda contabamos con moitos amigos, mestres, sobre todo xóvenes, aos que estabamos seguros que lles gustaría a idea... E puxémonos mans á obra: empezamos a falar cos amigos, deixáronos un pequeno local cun número de teléfono dunha academia... e a idea foi calando...

Pero o que lanzou definitivamente para adiante a nosa ilusión foi o seguinte: en Ourense os mestres provisionais tiñamos que elixir praza nos primeiros días de xullo, abríndose un segundo prazo nos primeiros días de setembro, co que se producía unha evidente inxustiza: moitos dos mestres que non acadaban praza en xuño, porque non as había, pasaban para a quenda de setembro, obtendo prazas moito mellores ca os últimos de xuño, tendo estes últimos unha puntuación superior. Recordo aqueles momentos como algo épico: as autoridades no estrado do salón de actos da Delegación Provincial de Educación e cheo completamente dos mestres que tiñan que escoller praza. Diante da sorpresa de todos, *Félix* e mais eu subimos ao estrado e, despois de explicar os motivos, solicitamos que abandonásemos o salón e que viñésemos pedir todos en setembro. Alí houbo de todo: ameazas da administración, coma que ían adxudicar as prazas de oficio; intervención dalgún mestre a favor da administración, etc... Pero os mestres, entre aplausos e, diante do estupor das autoridades e tamén dos representantes dos demais sindicatos, foron saíndo do salón ata quedar completamente baleiro. Minto, a un mestre, o único que quedaba dentro, houbo que sacalo case arrastro, ese mestre militou despois en ASIME e hoxe é afiliado do STEG. Estou convencido de que aquel feito representou un antes e un despois para o ensino ourensán, sobre todo para o que hoxe se chama “corpo de primaria”, polo que supuxo de “toma de conciencia” dos demais sindicatos sobre a penuria na que estaba a EXB.

Pero ese mesmo día a nosa inexperiencia fixo acto de presenza na planta baixa da Delegación de Educación: practicamente todos os provisionais pedíannos fichas para afiliarse e nós, ilusos, dixémoslle a todos que só afiliariamos se tiñamos uns bos resultados nas primeiras eleccións que estaban a caer (finais dise mesmo ano 87). Foi un erro que pagamos moi caro. A partir dise feito, os demais sindicatos espertaron e puxeron a súa maquinaria en marcha, saíndo á caza do afiliado, sobre todo CC.OO., que se deron conta que aquel era un eido (a EXB) totalmente virxe que se debía explotar... E pisáronnos o terreo... Nós esperabamos... cando os outros xa andaban na caza.

A finais de agosto presentamos o sindicato coa cobertura de tódolos medios ourensáns, que nos dedicaron grandes espazos. A nosa intervención na Delegación tivera ampla repercusión no eido educativo ourensán...

historia viva do steg

A partir de aí puxemos mans a preparar as eleccións, dedicando moitas noites a redactar o programa, facer fotocopias, chamar amigos que nos axudasen... Por suposto non había un can, pero as fotocopias tampouco eran moi caras... e a ilusión dabondo.

Nese curto espazo de tempo entre a presentación do sindicato e as eleccións, conseguimos unha importante presenza nos medios de comunicación, con titulares que chamaban a atención como: “El nuevo sindicato ASIME dice que la actuación de la Delegación es vergonzosa”. Ao mesmo tempo sucedíanse as chamadas “á orde” do delegado provincial.

Como sinalamos antes, a finais do 87 celebráronse no ensino as primeiras eleccións sindicais. Conserve un pequeno folleto propagandístico que aínda hoxe ten vixencia. Entre outras cousas apuntabamos:

- Rematar coa eterna provisionalidade
- Transparencia nos concursos de méritos
- Xornada escolar igual para todo o ensino non universitario
- Esixir persoal non docente
- Supresión das comisións de servizos
- Non á carreira docente
- Formación permanente do profesorado en horario non lectivo

-

DESPERTEMOS XA..., XUNTOS PODEMOS

Disto hai case trinta anos e as cousas non cambiaron moito..., nin no de “PODEMOS”...

Os resultados electorais, a pesar da nosa “inocencia”, foron obxectivamente moi bos, e iso que non contabamos con ningúns medios materiais e moi poucos humanos, pois pouquísimos compañeiros podían ir polos colexios. Ademais, só nos presentamos no que entón era a EXB. De feito conseguimos dous delegados, coido que os mesmos que CC.OO. e FETE e un mais cá CTXG, que entón comandaba o ínclito Manuel Dios.

Logo viñeron as conversas co Movemento de Mestres de Pontevedra e Lugo e, posteriormente, o Congreso de Poio, no que naceu o STEG. Polo medio moito traballo, pero tamén moita, quizás demasiada, filosofía, demagogia, reunións interminables, desexos inconfesables e inconfesados e tamén... moitas boas vontades.

unha conversa con José Ramón Gavieiro Costa, gavieiro

Di Collingwood que o pasado, coma tal, é de todo punto “incognoscibel” e engade o lucense Miguel Anxo Murado, falando do paradoxo do detalle, que os textos vagos, corrixidos, copiados ou modificados son a cruz dos historiadores; pero aínda o son máis as documentacións que se presentan como exactas, “pois co tempo vaise descubrindo que a exactitude pode ser un disface”.

Afortunadamente, con pertenceren ao pasado os feitos que imos relatar, nada do anterior ten que ver con José Ramón Gavieiro Costa, mestre e sindicalista dos chamados históricos, que durante os anos setenta, oitenta e aínda noventa pelexou polos dereitos das traballadoras e traballadores do ensino, cando a situación do noso colectivo distaba moito, aínda e con todo, da que hoxe temos. E como queira que á súa idade aínda conserva unha prodixiosa memoria, servímonos da súa xenerosidade e boa disposición, para sabermos máis das orixes do sindicalismo no ensino na Galiza. Para tal fin, recibimos a súa visita na sede do STEG en Lugo, e abusando do seu tempo disfrutamos do seu relato ameno, fiel e agradábel que tentaremos reproducir, con máis ou menos pericia, a seguir.

José Ramón naceu hai setenta e sete anos en Palas de Rei e comezou a traballar como mestre interino no ano mil novecentos sesenta e sete, sendo o da Chanca en Lugo capital o seu primeiro centro de destino. Europa e o mundo decorrían convulsos: Estados Unidos, a Unión Soviética e o Reino Unido firmaban o tratado do Espazo exterior, América Latina seguía a vivir unha época escura e incerta, en París xestábase o que ao ano seguinte viría e o NODO no Estado informaba das bondades de Vilalba e as súas xentes, coa apertura do “Hospedaje de los Condes de Villalba”, hoxe coñecido como Parador Nacional, “pues hospedarse entre sus piedras es un lujo, es vivir entre historia y esto es un encanto para el erudito, y aún para todos aquellos que no lo son”.

No ano mil novecentos setenta é destinado ao Bierzo, en Toral de Merayo preto de Flores de Sil, a escasos quilómetros de Ponferrada. Lonxe da súa familia, José Ramón desenvolve a súa actividade docente e ao pouco, en Vilafranca do Bierzo compaxinará o seu traballo na escola co da Secretaría da Área de Educación do Concello, co cometido fundamental de tramitar nomeamentos e ceses.

É a partir de aquí onde comeza o seu interese e curiosidade polas condicións laborais dos mestres e que prefigura o perfil do líder sindical que anos despois estaría fadado a ser, pois recibe do seu predecesor nestas tarefas un cartafol cheo de documentación, recortes de revistas de ensino daquel tempo, lexislación, apuntamentos... Xa non hai marcha atrás. Este ficheiro acompañará a José Ramón até o día de hoxe, e irá medrando co tempo (ao xeito daquel conto do Borges, o do Libro de Area), incorporando nel, metodicamente, todo tipo de documentos, modificacións lexislativas, novas de prensa e moitas outras anotacións de interese.

Así que logo destes anos de docencia e indagación documental por terras Ponferradinas, José Ramón volve a Lugo mediada a década dos setenta, preto da súa familia. É o tempo do SEM (Sindicato Español de Magisterio) e da súa publicación periódica *Magisterio español*, onde da conta de moitas problemáticas e solucións ás mesmas; é tempo tamén do Sindicato Vertical e é por estes anos setenta e cinco e setenta e seis cando ten lugar unha importante folga de traballadoras e traballadores de EXB, na que reclaman melloras salariais, pois por aquel entón non existía aínda a figura do Complemento. Froito destas mobilizacións conséguese unha suba de sete mil pesetas e, segundo José Ramón, “a mellora foi moi notable, case o dobre do soldo”(por aquel entón o soldo dun mestre promediaba as seis mil pesetas).

Outro dos temas que preside as reivindicacións é o da “adicación exclusiva”. Nun tempo onde a desinformación de boa parte dos traballadores era notábel en relación aos seus dereitos, José Ramón, de paseniño, vaise convertendo nun referente para moita xente do ensino en Lugo, pois “eu sabía de onde viñan as cousas, recibía chamadas, nin o teléfono lles din... Pero a xente buscábao e chamábante por unha cousa, pola outra...”

Neste contexto e aínda na década dos setenta, xéstase a UCSTE. Xa daquela había outros sindicatos que se constituían de forma libre e “hai unha reunión que da lugar á Confederación, á UCSTE finalmente... Había un par de reunións ao ano en Madrid, eu fun algunha vez. Naqueles congresos chocaban as ideas unhas coas outras, pero sempre resultaba positivo”.

O relato de José Ramón agroma áxil dos vestixios intactos da memoria e volve de novo á orixe, “porque daquela era o EXB, o Maxisterio estaba discriminado, o peor pagado con diferenza da Función Pública, isto é a orixe”, apunta, “e a segunda folga durou case un mes, estamos a falar dos oitenta e súbese o salario a dezaioito mil vinte pesetas, daquela a policía secreta era a mellor pagada, e pasamos por riba deles”, engade, entre o sorriso e a nostalxia. “A defensa do Corpo era a que nos levaba a seguir. Logo máis tarde, xa entraron influencias máis políticas doutras organizacións e as cousas colleron outro cariz, pero a nós o que nos movía eran as condicións de traballo de traballadoras e traballadores, da afiliación. Iso era o que nos movía. E malia que houbo ocasión, eu non me decantei por opcións políticas, que para min é un dos problemas, malia que calquera persoa é política, dun xeito ou doutro. Pero o que pasa é que moitas veces a defensa do propio traballador queda embaixo do interese político que a patrocina. Esa idea non vai collido”.

Antes de abordar a seguinte década e a chegada das primeiras eleccións sindicais no ano oitenta e sete, José Ramón fai memoria, ao falar da educación: “así a todo, algo avanzáramos, a Lei de Villar Palasí do setenta tiña moitos aspectos positivos, para o tempo en que se fixo”.

E a continuación, xa en plenos anos oitenta, José Ramón bota memoria da súa actividade: “eu facía este traballo sindical, pero eu estaba a gusto indo a traballar ao meu centro a Monterroso, sentíame ben alí, o centro sempre foi o meu sitio,

isto facíao a maiores, obviamente nalgúns momentos precisei horas para levar adiante as outras cousas, pero a min gustoume sempre o traballo de mestre”.

A conversa vai chegando ao ano mil novecentos oitenta e sete, ano en que se celebran as primeiras eleccións sindicais e di José Ramón que “non che era coma hoxe, ou era parecido, porque había moi pouca xente que quixera ir nunha lista. Os activistas si, pero o resto... Non che estaba a xente pola labor. Así que cos compañeiros daquel tempo, e xente de confianza de cadaquén, íamos compoñendo as listas como se podía”.

Celébranse os comicios do ano oitenta e sete e a UCSTE obtén tres delegados, dos que por vía telefónica nos informou José Ramón, con máis rapidez e pericia có propio Arquivo Histórico Provincial, logo das pescudas infrutuosas no Arquivo de Actas de Eleccións Sindicais, no Arquivo da Xefatura Provincial e mesmo no arquivo memorístico dos responsábeis doutras organizacións sindicais, “e sacamos tres, si, e por aquel tempo houbera a famosa reunión, por parte dalgúns afiliados da UGT, que estaban dobremente afiliados, daquela era doutro xeito, primeiro houbo unha pequena reunión no noso local, onde se fala da conveniencia de ir doutro xeito e que se ían conseguir máis así... E que se o sindicato ía conservar as súas siglas... I eu dixen: isto en principio vale, pero haberá que reunir os afiliados, explicarlles o que se vai facer.... Encheuse o salón do Edificio de Sindicatos. E houbo bastante polémica: había xente que non estaba dacordo, discutían... Eu pensei: o sindicato acabouse, porque o absorbe a UGT. Falaban de ir eu na lista... Pero collín e dixen: comigo non conteis, porque dadas as circunstancias, a UGT é unha opción e nós somos outra distinta e a partires de agora, disto olvídomo, acabei. Marcho prá casa. E marchei.” Posteriormente recibiu chamadas onde se lle convidaba a participar, pero xa non había atrás.

E xa cara o final do interesante relato de José Ramón aparece o inicio do que logo será o STEG e as eleccións do ano oitenta e oito, e os movementos do oitenta e nove, que derivarán na aparición do STEG en Lugo no ano mil novecentos noventa: “houbo unha reunión en Lalín do STEG, houbo ser despois do oitenta e sete, xa era oitenta e oito, oitenta e nove, eles en Pontevedra xa tiñan moita forza, pero dalí aínda non saíu nada, foi despois. En Ourense había xa movemento tamén e en Lugo despois houboo e menos mal. Algunha vez dicía algún compañeiro: se non fora por Gavieiro, non estabamos aquí. Eu daquela xa estaba apartándome da cuestión e se aínda botei unha man foi por respecto e lealtade a un amigo, díxennlle: mira, fai o que queiras, eu vouche axudar, pero se non vas ti, eu non entro en nada. E axudeille”.

O pasado non ofrece leccións. Coma os malos asesores, deses que hai a presadas polos edificios gubernamentais, dinos o que queremos que nos diga en cada momento.

A historia non é unha *magistra vitae*, unha mestra da vida, como pretendía Cicerón, nin pode selo. Pero si hai mestres que botaron parte da vida, como José Ramón Gavieiro Costa, tentando construír un ensino máis xusto e mellor, que pasa inequivocamente por defender os dereitos e condicións de traballo das súas traballadoras e traballadores. E tócanos aos que vimos, coñecer e saber do que foi, do que é e do que puidera ser.

steg, de sueños cumplidos

Veinticinco años es casi una cifra mágica. Un cuarto de siglo repleto de trabajo y de ilusiones, de desengaños y de derrotas, de tristezas y de alegrías...

Otro veinticinco, esta vez de mayo de 1990, se reunía en Poio el primer congreso de STEG. Se ponía la primera piedra de un proyecto que, por fin, avanzaba en la construcción de un único sindicato gallego, democrático, autónomo y asambleario; y también confederal. Sólo unos días después, en Madrid, se constituía la Confederación de STEs, heredera de los antiguos movimientos asamblearios de la enseñanza que se iniciaron en los primeros años 70 del siglo pasado, unificados bajo las siglas de UCSTE (Unión Confederal de Sindicatos de Trabajadores de la Enseñanza), que en 1984 eligieron caminos diferentes, unos en un congreso en Guardamar (que heredó las siglas UCSTE), otros en un congreso en Marbella (dando lugar a STEC). Un modelo y dos confederaciones que habrían de transitar en solitario durante seis largos años en una peculiar travesía del desierto del sindicalismo autónomo, asambleario y confederal.

El STEG, la nueva fuerza sindical gallega, heredaba en 1990 años de luchas y de movimiento sindical organizado. Los primeros años de los setenta habían sido especialmente activos en Galicia, primero con las movilizaciones de 1973 y, especialmente, de 1976. Después de una reunión de representantes del profesorado de todo el estado celebrada en Madrid el tres de enero de 1976, el día 23 el 90% del profesorado de Pontevedra comenzaba una huelga contra el decreto de plantillas que preveía la fragmentación del profesorado de EGB en diversas categorías y que rápidamente se extendió a todo el estado. Sólo unos días después, el siete de febrero, se constituía en Madrid una coordinadora de representantes de diferentes territorios que sería el germen de la estructuración del futuro sindicalismo en la enseñanza.

De aquellas movilizaciones y de la experiencia acumulada nacería el Movimiento de Maestros de Pontevedra, SPEXBATE, SGTE... pioneros en el sindicalismo gallego y pioneros, también, en la articulación del sindicalismo confederal que marcó el discurso, la estructura y la forma de trabajo del modelo sindical de la enseñanza de una manera tan profunda que, aún hoy, después de casi cuarenta años, sigue impregnando el sector educativo, confiriéndole un escenario singular entre el sindicalismo del resto de sectores.

Los sindicatos gallegos fueron claves en la configuración de la UCSTE y también lo volvieron a ser en la obtención de la representación necesaria cuando, por fin, en 1987 se celebraron las primeras elecciones sindicales de la enseñanza a las que concurrieron separadamente UCSTE y STEC. Al STEC no le fue reconocida administrativamente su representatividad por presentarse con las siglas de cada sindicato territorial, y a la UCSTE sí, gracias a las decisivas delegadas y delegados de Lugo, donde no se había constituido formalmente el sindicato e improvisamos una lista con las siglas UCSTE-Lugo. Como anécdota, recordar que a principio de los años setenta una de las primeras reuniones estatales de coordinación de los grupos que representaban las ansias de cambio en la educación (asociaciones de antiguos alumnos, asociaciones católicas, de

renovación pedagógica...) se reunió en el exclusivo Casino de Pontevedra, el mismo lugar donde meses después se clausuraría el primer congreso del Movimiento de Maestros de Pontevedra.

La composición de los diferentes STEs tuvo diferentes nutrientes en cada territorio y constituyó una sólida mesa asentada sobre diferentes patas. Así, una recogió el movimiento progresista y renovador de la enseñanza, otra le confirió un funcionamiento autónomo y asambleario, otra le aportó una visión social y de clase y, por último, una visión nacional al tiempo que confederal, de fuerte enraizamiento en cada comunidad. Este proceso no fue lineal en todo el estado y, según las características sociales de cada territorio, las diferentes patas sobre las que se asentó el modelo se desarrollaron en mayor o menor medida, constituyendo hoy día la Confederación de STEs-I unos sindicatos asimétricos en cuanto a su representatividad e implantación sectorial.

A lo largo de los años hubo muchos intentos de segregar ese fuerte componente aglutinador intentando desarrollar, casi en exclusiva, una de esas patas que aportaban solidez a la estructura. Así, los diferentes STEs padecieron numerosos embates para hacerse con una parte de esa riqueza sindical acumulada. Muchas veces lo intentaron y no lo consiguieron, pero otras veces sí.

En ese marco, con la reunificación de la Confederación y la constitución de STEG se inició en Galicia un camino nuevo, con momentos de entusiasmo y también de desilusiones. Algunas personas que participaron en su nacimiento sucumbieron a los cantos de sirena y abandonaron el proyecto porque dudaban de su viabilidad y porque creyeron que era mejor engrosar otros modelos de sindicalismo, aparentemente más fuertes, aun a costa de renunciar a elementos claves del modelo, como su carácter confederal o a sustituir el funcionamiento autónomo y asambleario por otro más centralizado, piramidal y dependiente. Pero hubo otras muchas personas que no renunciaron a sus sueños y lucharon por hacerlos posibles.

Han pasado veinticinco años y es un buen momento para reflexionar con los protagonistas de esta feliz historia. A todas ellas las recordamos con alegría, a las que nos dejaron y a las que se quedaron. Pero en especial a estas últimas que, veinticinco años después, pueden comprobar con enorme satisfacción que ese sindicalismo global, complejo y completo con el que soñaron ha cumplido veinticinco años de vida y que, si como dice el tango, "veinte años (o veinticinco) no es nada" va a seguir trabajando por otros veinticinco con el convencimiento de que los valores con los que ha pervivido desde hace más de cuarenta años continúan vigentes y llenos de vida y de sueños que hacer realidad.

as mulleres do sgte

Non resulta doado, así de súpeto, facer un balance dunha chea de anos de actividade, de emocións encontradas, complacencia e cabreo, anos de loita, algúns recoñecementos, alegría por veces e sufrimentos tamén. Recolléronse froitos? Iso terán que dicilo as novas xeracións de mulleres e tamén os homes.

Pola miña parte, hei de confesar que tal como está o mundo, en retroceso de dereitos, non son optimista a curto prazo porque, quen se atreve a falar de igualdade? Cantas análises da chamada “crise”, unha maneira eufemística de poñerlle nome á ofensiva feroz do capitalismo neoliberal, se fan con perspectiva de xénero? Cal está sendo a repercusión da desaparición imparable dos servizos sociais para as mulleres? Cada vez que se suprime persoal e recursos de atención á lei de dependencia, dos organismos encargados de loitar contra a violencia de xénero, dos centros de información ás mulleres... o primeiro e máis afectado é o colectivo feminino. Quen fala a esta altura da fenda salarial entre homes e mulleres? Quen se atreve a presentar nos convenios colectivos unha táboa reivindicativa específica para as mulleres? En que organizacións e centros de traballo se están a elaborar ou a cumprir os plans de igualdade, se existen, previstos nas leis? Nas cifras que dan conta da diminución de varios milleiros de persoas do funcionariado nos últimos anos, cantas mulleres se contabilizan? Cal é a repercusión nos fogares das inhumanas cifras de paro? Como lle afectan as mulleres, directamente no seu emprego ou no aumento da violencia machista? Moita declaración rimbombante da loita contra esa “lacra” da violencia machista (non aturo a palabra), mentres non se combate a desigualdade de xénero e se denigra ás mulleres en anuncios, programas televisivos, videoxogos, desconsideranse as nosas achegas históricas ao benestar da humanidade, séguese a usar o masculino xeneralizador e as feministas somos tachadas de “radicales” e condenadas ás tebras exteriores á maneira bíblica. E así, *ad infinitum*.

Diante deste panorama, que alguén pode tachar de apocalíptico, recobran vixencia, se algunha vez a perderan, as organizacións de mulleres que, produto dunha suposta situación de igualdade, se consideran guetos. Ata cando haberá que explicar que os colectivos se organizan para responder a un problema, que non son, que non somos un problema? Ás veces, cando acudo á chamada dun grupo de compañeiras afiliadas a partidos de esquerda e, diante das queixas que formulan, ánimoas a que se organicen pola súa conta, inevitablemente xorden voces en contra: non podemos prescindir dos homes, din; hai moitos homes defensores da igualdade, argúen. A resposta é inmediata: Onde están? Que fan cando acontece o que estades a relatar? Claro que hai homes, non tantos como se supón, que están a favor da igualdade, sempre os houbo, igual que hai persoas “brancas” que apoiaron e apoian a loita antirracista, pero o liderado, a organización corresponde ao colectivo discriminado. Despois, ou ao propio tempo, benvidas sexan as axudas e a solidariedade de persoas e colectivos, pero a iniciativa ten que partir de quen sofre en propia carne a desigualdade.

Todo isto vén a conto dun debate que se levou nos STEs e no propio SGTE no seu momento, acerca de necesidade de convocar plenos de mulleres e organizar secretarías da muller e actividades específicas para mulleres. Os argumentos eran semellantes aos que acabo de enumerar. Finalmente, co desacordo dunha minoría, a iniciativa triunfou e institucionalizamos o que xa viñamos facendo. Desenvolvemos unha actividade febril: elaborar documentos, promover mulleres a cargos dentro dos sindicatos e da Confederación, establecer estratexias para que as nosas voces se escoitasen e se considerasen, organizar xornadas de formación, publicar materiais didácticos con perspectiva de xénero, corrixir a linguaxe sexista (escrita e oral), introducir reivindicacións específicas nas negociacións, ter representación en todos os órganos, introducir debates sobre a cuestión de igualdade neles, apoiar as reivindicacións do movemento feminista, coidar a representación de mulleres nas listas para as eleccións sindicais...

En definitiva, gañamos peso dentro da organización e traballamos na liña de introducir a perspectiva de xénero de maneira transversal na acción sindical. No meu caso, o feito de ter a responsabilidade da secretaría de organización, outorgábame unha posición privilexiada para levar adiante a tarefa. Mais non todo foi un camiño de rosas, pois tamén é ben sabido que estas teñen espiñas e nada se fixo sen loita e sen incompreensións, aínda que existise colaboración masculina. Por veces, as nosas análises ou as nosas esixencias non se consideraban prioritarias, non era o máis interesante, non era o máis urxente ou, simplemente, non se discutían e, xa se sabe, non hai maior desprezo...

Neses anos e nese camiño foron moitas as mulleres que traballaron arreo na Secretaría da Muller e en tarefas xerais do sindicato, sempre dispostas. Aínda a risco de esquecer algún nome, hei de citar a Mari Carmen Panero, Gloria Soneira, Nieves Brisaboa, Elda Álvarez, Concha Álvarez, Inma Pizarro, Carmen Doval, compañeiras de tardes interminables, que daban os seus froitos en forma de materiais didácticos pioneiros, que nos valeron o Premio Alecrín da desaparecida asociación do mesmo nome e a concesión dunha praza, por parte da Xunta de Galicia, no segundo Posgrado de Responsables en Coeducación, organizado polo Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas, en colaboración coa Unión Europea. Como anécdota, non podo deixar de facer mención a un debate que durou dúas ou tres sesións da Secretaría da Muller, acerca de se deberíamos aceptar a praza ou non. Finalmente, as compañeiras convencéronme de que era conveniente aceptar e de que eu era a persoa designada por elas. Nunca llo agradeceréi suficientemente, pois foi moito o que aprendín e aínda é hoxe o día no que me nutro de moitas das experiencias e interesantísimas achegas das mulleres docentes do posgrado, como Mary Nash, Celia Amorós, Carmen Suárez, Begoña Salas ou Cristina Carrasco e, tamén, fixen moi boas amizades que aínda conservo.

Hoxe en día, colaboro co movemento feminista de Galicia e estou situada, na Universidade de Vigo, dentro do que se deu en chamar o feminismo académico, organizando cursos e conferencias, dirixindo teses de doutoramento, traballos fin de grao e fin de master, participando en proxectos de investigación, congresos, elaborando informes..., sempre con perspectiva de xénero. Como ben dicía unha amiga: cando se poñen os lentes da igualdade, xa non hai paraxe.

historia viva do steg

sgte: unha ollada sen “melancunía”

Debo de estar facéndome vello porque non lembro os grandes fitos do SGTE tal como a min me gustaría. Vou botar unha ollada atrás polos sentimentos que tiven andando neste negocio, como seguramente vos gustará máis ao resto. Chamádelle *batallitas*, pero escoitádeas.

O xermolo do sindicato na Coruña tivo algunha reunión na cociña da miña casa; éramos catro homes decididos a montar a casa dos ensinantes progresistas, ao servizo das fondas eivas da educación en Galicia. Todos homes e con miras tan estratosféricas... o normal sería que resultase un desastre. Cicais porque estábamos nós de todo no político, no social, no sentimento nacional, en todo, que a idea dun tipo de sindicalismo tan perto da xente tivo unha acollida tremenda.

Uns poucos tolos puxémo-la idea a rodar. Teríades que ver en que condicións: visitabamos os centros coa oposición cabreada dos carcas que, con calquera desculpa, tentaban pecharno-las portas: *Temos inundado o ximnasio; non pode ser na sá dos profes porque molestades ao resto; tendes permiso da Delegación?* ¡Facíamos asembleas conxuntas dos sindicatos! Así decidíanse certas reivindicacións para colectivos moi maltratados coma Interinos ou Persoal non Docente, apertura ou peche de centros ou aulas, ou traslados obrigatorios cando aínda non había concurso.

E asistía moita xente a elas, xente que nos prestou o seu apoio en moitas ocasións. Ao cativo equipo inicial foi agregándose outra que, ou ben se afiliaba directamente ou ben botaba unha man en temas concretos. Comezaron as mulleres a darlle un pulo especial ao sindicato creando a Secretaría, introducindo a práctica igualitaria entre nós e no reparto de papeis. Como esquecer a aquela compañeira que me berraba: *“Deixa de politiquear e vai para casa, Ramón”*.

Cando conseguín o meu primeiro destino na montaña ourensá, parei nun centro de FP que tiña tres especialidades e oitenta alumn@s. Daba ao curso derradeiro de electricidade con cinco mozos e unha asignatura malchamada de Recursos Naturales, que trataba de recursos noutros países. Por outra banda no pobo comprobei que a xente non traballaba as hortas da casa. Xuntei os dous problemas e pedín prestada a horta da parroquia para ensinar a producir verduras e legumes, polo que me gañei o nome de *Coloco* (Con quen tes clase? Co loco...) e a enemistade da dirección “progre”, que advertiu á Inspección da miña desviación do programa. Despois da visita do Inspector, en vez do esperado expediente, o home marchou cunha fórmula de *raygrass* e un tipo de maceiras axeitadas para a súa finca.

Os profes hoxe non saben como era a elección de prazas para interin@s. Despois de moitas mobilizacións e de loita sindical unitaria, convocábase a todas as interin@s, de BUP ou FP, no Ximnasio do San Clemente; chamábase de un en unha e cada quen elixía a súa praza. O Coordinador (encargado da FP) agachaba certas prazas e os presentes levantábamolles outras baleiras cun aire tan medieval que lle chamábase a *Feira do Gando*. Lembro especialmente un día no que o Coordinador – chamado a elevados designios – preguntou ao compañeiro *“¿Usted que plaza elige?”* *“Pois tal como o fala, elixo El Roblecito”*. Pasada a sorpresa inicial, o rapaz conseguiu a súa praza no Carballiño...

Houbo tempos nos que, certas cousas, non se conseguían con solicitudes, papeleo ou visitas xerarquizadas ás autoridades e voltas mil: conseguíanse con bronca pura e dura. No centro de FP onde escomecei a traballar, as condicións educativas foron empeorando co tempo e a chegada de moito alumnado. O profesorado novo e os sindicatos escomezamos unha campaña de folgas e mobilizacións na rúa. Coa participación maioritaria da rapazada tivo tal repercusión que a Conse-llería non tivo máis remedio que comprometerse a facer un centro novo en terreos prestados polo Concello. Entre os profes houbo un grupo que non quería marchar do centro para ir a un barrio obreiro. No claustro onde o propuxemos unha compañeira comentou: *“No podemos irnos a ese barrio, nos pueden violar”*. A compañeira non sufriu ningún asalto e eu non cheguei a pisar ese centro.

Un problema grave foi sempre o de financiarnos. Chegamos a vender os debuxos de *Atila en Galicia* e *Galicia mártir* de Castelao; e litografías de Díos – José Luis, claro – e de Laxeiro. Como se conseguiron as deste último foi moi divertido.

Si, para min foi unha época dourada. A pesar das eivas: deixamos moi sós aos profes da privada e non tivemos compañeir@s novos que nos substituísen cando xa estábamos algo pasados. Coñecín á muller da miña vida; tamén a un grupo de xente moi interesante que este país desaproveitou. Agora, neste tempo de baixón sindical, este equipo do STEG atreveuse cun proxecto tan ambicioso como aquel. Sorte.

un algo de arrecendo

Comecei a militar no SGTE no curso 1980-1981. O núcleo organizador do sindicato eran militantes do Movemento Comunista de Galiza. Ao redor independentes e ex-militantes procedentes doutras organizacións daquel universo en ebulición que fora, nos últimos anos do franquismo e nos primeiros tempos da transición, a extrema esquerda. Eu procedía do Partido do Traballo de Galicia, federación do Partido del Trabajo de España.

No sindicato xuntabámonos dúas xeracións, a que comezara a súa actividade política na revolta universitaria compostelá de maio de 1968, e unha máis nova, á que eu pertencía, que viña de rematar os seus estudos. A universidade dos últimos anos do franquismo, e da transición, foi un núcleo de politización e radicalización para centos ou miles de mozas e mozos. En poucos meses pasabamos da despolitización a considerármonos comunistas e a lermos avidamente sobre feminismo, ecoloxía, loita pola paz, dereitos nacionais, a reivindicar a normalización da lingua galega, a falala e a escribirla.

Comecei a traballar no curso 1979-1980. Levabamos ás aulas e aos claustros o ímpeto e o desexo de mudar as cousas que levara nas manifestacións, asembleas, peches, cine-fóruns que fixeran parte importante da nosa aprendizaxe. A militancia sindical foi, para nós, natural. Todo estaba por crear. O interese das compañeiras e compañeiros era incomparable co actual, saíamos dunha ditadura e a xente quería saber e exercer os seus dereitos. Despois a marea ía devalando.

Fomos moi activas na introdución do galego nas aulas e promovemos debates entre o profesorado defendéndoo como instrumento oficial de comunicación interna e externa dos centros. Dúas innovacións distinguiron o noso labor sindical, a incorporación da dimensión feminista e a loita pola paz. Teño diante de min un dos primeiros materiais para o ensino das ideas pacifistas publicado no noso país, *30 de xaneiro día escolar pola PAZ, materiais didácticos*, publicado en 1986 por Braulio Amaro Caamaño e por min, con limiar de M^a Carmen Panero Menor e portada de Francisco Mantecón. Tamén por suposto, faciamos sindicalismo sen adxectivos. Participamos moi activamente en todas as mobilizacións en defensa de mellores condicións laborais e salariais. A máis dura, a loita pola homologación das retribucións do profesorado, 20 días de folga na primavera de 1988. Parabamos dous días por semana. SGTE e UTEG convocabamos un día máis para esixirmos que o aumento fose igual para todas as traballadoras e non ligado á antigüidade.

Non quería facer unha crónica do SGTE, só deixar no ar, algo do arrecendo que respirabamos. Eramos estraña e eternamente nov@s. Sabemos, agora, que todo é efémero e da persistencia irresistible do vento e do tempo. Saúde, sorte e adiante!



a Luís Viz, que non era sindicalista (in memoriam)

Neste curso no que o STEG cumpre 25 anos de percorrido eu inicio a miña vida como xubilado (“reformado” dinlle en Portugal), despois de máis de 39 anos de servizos, dos que case todos os vivín tendo a Luís Viz Santomé como amigo.

Vaia por diante que o seu pasamento o pasado 26 de maio fundamenta e condiciona esta miña homenaxe. Pero ninguén que o coñeceu porá en dúbida que se aínda seguise con nós tamén a merecería, se ben é seguro que el non me ía permitir que a publicase.

Cando en setembro de 1979 cheguei por Concurso de Traslados ó Colexio Público de EXB “José Fernández López” de O Porriño e tiven por compañeira de nivel a Carmiña, nada me podería facer pensar que ela e seu marido Luís, tamén mestre do Colexio, acabarían sendo un chanzo fundamental en todos os meus futuros, non só no profesional.

Foi Luís quen, nos anos oitenta, me presentou a Gustavo Chao, Goya Monteagudo, Benigno Rey, Rafa Redondo..., persoas todas do Movemento de Mestres, organización sindical de gran influencia no Corpo de Mestres da provincia de Pontevedra e da que el tamén era afiliado; aínda que, nun respecto absoluto polas miñas ideas - ou pola falta delas- nunca me propuxo que me afiliase. Porque Luís era así: brindábame a oportunidade de que o acompañase, mostrábame o seu mundo (e non unicamente o sindical), presentábame a onde el chegase, e... mañá será outro día!

Aínda así, foi el quen me trouxo ó STEG porque, informado por min das miñas intencións de afiliarme ó SGTE, contoume que SGTE, ASIME e Movemento de Mestres tiñan moi avanzadas as negociacións para fusionarse nun único sindicato. E ofreceume a posibilidade de que participase activamente dende o lado do Movemento de Mestres (do que eu xa coñecía a moita xente) no Congreso de Unificación que se celebraría en Poio.

Dese Congreso saíra a miña afiliación ó novo sindicato, e a miña participación activa nel (o que a Luís lle valía para, coa súa retransa, xustificar que el puidese “retirarse” da primeira liña).

É impresionante lembrar agora como, nestes 25 anos de traxectoria do STEG, Luís, que nunca foi un sindicalista ó uso, que - espero non equivocarme - nunca dispuxo dunha liberación sindical, sempre estivo presente en todos os pasos que como sindicato fomos dando. Pero el non precisaba dar unha charla sindical ou convocar unha asemblea, porque a súa mera presenza nun colexio xa era indicativa da presenza do STEG.

Persoa de alma libre e corazón e portas abertas; a súa cordialidade, o seu saber estar, a súa fácil e agradable conversa, fixeron que cada momento na súa compañía fose un momento feliz.

Sei que, coma min, moitas persoas - no STEG e fóra del - sempre o levaremos con nós.

Polo próximo viño, amigo...

ste que?

Foi en 1998 que entrei en contacto co STEG, de maneira fortuíta e improvisada, pero sobre todo grazas ao labor abnegado e voluntarioso de dous compañeiros aos que admiro: Xosé Luís Veiguela e Carlos Cortegoso. Non vos vou contar aquí todas aquelas peripecias que nos levaron, a min e a outras compañeiras e compañeiros de profesión e vocación, a refacer o sindicato en Lugo, implantalo na provincia da Coruña, acometer a renovación xeracional en Pontevedra e impulsalo en Ourense entrando, por exemplo, no ensino secundario.

Lembro a pregunta que fai de título deste artigo con verdadeiro pavor; era un reto enorme, como polo demais o segue a ser hoxe, tratar de introducirse no panorama sindical, explicar quen eras, que pretendías e en que te diferenciabas doutras opcións. Asentar un nome, unha marca, deixar unha impronta, conseguir que te recoñecesen pola maneira de faceres, polo estilo, polo trato..., velai o desafío. *E quen dices que sodes?, e vós estades na CIG logo?*

E todo isto, a cambio de que? Que gañábamos nós con isto? Por que ou para que o facíamos? Son as preguntas do “valeu a pena?” que probablemente poidan interesarnos a algunhas ou algúns dos que ledes isto. Pois ben, antes dicía que éramos e nos sentíamos compañeiros de profesión (ensinantes) e vocación (sindical), sentimentos que servían para estreitarmos lazos identitarios e solidariedades ideolóxicas, o que á súa vez valía para nos decidir, dunha vez por todas, a organizármolos e loitar. Ora ben, isto só chega para comezar, para iniciarte no camiño: fai falta, ademais, unha terceira vivencia, un terceiro sentimento: sentirse compañeiros de diversión. Só así, polo menos ao meu ver, se pode aguantar sen perder o ánimo e as forzas.

Co paso do tempo e dos afáns diarios, o que vai quedando é a sensación de telo pasado ben, de ter aprendido, convivido, dado e recibido. Sendo así, e tal e como o concibo, a organización medraba porque medraban as persoas, todas e cada unha delas. Cada

a nosa experiencia no steg

vez que nos identificábamos máis co noso proxecto común, o noso grao de autorrealización melloraba, o cal nos facía persoas máis plenas e capaces de conquistar a outras para a nosa empresa. O número, a expansión, a cuestión cuantitativa, viña engadida, como consecuencia do anterior.

Coido que nos tempos socio-políticos actuais, tempos nos que unha nova xeración está a achegar un novo xeito de facer política, a experiencia STEG é aínda máis relevante. Se pensamos no valor que este sindicato lle deu e lle dá ao fenómeno assembleario, á cuestión nacional, á independencia sindical, á dirección colexiada, ao consenso e ao diálogo, a explorar fórmulas novas, a procurar acordos e proxectos comúns que fuxan dos dogmas, observaremos a profunda sintonía con aquilo que en 1990 estaba aínda por vir.

E non concluirei sen unha última reflexión, ao fío do anterior, e que ten que ver con todas aquelas persoas, pouco ou nada politizadas, (no bo e no mal sentido da palabra), que pasaron polo STEG e nas que o STEG ficou. Seguramente hoxe desconectadas, porque a vida flúe constantemente, houbo no noso sindicato numerosas persoas con responsabilidades e cometidos moi importantes que eran alleas en absoluto ao mundo socio-político pero que fixeron do STEG o seu particular calidoscopio para ver e interpretar o mundo. Só teño gratas lembranzas e elevado concepto da maioría delas. A frescura que aportaban, a capacidade de traballo, a renovación ideolóxica, a claridade de ideas, a diversidade e o crisol de perspectivas e puntos de vista que lle deron ao sindicato son, sinxelamente, impagables. Hoxe, con toda probabilidade, non figuran nesta revista, nin asistiron ao noso congreso, nin virán á vindeira asemblea, pero están e estarán nun lugar moi destacado do ADN do STEG, e só con xente así este proxecto ten sentido e necesidade de ser. Amiga, amigo, saúde e noraboa, *STEs onde STEs*.

A nosa experiencia no STEG ten moitos puntos de coincidencia, comezando polo curso no que entramos a traballar para a organización.

O noso inicio dátase no curso 2005-2006 e aos dous nos *captou* a mesma persoa: Concha Fernández. O inicio do traballo no STEG viña marcado por dúas finalidades: colaborar para implantar o sindicato na circunscrición da Coruña e, ao mesmo tempo, axudar a preparar as eleccións sindicais de 2006.

A nosa relación máis directa co STEG tivo un longo percorrido de seis anos con liberación total e catro colaborando con liberacións parciais, tratando de axudar ás persoas que tomaron o relevo no traballo diario do sindicato.

A colaboración máis intensa aparece cando asumimos as responsabilidades de Organización e Acción Sindical, despois de ter traballado como responsables de sede e na Secretaría da Muller. Algunhas destas tarefas foron asumidas ben como responsables, ben como colaboracións coas secretarías correspondentes, ao deixar as liberacións totais.

Para nós o STEG foi unha fonte de aprendizaxe e unha oportunidade para o traballo político en equipo, característica, esta última, que nunca deixou de existir no STEG. Mais todo o anterior non é posible sen xente, xente da que aprendes, compartes..., polo que sempre será o mellor activo do STEG, ao que engadimos o valor de ser sempre unha voz distinta dentro do sindicalismo de ensino. Moitas veces a atención ao profesorado, posibilitando a información que lles axude, carga as vivencias no sindicato de humanidade e ilusión.

Como a xente é importante, pensamos que o coidado e valoración do traballo debe estar por riba doutros intereses e actitudes. Cremos que é un desexo de todas e todos profundizar nun sindicalismo máis democrático e participativo. Para nós isto último segue a ser a gran eiva a mellorar do noso sindicato: a implicación política das persoas que o compoñen (liberacións e afiliación). Reorientar esforzos aumentando a intensidade da ollada cara á defensa do ensino público e reducindo a intensidade da reflexión sobre a nosa propia organización, reflexión que, podendo ser necesaria, fainos esquecer, ás veces, o verdadeiro sentido da nosa existencia: a escola.

Son múltiples as experiencias que o sindicato nos permite vivenciar. Lembramos a emoción, ledicia e susto do éxito electoral do 2006. Este éxito veu precedido, no inmediato, do traballo co profesorado interino, que culminou co peche no IES Rosalía de Castro, peche no que houbo moitas noites de cansanzo e risas. Foron moitos os momentos que, a pesar do esforzo e das dúbidas, lembramos agradablemente: o traballo a prol do galego, a mesa sectorial coa nosa posición contra a orde de relixión, os éxitos no traballo de muller ...

Nas viaxes fóra do territorio galego, deixaron unha impronta fonda, non exenta de certa envexa pola forza da xente que participaba, os congresos do STES-EILAS e da FREMPROF en Portugal.

En definitiva, participarmos no STEG é unha importante experiencia vital da que destacamos os valores da amizade e da aprendizaxe.

steg: un proxecto ilusionante

Ano 1998. Nin idea de que significaba STEG.

Un bo día, chamoume Branca [Guerreiro] e preguntoume se estaba afiliado a algún sindicato. Ante a miña resposta negativa, díxome que tiñamos que falar.

Oín falar da defensa do ensino público, do asemblearismo, do laicismo...

Aquela conversa mudoume a vida durante unha boa temporada: aos dous meses, o meu nome estaba escrito nunha candidatura electoral; aos dous anos, tiña unha liberación parcial e un ano máis tarde, "dedicación exclusiva" ao STEG... Dedicación que se prolongaría ata o 2011.

Nun primeiro momento, sempre dubidas se realmente ese é o teu sitio ou non. A min, dispáronse as dúbidas en novembro do 2003. Era a primeira vez que asistía ao congreso dunha organización na miña vida e presentei unha emenda segundo a cal o primeiro obxectivo do STEG sería "... a defensa do ensino público galego, por encima de calquera interese corporativo, persoal ou sindical..." Foi aprobada por unanimidade!!

Pode que isto non pareza relevante, pero somos a única organización do panorama sindical galego que o temos por escrito, e ademais, levámolo diariamente á práctica.

Desde ese momento impliqueime a fondo nun proxecto ilusionante.

Laicismo, público, rural, coherencia, asemblearismo, galego, feminista, innovación, negociación, formación, información, participación, unión sindical, equitativo, calidade, compromiso, reivindicativo, confederación, diálogo, alumnado (sempre o alumnado primeiro), integración, diversidade, escoitar, independencia política, autofinanciamento, coeducación, debate... foron palabras que me acompañaron durante todos estes anos, palabras que identifican ese sindicalismo diferente que defendemos.

Grazas a todas aquelas compañeiras e compañeiros do STEG que me ensinaron a valoralas.

fíxenme maior mentres o steg medraba

Cheguei ao STEG por un cúmulo de casualidades, pero se o STEG chegou a min, e á provincia de Lugo onde desaparecera anos atrás, foi grazas ao traballo e a ilusión de dous compañeiros de Pontevedra: [Carlos] Cortegoso e [Xosé Luís] Veiguela. Procuraban alguén que ocupase unha liberación institucional para un sindicato cunha historia fascinante e un proxecto que encaixaba á perfección na traxectoria de militancia sociopolítica do meu compañeiro e na miña propia. Corría o mes de setembro do ano 98 e urxía presentar unha candidatura para as eleccións de decembro dese mesmo ano. Unha loucura!. Procurar un local no que abrir unha sede, animar a 27 persoas a participar na candidatura dun sindicato que descoñecían, e os afiliados da provincia sobran os dedos das mans para os contar... En fin, inventar o futuro!

E ese futuro foise facendo realidade grazas ao apoio, a ilusión e ao traballo de moitas persoas. E consolidouse o sindicato na provincia e reabriuse noutra, onde tamén desaparecera, e renováronse as que resistiron a crise, e entramos na Mesa Sectorial. E chegamos con ese xeito de facer diferente, ese outro sindicalismo posible que reivindicábamos e que fixo remover cadeiras e posicións enquistadas no sindicalismo galego. Porque somos profesionais do ensino, persoas as que nos apaixona o noso traballo docente e non sindicalistas profesionais, iso marca a diferenza.

A independencia total dos partidos políticos é outra das virtudes do STEG que permite explorar novos camiños e xeitos de facer sindicalismo. Que nos equivocamos ás veces, seguro; que pecamos de inexpertos moitas, tamén, pero equivocámonos nós; non repetimos vicariamente equivocacións doutros decididas noutros foros.

A outra cara da moeda desta frescura que nos caracteriza como sindicato é en moitos casos a perda da experiencia e da formación das persoas que van pasando polas liberacións e as responsabilidades, falta atopar o equilibrio entre a renovación imprescindible e a continuidade necesaria.

Persoalmente aprendín moito, tanto vital como profesionalmente no STEG, fíxenme maior mentres o STEG medraba. Destacaría os lazos de afecto e amizade que establecín e que continúan presentes na miña vida e tres experiencias profesionais maravillosas que tiveron lugar no tempo que estiven liberada.

A primeira, o acollemento, as ensinanzas, a tutela cariñosa e a sabedoría sindical e vital que me transmitiu Felisindo, liberado veterano en Ourense, nos primeiros tempos de total desorientación, soa nunha sede, sen saber nin por onde empezar a traballar.

A segunda, a través das responsabilidades que desempeñei na Confederación de STEs, como representante do STEG no Secretariado Confederal e como responsable da Organización de

a miña aportación

Mulleres, poder gozar do maxisterio de tantas persoas de outros territorios do Estado, coas que entendín de verdade a importancia do proxecto que nos unía, aprendín a perceber a realidade da escola galega con outros ollos, máis abertos e con máis posibilidades á fronte e, coas compañeiras, vivín realmente a sororidade feminina nun mundo tan masculinizado como é o sindicalismo, aínda que sexa de ensino e se defina feminista nos seus estatutos.

E a terceira, conseguir traballar a diario cun grupo de persoas moi distintas coas que sentín o que significa facer un bo equipo, Vero, Xoán, Gelo e Francisco, nun piso cutre, cada vez máis suxo e desordenado (para desesperación dalgún), días e días, moitas horas de traballo, de discusión, de apuros, de risas e de cañas antes de marchar para a casa. E como esta pequena familia profesional ía medrando na afiliación que se achegaba ás asembleas e compartía este espírito de verdadeiro compañeirismo, nas persoas que se liberaban para os períodos electorais, liberacións parciais e tarefas puntuais de todo tipo para o que as requiríamos, e como non, nas ceas trimestrais que se volvían citas obrigadas. En fin, traballamos moito, medramos en coñecementos e en afectos e pasámolo moi ben! Grazas STEG!

A miña chegada ao STEG foi no ano 1999. Levaba varios anos traballando como mestre substituto e interino e a verdade, non coñecía o sindicato, que en Lugo levaba anos sen funcionar. Cheguei da man de Branca [Guerreiro] e Francisco [Legaspi], persoas que como sabedes non se engurran ante os grandes retos, e reiniciar a andadura do sindicato en Lugo e despois na Coruña non era tarefa pequena.

Non me arrepiño, por suposto, de aceptar esa proposta polo seu atractivo e porque vindo de quen viña, seguro que era un reto apaiñoante como así se demostrou.

Foron seis os anos nos que estiven liberado e nun primeiro momento as miñas funcións eran atender a sede, a daquela, cativa, afiliación de Lugo, a visita aos centros da provincia, un dos traballos que máis quebradizos de cabeza me deu, pero tamén grandes satisfaccións froito das relacións persoais que establecín e dos obxectivos acadados, como foi o traballo co profesorado interino e substituto.

Tempos posteriores leváronme ao tema sociopolítico. Xa vedes, profesorado interino, sociopolítica, é dicir, de reunión en reunión. A última responsabilidade foi a de ser o responsable confederal do STEG e por suposto, formar parte dos órganos colexiados do sindicato.

Entre os trazos do STEG que me parecen máis valiosos, á luz da miña experiencia persoal, indicaría, sobre todo, a defensa sen concesións do ENSINO PÚBLICO. Para min sempre foi un acerto manterse no que representaba os nosos sinais de identidade aínda que iso impedira o crecemento, por exemplo no sector concertado ou privado. Sen dúbida no STEG non existen as contradicións que si hai noutros sindicatos.

Hai, con todo, aspectos que o STEG debería mellorar: estar preto das persoas, afiliación e profesorado dos centros, é fundamental. Evidentemente faise necesario persoal suficiente para unha boa atención, pero na medida do posible, non debemos perder esas relacións.

Pensei moito, moito, se contarvos este sentimento que vos vou contar, pero quero que o coñezades como mostra de agradecemento a todas e cada unha das persoas coas que traballei no sindicato. Todo o mundo pasa por momentos complicados na súa vida e en ocasións neses momentos, incluso se pode chegar a poñer en cuestión a credibilidade dunha persoa. Os que me coñecen xa saben de que falo e quero dicirvos que neses momentos acordeime moito das persoas que traballaron comigo e que me coñeceron neses seis anos no STEG. Lembrarme de vós, saber que sabíades quen era Xoán Valiño, era a maior sensación de alivio, de acougo que podía atopar. De verdade, de corazón, GRAZAS.

Por último, non quero deixar pasar a ocasión para animar, para tratar de facervos chegar ás persoas que agora estades máis activas, a motivación necesaria para desenvolver día a día esa, nestes momentos e ás veces, ingrata angueira do sindicalismo. Malos tempos para a lírica, que diríamos, non? Pero non podemos decaer, non podemos deixar que o sindicalismo deixe de ter sentido ou deixe de ser necesario para as traballadoras e traballadores como algúns pretenden.

O STEG é necesario.



historia viva do steg

por que afiliarse? por que liberarse?

Porque sabemos da importancia do compromiso individual na defensa do que nos interesa, ensino público poñamos por caso; sabemos que esa defensa tende a ser tanto máis efectiva en tanto ese compromiso individual se vai sumando a outros compromisos individuais para se converteren nun todo colectivo co que exercer unha maior forza sobre quen pode e debe tomar decisións. Porque só a presión colectiva leva a que as nosas demandas sexan tidas en conta máis alá que dunha forma puramente estética.

Porque só participando nun sindicato que recolla o noso modelo de ensino e que sexa efectivo na defensa do mesmo, será posíbel a defensa do ensino público. Só con iso poderemos evitar que os e as que hoxe dende o poder teiman en desmontar un ensino de calidade, un ensino democrático, un ensino igualitario, un ensino integrador, fracasen no seu intento de lei tras lei, reforma tras reforma, medida tras medida, recorte tras recorte, implantar un ensino de primeira, católico, selectivo e ata segregador, impartido nos centros privados, e un ensino de segunda, o público, subsidiario, que recolla a aquelas e aqueles que pola súa orixe, natureza ou impureza de sangue, non sexan merecentes do primeiro.

Precisamos do colectivo para defender o colectivo, para que o ensino público sexa ese elemento solidario e igualitario ao que todas e todos por sermos humanos temos dereito. Un dereito básico, inalienábel e irrenunciábel que ademais debe aportarnos as ferramentas precisas para facérmolos máis críticos, e polo mesmo, máis libres.

Por que afiliarse entón? Pois para iso, para sumar...

Mais tamén quixera tocar esa tecla que finalmente sempre está desafinada e non somos quen de lograr que dea a nota que lle corresponde: a da participación na vida sindical. Afiliámonos, pagamos unha cota e xa está. Pódese facer algo máis???

A primeira reacción que soemos ter cando nos propoñen unha liberación é rexeitala: "non estou preparada...", "é moita responsabilidade...", "non valgo para isto...", "non teño tempo...", "estou ben no centro..." .

Cando finalmente, pesando a razón que sexa, decides collela, os primeiros momentos son de vertixe; vertixe que vai desaparecendo a medida que comeza a andaina porque a partir de aí xa non hai tempo nin para sentir pánico.

E veñen reunións, e charlas, e asembleas, e Secretariados, e plataformas, e Xuntas

de Persoal, e máis reunións, e Mesas Sectoriais, e manifestacións, e roldas de prensa... e tes que aprender de lexislación, de curriculums, de feminismo, de política lingüística, de ROCs, de condicións laborais, de renovacións pedagóxicas... e rematas por facerte experta en relacións humanas, en relacións intersindicaís, en relacións institucionais, en relacións sociais, en comunicación...

Pero eu que me liberara con moito medo e coa idea de aportar, experimentei que foi o sindicato, a través da liberación, quen me aportou a min. Aprendín, formeime, ampliei as miñas relacións e vivín o ensino dende unha perspectiva absolutamente diferente.

Daquela, para que serve unha liberación? Pois para iso, para medrar... profesional e persoalmente.

eu e o steg

Ás veces, coma mestra ou mestre recalas en centros onde a Equipa directiva permite e incluso exacerba que se cren grupos entre as e os profesionais que nel traballan. Utilizando oscurantismo e tratos de favor, conseguen orientar as enerxías de cadaquén e as sinerxias globais ás distensións internas. As ananas e ananos reproducense. Estas que non poñen en cuestión o seu labor. Óptima xestión directiva ao xeito Napoleónico co “divide e vencerás”...

E ti de que parte estás?

Buscar a correcta optimización da xestión, o establecemento do óptimo funcionamento interno coa mínima enerxía e preocuparse pola mellora global da conciencia do aspecto emocional no trato, deberían ser os seus principais obxectivos. Pois esta tríada recala directamente no aspecto pedagóxico: razón de ser dos centros escolares. Así pois, coma profesional, tomar en conta se estas se cumpren ou non, tería que ser o único criterio que che levase á apoiar a súa reelección como “gobernantes” no centro. Simplemente así. Querendo e buscando profesionalidade.

Estás nun cole dos “malos” e ...

Se tes esa desgraza e optas pola responsabilidade, priorizando as nenas e nenos no teu facer diario, esforzándote e dando o mellor de ti, querendo, probando e buscando a innovación ... o teu labor educativo pode converterse nun auténtico calvario. Ao tratar ben a todas e non querer entrar na política mafiosa, para algunhas e algún este aspecto visibilízache como mártir sobre o que verquer calumnias.

E as nenas e nenos? Que rede relacional intúen?

A mesma que nos medios de comunicación trapalleiros: sistemas de relación afincados nos roles de poder, inmóbiles a pesar da súa ineficiencia. Cheos de ataques a nivel persoal carecendo de contido, patéticas acusacións sen base. A pura “arte” do sistema capitalista.

E o STEG que che ten aportado?

Sopro de aire. Contacto e comunicación directa. Sensatez. Respiro. Toma de conciencia de que outra escola non só é posible senón que é moi factible. Relacións con outras sensibilidades que tentan exercer o seu labor pedagóxico do mellor xeito posible: probando, acertando e errando. Acceso a inxente cantidade de publicacións, artigos, traballos... onde as palabras de Assmann toman sentido: “Educar significa voltar a crear novas condicións iniciais para a autoorganización das experiencias de aprendizaxe. Aprender é sempre descubrimento do novo; se non, NON APRENDER. *Educar é ir xerando continuamente novas condicións iniciais que transforman o espectro de posibilidades de afrontar a realidade*” (Assmann 2002: 61).

Tratar a cada quen como se merece, buscando xustiza social, respectando as individualidades e tendo moi claro que o prioritario son as nenas e nenos si “transforma o espectro de posibilidades de afrontar a realidade”. Porén, só somos verdadeiros pedagogos se as e os tentamos motivar, acompañando e enfrontando os retos: xerándolles verdadeira paixón e gusto polo saber.

Paralelamente debemos agasallar ás nenas e nenos amosándolles que existe outro xeito de tratarse: con respecto e tendo en conta as particularidades propias, de xeito sensible e buscando o mellor de cada un. Xa Gandhi indicou que “a verdadeira educación consiste en obter o mellor de un mesmo”. A verdadeira educación, así pois, é intrinsecamente un proceso de liberación.

Hoxe en día, a vida en sociedade implica unha loita permanente pola subsistencia: o traballo é obxecto de disputas, os lugares de privilexio parece que deben ser conquistados de calquera xeito e o diñeiro parece ser que o xustifica todo.

E onde queda a dignidade?

Amosémoslles ás nenas e nenos outro xeito de vivir. É o noso papel buscar facelos o máis libres posibles.

Por outra banda, para as coitadas e coitados que seguen movéndose nas áreas movedizas tentando facer xogos de cartas con naipes trucados de antemán... só lles desexo tempo e conciencia, que pon a cada quen no seu lugar.

Ramón Cabanillas

o sábado na escola

Cumprírase en novembro próximo o primeiro centenario da publicación en Cuba, en 1915, do libro *Vento mareiro*, de Ramón Cabanillas, de grande transcendencia na historia das nosas letras. Pareceunos boa idea sumarnos aos actos conmemorativos de tal efeméride traendo ás páxinas desta revista de traballadoras e traballadores do ensino algúns dos versos que escribiu o poeta cambadés para evocar a escola da súa infancia, no Cambados natal de finais do século XIX.

Como en agosto deste 2015 desapareceu, infelizmente, o seu máis entusiasta biógrafo, coñecedor e divulgador, o benquerido amigo e camarada Luís Rei, que se prestou no curso 2013-2014 a participar nunha das actividades de formación organizadas polo STEG (falando de Cabanillas, precisamente), queremos que a reprodución deste poema sirva tamén de póstuma homenaxe e sentido recordo ao autor de *Crónica de destellos e saudades*.

*Para o Peludo,
compañeiro daqueles tempos...*

¡Vila morta, vila morta,
aldeana e mariñeira,
na que me criei! ¡Que encanto
ten o pasado que encerras!

¡Como me vexo, inda neno
brincando sobre das pedras
da praia, rubindo ós valos,
xogando nas alamedas!

¡Vila morta, vila morta,
aldeana e mariñeira!
¡Con que vida de milagre
resurde a visión d-aquela
casa de escola, asentada
no adro, a carón da igrexa!

¡Ou paredes! ¡Ou baranda
da escaleira longa e estreita
do patín! ¡Ou ventaniñas
craras, ridoras, abertas
sobre da horta do antigo
convento! ¡Como se espella
na alma, como arrecende
o recordo, esa roseira
sempre frolida que loce
máis rosas canto máis vella!

¡Ou feitizo das lonxanas
tardes dos sábados, cheas
dun fungar barballoeiro
como un enxame de abellas!

¡Ou soído das campanas
que dende a veciña igrexa
viña a decirnos: ¡Mañán
non hai escola, que é festa!

¡Ou a leución da Cartilla
que zoaba cantareira
do “Todo fiel cristiano”
ó “Dios te salve princesa!”

Antre o branco das cortinas,
no toldo da cabeceira,
un santo Cristo na cruz
mostraba as lacras vermellas;
ó pé del, arrodeado
do ouro e sangue da bandeira,
un cuadro co rei noviño
rindo no colo da reina;
e alí, no sillón de coiro
jou santa flor de pacencia!
a imponente maxestá
daquel vello de serea
mirada escudriñadora
a ler nas almas afeita
de voz doce e repousada,
de ancha fronte descuberta,
un pai cando arreprendía,
no consello a xentileza
dun nobre, no exemplo un santo
e sempre levían na pena.

Polas ventanas, da horta
deitada ó sol, sonolenta,
rubía o cantar da ágoa
nos fondos pilóns de pedra
e os arumes dos laranxos
dos craudios e das pereiras...

[...]

Ó correr da tarde, a escola
dourábase coa amarela
luz do sol.

O bo maestro,
petando sobre da mesa,
acalaba o rechouchío
das leucións e con voz queda,
a un tempo maina e solene,
agarimosa e sinxela,
escomenzaba a espricarnos
a parábola evanxélica
do rico Epulón... quizais
fora o pasaxe da tenra
Samaritana... ou o caso
- ¡quen na historia deprendera!-
daquel fillo que deixou,
por ver mundo, a chouza leda
de seu pai e ¡malpocado!
volveu, probe e triste, a ela.

Era o silencio profundo
e a paz e calma compreta;
mais ás veces sucedía
que un feixe de bolboretas
entraba polas ventanas
sin que lle deran licencia,
revoando atolondradas
ó redor das cabezas,
e outras veces os pardales,
pousados nunha figueira,
armaban unha dos demos
cos seus chillidos.

Daquela,
os que rían polo baixo,
os que tusían a medias,
e os que berrando ¡ah! ¡ah! ¡ah!
quedaban coa boca aberta,
trocaban por un bo pouco
a escola en campo de feira.

Era xa a tardiña baixa
ó saír.

Tiña a vereda
un dourado resprandor.
Traía os cheiros da seba
o vento do mar.

Ó lonxe,
sobre das roxizas tellas,
rubía ós ceos o branco
fume da chouza paterna...

¡Vila morta, vila morta,
aldeana e mariñeira...!
¡Tardes de escola! ¡Fontiñas
de ágoas limpas e segredas!
¡Raiolas de sol dourado
na negrura da tormenta!
Nunca poderei esquecervos...

¡Meu recordo é unha roseira
que ten, frescas e arumadas,
máis rosas canto máis vellas!

datos das sedes do STEG

A CORUÑA

Avenida Joaquín Planells, s/n, Local 1752. 15007 A Coruña

Tfno.: 670-25 69 56

corunha@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO

Avenida de Coimbra nº 15. 15704 Santiago

Tfno/Fax 981-58 07 00

compostela@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h e os martes e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

LUGO

r/ Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982-24 00 66

lugo@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

OURENSE

r/ Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense

Tfno/Fax 988-25 23 23

ourense@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno.: 986-85 75 45

pontevedra@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Luns e mércores, de 17:00 a 19:00 h.

Xoves, de 18:45 a 20:45 horas.



25 ANOS defendendo o
**Ensino Público
Galego** **UN
PRESENTE
PARA
AVANZAR**

VIII CONGRESO
OURENSE 23 e 24
de Outubro 2015



STEG

Sindicato de
Traballadoras e
Traballadores
do Ensino de Galiza
www.steg.gal

**aulas
libres 5**